



PARLAMENTO
DE GALICIA




DIARIO DE SESIÓNS DO PARLAMENTO DE GALICIA

XI lexislatura
Serie Pleno
Número 27

Sesión plenaria
9 de marzo de 2021

Presidencia do Excmo. Sr. D. Miguel Ángel Santalices Vieira



CSV: BOPGDSPGDCCeYw4qsb5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



ORDE DO DÍA

Punto 1. Comparecencias

1.1 11962 (11/CPP-000043)

Do Sr. conselleiro de Cultura, por petición propia, para informar das previsións e liñas xerais de actuación do seu departamento e actuacións en relación coa evolución da covid-19

Publicación da iniciativa, BOPG nº 105, do 03.03.2021

1.2 6919 (11/CPP-000034)

Da Sra. conselleira do Mar, por petición propia, para dar conta do impacto que en materia pesqueira pode ter o acordo de saída da Unión Europea por parte do Reino Unido, así como das actuacións que se van desenvolver no futuro na defensa de Galicia nesta cuestión

Publicación da iniciativa, BOPG nº 73, do 11.01.2021

Acumúlase na anterior a seguinte:

1.3 6841 (11/CPP-000033)

Da Sra. conselleira do Mar, por solicitude dos dezanove deputados e deputadas do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, para explicar o contido e a afectación do recente acordo entre a Comisión Europea e o Reino Unido sobre o *Brexit* no sector pesqueiro galego e as medidas que prevé adoptar fronte ás consecuencias del

Publicación da iniciativa, BOPG nº 76, do 14.01.2021

Punto 2. Mocións

2.1 11786 (11/MOC-000028)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rodil Fernández, Olalla

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co impacto que está a ter para as mulleres a crise económica xerada pola covid-19. (Moción consecuencia da Interpelación nº 9382, publicada no BOPG nº 88, do 03.02.2021, e debatida na sesión plenaria do 23.02.2021)

Publicación da iniciativa, BOPG nº 105, do 03.03.2021



2.2 11850 (11/MOC-000029)**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Díaz Varela, Noa Susana**

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia en relación cos efectos da pandemia da covid-19 nas mulleres galegas. (Moción consecuencia da Interpelación nº 7604, publicada no BOPG nº 79, do 20.01.2021, e debatida na sesión plenaria do 23.02.2021)

Publicación da iniciativa, BOPG nº 105, do 03.03.2021

2.3 11854 (11/MOC-000030)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Fernández Alfonso, Ramón**

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa obtención de novas oportunidades de explotación enerxética en Galicia. (Moción consecuencia da Interpelación nº 9630, publicada no BOPG nº 91, do 10.02.2021, e debatida na sesión plenaria do 23.02.2021)

Publicación da iniciativa, BOPG nº 105, do 03.03.2021

Punto 3. Proposicións non de lei**3.1 6106 (11/PNP-000702)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Prado Cores, María Montserrat e dous deputados/as máis**

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para prestar unha axeitada atención á saúde mental

Publicación da iniciativa, BOPG nº 59, do 09.12.2020

3.2 9423 (11/PNP-000947)**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Álvarez Martínez, Luis Manuel e dous deputados/as máis**

Sobre o mantemento polo Goberno galego do funcionamento do CEIP de Baamonde, no concello de Begonte, desbotando calquera posibilidade de desafectar o centro

Publicación da iniciativa, BOPG nº 91, do 10.02.2021

3.3 10324 (11/PNP-001027)**Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Prado del Río, Paula e catorce deputados/as máis**

Sobre a elaboración pola Xunta de Galicia da avaliación do II Programa de muller e ciencia, así como sobre o inicio da elaboración do III programa.

Publicación da iniciativa pola vía de urxencia, BOPG nº 91, do 10.02.2021

3.4 11189 (11/PNP-001108)**Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Díaz Mouteira, María Sol e seis deputados/as máis**

Sobre a demanda do Goberno galego ao Goberno central da transferencia a Galicia das competencias para a xestión do dominio público marítimo-terrestre

Publicación da iniciativa, BOPG nº 101, do 24.02.2021



3.5 11376 (11/PNP-001122)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Bará Torres, Xosé Luís e dous deputados/as máis**

Sobre a demanda ao Goberno do Estado para a presentación de recurso contra a sentenza da Audiencia Provincial en relación co pazo de Meirás para defender a verdade histórica e o interese público e para evitar calquera indemnización á familia Franco

Publicación da iniciativa, BOPG nº 101, do 24.02.2021

Acumúlase na anterior a seguinte:

3.6 11414 (11/PNP-001127)**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Arangüena Fernández, Pablo e Castro Rey, Paloma**

Sobre a demanda ao Goberno do Estado para que se esgoten todas as posibilidades xurídicas para a defensa do interese do Estado, incluíndo, de ser tecnicamente posible e aconsellable, a interposición de recurso contra a Sentenza 60/2021, da Sección Terceira da Audiencia Provincial da Coruña, no relativo ao pronunciamento favorable á indemnización dos gastos realizados no inmovible pola familia Franco

Publicación da iniciativa, BOPG nº 101, do 24.02.2021

Punto 4. Interpelacións**4.1 9732 (11/INT-000569)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Torrado Quintela, Julio e dous deputados/as máis**

Sobre a política do Goberno galego en materia de atención á saúde mental

Publicación da iniciativa, BOPG nº 91, do 10.02.2021

4.2 11066 (11/INT-000642)**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Ortega Otero, Marina e Torrado Quintela, Julio**

Sobre a política do Goberno galego en relación coas persoas que se atopan en situación de soidade non desexada

Publicación da iniciativa, BOPG nº 101, do 24.02.2021

4.3 11392 (11/INT-000658)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Pontón Mondelo, Ana e dezaioito deputados/as máis**

Sobre a crise económica e social que asola a comarca de Ferrol

Publicación da iniciativa polo procedemento de urxencia, BOPG nº 101, do 24.02.2021



Punto 5. Preguntas para resposta oral do presidente da Xunta de Galicia

5.1 11958 (11/POPX-000021)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Caballero Miguez, Gonzalo

Sobre as previsións do Goberno galego respecto do mantemento dalgunha reunión cos líderes das forzas parlamentarias de Galicia para abordar a saída da crise

Publicación da iniciativa, BOPG nº 105, do 03.03.2021

5.2 11959 (11/POPX-000022)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pontón Mondelo, Ana

Sobre as medidas que vai adoptar o Goberno galego para avanzar cara á igualdade real das mulleres

Publicación da iniciativa, BOPG nº 105, do 03.03.2021

Punto 6. Preguntas ao Goberno

6.1 11160 (11/POP-001589)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

González Albert, María e catro deputados/as máis

Sobre as actuacións levadas a cabo e as previstas polo Goberno galego para evitar a deslocalización de postos de traballo de Iberdrola da comarca de Valdeorras para Salamanca

Publicación da iniciativa, BOPG nº 101, do 24.02.2021

6.2 11441 (11/POP-001626)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pontón Mondelo, Ana e dezoito deputados/as máis

Sobre os atrasos no aboamento de subvencións concedidas no marco de programas do Plan de reactivación económica

Publicación da iniciativa, BOPG nº 101, do 24.02.2021

6.3 7692 (11/POP-001007)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Francisco Rivera, Juan Carlos e dous deputados/as máis

Sobre as medidas e actuacións que vai levar a cabo a Xunta de Galicia tendentes a desenvolver o proxecto sectorial do parque empresarial de Tamagos, en Verín

Publicación da iniciativa, BOPG nº 79, do 20.01.2021

6.4 10289 (11/POP-001502)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Díaz Mouteira, María Sol e seis deputados/as máis

Sobre as ferramentas postas á disposición das administracións públicas e dos cidadáns nas Directrices da Paisaxe de Galicia para facilitar o uso e aproveitamento do territorio e a preservación da paisaxe galega

Publicación da iniciativa, BOPG nº 96, do 17.02.2021



6.5 11057 (11/POP-001574)**Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Verea Fraiz, Borja e seis deputados/as máis**

Sobre o coñecemento por parte do Goberno galego da adquisición polo Goberno central dalgún novo compromiso de apoio económico para a celebración do bienio Xacobeo 2021-2022
Publicación da iniciativa, BOPG nº 101, do 24.02.2021

6.6 11367 (11/POP-001614)**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Abelairas Rodríguez, María Isaura e dous deputados/as máis**

Sobre as razóns da Xunta de Galicia para negarse a autorizar a ocupación provisional dos espazos dispoñibles no CEIP Ramón y Cajal de Vigo, polo alumnado e persoal da Escola Infantil Municipal Santa Marta
Publicación da iniciativa, BOPG nº 101, do 24.02.2021

6.7 11946 (11/PUP-000161)**Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Prado del Río, Paula e nove deputados/as máis**

Sobre o balance que fai o Goberno galego do seu ofrecemento ás entidades locais para a asunción da xestión das axudas municipais á hostalería, microempresas e autónomos co fin de acadar unha maior simplificación e axilidade
Publicación da iniciativa, BOPG nº 105, do 03.03.2021

6.8 11950 (11/PUP-000162)**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Castro Rey, Paloma**

Sobre as previsións da Xunta de Galicia respecto do impulso dun proxecto de recuperación da memoria democrática das mulleres galegas
Publicación da iniciativa, BOPG nº 105, do 03.03.2021

6.9 11957 (11/PUP-000163)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Pérez Fernández, Rosana**

Sobre as medidas previstas pola Xunta de Galicia para afrontar a situación de mortalidade de moluscos e a previsible perda de ingresos do sector marisqueiro derivada do exceso de auga doce nas rías de Arousa, Pontevedra, Vigo, Noia e Camariñas despois dos últimos temporais
Publicación da iniciativa, BOPG nº 105, do 03.03.2021



SUMARIO

Ábrese a sesión ás dez e sete minutos da mañá.

O señor presidente comunica a inasistencia da deputada dona María del Carmen Aira Díaz (BNG) e do deputado don Xosé Luís Rivas Cruz, e das delegacións de voto na deputada dona Ana Pontón Mondelo (BNG). (Páx. 11.)

Cambio no desenvolvemento da sesión plenaria

Pregunta ao Sr. presidente da Xunta de Galicia de D. Gonzalo Caballero Miguez, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre as previsións do Goberno galego respecto do mantemento dalgunha reunión cos líderes das forzas parlamentarias de Galicia para abordar a saída da crise. (Punto quinto da orde do día.)

Intervención do autor: Sr. Caballero Miguez (S). (Páx. 11.)

Contestación do presidente da Xunta de Galicia: Sr. Núñez Feijóo. (Páx. 13.)

Réplica do autor: Sr. Caballero Miguez (S). (Páx. 14.)

Réplica do presidente da Xunta de Galicia: Sr. Núñez Feijóo. (Páx. 16.)

Pregunta ao Sr. presidente da Xunta de Galicia de D^a Ana Pontón Mondelo, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre as medidas que vai adoptar o Goberno galego para avanzar cara á igualdade real das mulleres. (Punto quinto da orde do día.)

Intervención da autora: Sra. Pontón Mondelo (BNG). (Páx. 18.)

Contestación do presidente da Xunta de Galicia: Sr. Núñez Feijóo. (Páx. 19.)

Réplica da autora: Sra. Pontón Mondelo (BNG). (Páx. 21.)

Réplica do presidente da Xunta de Galicia: Sr. Núñez Feijóo. (Páx. 22.)

Comparecencia do Sr. conselleiro de Cultura, Educación e Universidade, por petición propia, para informar das previsións e liñas xerais de actuación do seu departamento e actuacións en relación coa evolución da covid-19. (Punto primeiro da orde do día.)

Intervención do Goberno: Sr. conselleiro de Cultura, Educación e Universidade (Rodríguez González). (Páx. 24.)

Rolda dos grupos parlamentarios: Sr. Álvarez Martínez (S) (Páx. 32.), Sr. Lourenzo Sobral (BNG) (Páx. 36.) e Sr. Rodeiro Tato (P). (Páx. 39.)

Réplica do Goberno: Sr. conselleiro de Cultura, Educación e Universidade (Rodríguez González). (Páx. 42.)

O señor presidente abre unha rolda especial de aclaracións, con dúplica do Goberno. (Páx. 48.) Nesta rolda interveñen o señor Álvarez Martínez (S) (Páx. 48.), o señor Lourenzo Sobral (BNG) (Páx. 50.), o señor Rodeiro Tato (P) (Páx. 52.) e o señor conselleiro de Cultura, Educación e Universidade (Rodríguez González). (Páx. 53.)



Acumulación de dúas comparecencias para a súa exposición conxunta

O señor presidente anuncia a decisión de acumular as comparecencias que figuran na orde do día como puntos 1.2 e 1.3 para a súa exposición conxunta. (Páx. 56.)

Comparecencia da Sra. conselleira do Mar, por petición propia, para dar conta do impacto que en materia pesqueira pode ter o acordo de saída da Unión Europea por parte do Reino Unido, así como das actuacións que se van desenvolver no futuro na defensa de Galicia nesta cuestión. (Punto primeiro da orde do día.)

Comparecencia da Sra. conselleira do Mar, por solicitude dos dezanove deputados e deputadas do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, para explicar o contido e a afectación do recente acordo entre a Comisión Europea e o Reino Unido sobre o *Brexit* no sector pesqueiro galego e as medidas que prevé adoptar fronte ás consecuencias del. (Punto primeiro da orde do día.)

Intervención do Goberno: Sra. conselleira do Mar (Quintana Carballo). (Páx. 56.)

Rolda dos grupos parlamentarios: Sra. Otero Rodríguez (S) (Páx. 62.), Sra. Pérez Fernández (BNG) (Páx. 65.) e Sra. Egerique Mosquera (P). (Páx. 68.)

Réplica do Goberno: Sra. conselleira do Mar (Quintana Carballo). (Páx. 72.)

O señor presidente abre unha rolda especial de aclaracións, con dúplica do Goberno. (Páx. 76.) Nesta rolda interveñen a señora Otero Rodríguez (S) (Páx. 76.), a señora Pérez Fernández (BNG) (Páx. 78.), a señora Egerique Mosquera (P) (Páx. 80.) e a señora conselleira do Mar (Quintana Carballo). (Páx. 83.)

O señor Arangüena Fernández (S) solicita a palabra por alusións. (Páx. 87.) O señor presidente concédella e intervén deseguido. (Páx. 87.)

O señor presidente tamén lle concede a palabra, a continuación, para intervir sobre este asunto, á señora Egerique Mosquera (P). (Páx. 88.)

Suspéndese a sesión ás tres da tarde e retómase ás catro e trinta e tres minutos.

Acumulación de dúas mocións para o seu debate conxunto

O señor presidente anuncia a decisión de acumular as mocións que figuran na orde do día como puntos 2.1 e 2.2 para o seu debate conxunto. (Páx. 88.)

Moción do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D^a Olalla Rodil Fernández, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co impacto que está a ter para as mulleres a crise económica xerada pola covid-19. (Punto segundo da orde do día.)

Moción do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D^a Noa Susana Díaz Varela, sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia en relación cos efectos da pandemia da covid-19 nas mulleres galegas. (Punto segundo da orde do día.)

O señor presidente comunica as emendas presentadas ás mocións. (Páx. 88.)



Intervención dos grupos autores das mocións: *Sra. Rodil Fernández (BNG)* (Páx. 89.) e *Sra. Díaz Varela (S)*. (Páx. 92.)

Intervención do grupo parlamentario non emendante: *Sra. Prado del Río (P)*. (Páx. 95.)

As señoras Rodil Fernández (BNG) (Páx. 101.) e *Díaz Varela (S)* (Páx. 103.) *interveñen para posicionarse respecto das emendas.*

Moción do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D. Ramón Fernández Alfonso, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa obtención de novas oportunidades de explotación enerxética en Galicia. (Punto segundo da orde do día.)

O señor presidente comunica as emendas presentadas á moción. (Páx. 105.)

Intervención do grupo autor da moción: *Sr. Fernández Alfonso (BNG)*. (Páx. 106.)

Intervención do grupo parlamentario emendante: *Sr. Calvo Pouso (P)*. (Páx. 109.)

Intervención do grupo parlamentario non emendante: *Sr. Seco García (S)*. (Páx. 112.)

O señor Fernández Alfonso (BNG) intervén para posicionarse respecto da emenda. (Páx. 116.)

Votación das mocións

Votación da Moción do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D^a Olalla Rodil Fernández, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co impacto que está a ter para as mulleres a crise económica xerada pola covid-19: *rexeitada por 32 votos a favor, 39 votos en contra e ningunha abstención.* (Páx. 117.)

A señora Prado del Río (P) pide a palabra e intervén para solicitar a votación por separado dos puntos 3, 5 e 11 da moción presentada pola señora Díaz Varela (S). (Páx. 118.)

Votación dos puntos 3, 5 e 11 da Moción do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D^a Noa Susana Díaz Varela, sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia en relación cos efectos da pandemia da covid-19 nas mulleres galegas: *aprobados por 71 votos a favor, ningún voto en contra e ningunha abstención.* (Páx. 118.)

Votación da Moción do G. P. dos Socialistas de Galicia, agás os puntos 3, 5 e 11, por iniciativa de D^a Noa Susana Díaz Varela, sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia en relación cos efectos da pandemia da covid-19 nas mulleres galegas: *rexeitada por 32 votos a favor, 39 votos en contra e ningunha abstención.* (Páx. 118.)

Votación do texto transaccionado da Moción do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D. Ramón Fernández Alfonso, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa obtención de novas oportunidades de explotación enerxética en Galicia: *aprobado por 71 votos a favor, ningún voto en contra e ningunha abstención.* (Páx. 118.)



Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D^a María Monserrat Prado Cores e dous deputados/as máis, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para prestar unha axeitada atención á saúde mental. (Punto terceiro da orde do día.)

Intervención do grupo autor da proposición non de lei: *Sra. Prado Cores (BNG)*. (Páx. 119.)

Intervención dos grupos parlamentarios: *Sr. Torrado Quintela (S)* (Páx. 122.) e *Sra. Amigo Díaz (P)*. (Páx. 125.)

Nova intervención da señora Prado Cores (BNG). (Páx. 128.)

Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D. Luis Manuel Álvarez Martínez e dous deputados/as máis, sobre o mantemento polo Goberno galego do funcionamento do CEIP de Baamonde, no concello de Begonte, co desbotamento de calquera posibilidade de desafectar o centro. (Punto terceiro da orde do día.)

Intervención do grupo autor da proposición non de lei: *Sr. Álvarez Martínez (S)*. (Páx. 131.)

Intervención dos grupos parlamentarios: *Sr. Lourenzo Sobral (BNG)* (Páx. 134.) e *Sr. Rodeiro Tato (P)*. (Páx. 136.)

Nova intervención do señor Álvarez Martínez (S). (Páx. 139.)

Suspéndese a sesión ás sete e trinta e tres minutos do serán.



Ábrese a sesión ás dez e sete minutos da mañá

O señor PRESIDENTE: Bos días.

Ábrese a sesión. A orde do día está publicada no *Boletín Oficial do Parlamento*, polo que non procedemos á súa lectura.

Xustifica a súa ausencia e delega o seu voto a deputada dona María del Carmen Aira Díaz. E conforme o disposto no artigo 84.7 do Regulamento xustifica a súa ausencia o deputado don Xosé Luís Rivas Cruz e delega o seu voto para esta sesión plenaria —que o fai na deputada dona Ana Belén Pontón Mondelo—.

Cambio no desenvolvemento da sesión plenaria

O señor PRESIDENTE: E, sen máis, entramos na orde do día. Xa coñecen todos vostedes a alteración que se produciu como consecuencia do cambio das preguntas ao presidente.

Encomenzamos coa seguinte pregunta.

Pregunta ao Sr. presidente da Xunta de Galicia de D. Gonzalo Caballero Miguez, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre as previsións do Goberno galego respecto do mantemento dalgunha reunión cos líderes das forzas parlamentarias de Galicia para abordar a saída da crise

O señor PRESIDENTE: Cando queira, señor Caballero.

O señor CABALLERO MIGUEZ: Moitas grazas, señor presidente.

Hai dúas sesións de control preguntáballe ao presidente da Xunta que nos explicase que é o que aconteceu e por que se vacinou a conselleira delegada de DomusVi. Non obtivemos resposta, nin unha palabra. Na anterior sesión de control preguntámoslle ao presidente da Xunta se a Xunta de Galicia ía colaborar coa rebaixa histórica que o Ministerio de Fomento está traballando nas peaxes da AP-9, se as ía bonificar tamén dende o Goberno da Xunta ou estudar posibilidades. Tampouco respondeu. E hoxe preguntámoslle ao presidente da Xunta se, despois das declaracións que fixo, é certo que vai reunir os voceiros dos grupos parlamentarios deste Parlamento galego para dialogar, para compartir, para traballar nunha folla de ruta de reconstrución, que é máis necesaria ca nunca.

Saiba vostede, señor Feijóo, que o voceiro do PSdeG-PSOE estará na hora, no sitio e co formato que vostede queira convocar os voceiros dos grupos parlamentarios do Parlamento galego para falar dunha crise que preocupa moito aos galegos. Os galegos e as galegas están fundamente preocupados, moitos deles aterrados, ante a maior crise económica e social que vivimos nunca. A caída da produción non ten esta intensidade dende a época da Guerra Civil, os riscos para a reconstrución, os retos que temos ante a desigualdade, a xeración de bolsas de pobreza, de problemas de emprego estrutural, nunca se viron. E temos a impresión de que vostede renunciou á reactivación e á reconstrución da Galicia do futuro. Imos avanzar cara a unha nova realidade pero atopamos unha Xunta cos brazos caídos, unha



Xunta inactiva, unha Xunta que abandona unha folla de ruta de reconstrución que é máis necesaria ca nunca.

Eu quéroille dicir, señor Feijóo, que ante esta crise non podemos saír como ante a crise da gran recesión que vostede gobernou, coas políticas de recortes e de austeridade que vostede aplicou durante dez anos. Agora, cando hai un consenso distinto ante a crise de maior envergadura, a Unión Europea lidera un programa económico de acción de rescate radicalmente distinto. O ano pasado chegaron a Galicia en ERTE e en subsidios de desemprego máis de mil millóns de euros que foron aos petos dos galegos e das galegas. Este ano hai máis de 1.100 millóns de euros extraordinarios nos orzamentos da Xunta de Galicia, pero atopámonos con que, no reto da axenda 2030, nos retos da política industrial, nos retos do emprego, no reto demográfico, a Xunta de Galicia renunciou e está ausente.

Eu entendo, señor Feijóo, que é a hora de facer os deberes, é a hora de poñerse a traballar polo futuro de Galicia. Porque a reconstrución pasa por tres grandes claves. Pasa por un proceso de vacinación que, impulsado pola Unión Europea, permite ser a maior garantía contra o virus —máis de mil millóns de euros que o Goberno de España inviste en comprar vacinas para que España estea tamén nun proceso de vacinación masiva—. Un segundo reto é acertar nas restricións. Fallou a súa estratexia de salvar o Nadal, fallou tamén a estratexia daqueles que plantexaban un confinamento en outubro ou en xaneiro, e temos que traballar para unha desescalada ponderada e axeitada para reconstruír Galicia. E, en terceiro lugar, temos que falar da reactivación, dun «plan rexorde» para Galicia, que non pode permitirse perder o desafío da modernización, o desafío de gañar o futuro, o desafío de darlles esperanza aos mozos e mozas de Galicia, que, cando ven a Xunta de Galicia, non atopan unha posibilidade de traballar por eles, unha posibilidade de ter algo no que crer.

E para iso tendemos a man dende unha oposición contundente cando hai recortes en servizos sociais —contundente porque vostede destruíu moitos postos de traballo de poboación ocupada nos seus anos de goberno e contundente cando hai retrocesos en calquera tipo de aspecto que afecta as persoas— pero leal ante a maior crise. Os tempos que veñen por diante van ser moi complicados durante moitos trimestres e todos temos que estar á altura da Galicia que queremos. E para iso ten vostede a man tendida para, con carácter construtivo, participar —co formato que vostede queira— nunha xuntanza. Porque pasaron xa máis de seis meses de goberno do Partido Popular en Galicia e o voceiro do Partido Socialista de Galicia non recibiu unha soa chamada do presidente da Xunta nin houbo unha soa reunión.

O señor PRESIDENTE: Grazas.

O señor CABALLERO MIGUEZ: Con toda lealdade pedímoslle que se poña a traballar por Galicia e que busque un gran acordo de país para a reconstrución polos galegos e polas galegas.

Moitas grazas, señor presidente. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Caballero.

Resposta do presidente da Xunta.



O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): Moitas grazas, señor presidente.

Señor Caballero, creo que todos coincidimos na importancia de buscar acordos. É certo que a cidadanía escoita con frecuencia o interese por buscar acordos, pero tamén é certo que na maioría dos casos vai precedido de descualificacións e que eses acordos finalmente quedan en palabras.

No Parlamento, na Cámara, puxémonos de acordo en constituír unha comisión especial parlamentaria para valorar as distintas propostas dos grupos para a reactivación. A maioría aceptou inmediatamente esa comisión e o Goberno púxose a traballar nela.

Recordarán, señorías, que esa comisión segue actuando e que levamos tempo traballando na comisión —cinco meses, desde o mes de outubro en que foi constituída esa comisión—. É unha comisión para avaliar a reactivación económica, para seguir coas melloras da sanidade pública, para valorar a garantía dos servizos públicos durante a pandemia, para ordenar as propostas de Galicia nos fondos europeos. ¡Cinco meses, señor Caballero, con vinte e catro sesións de traballo e corenta e nove persoas comparecentes! E antes de finalizar esa comisión de reactivación e antes de concretar cales son as propostas, recibín unha carta da portavoz do BNG e uns comentarios mediáticos seus en relación coa posibilidade de xuntarnos. Vostede non me pediu ningunha entrevista, vostede simplemente fixo unhas valoracións nos medios de comunicación, que son cousas distintas. E tamén fixo vostede valoracións —vostede ou os seus compañeiros de escano— sobre quen é o xefe da oposición e quen non o é, sobre se o BNG está confundido sobre ese rol, ou sobre se lles pertence a vostedes.

Eu creo que o mellor que podíamos facer, se lles parece, sería poñernos de acordo os grupos da Cámara no formato e no momento para facer esa xuntanza. Creo que é o razoable. Temos unha comisión parlamentaria vixente, en funcionamento, que aínda non elevou o ditame á Cámara, con 49 persoas que compareceron en cinco meses de traballo, e agora ¿imos romper con todo isto para cambiar un formato que tiñamos previamente establecido? Eu creo que iso non é o máis razoable. Parece razoable avanzar nesa comisión e despois, se lles parece, poder vernos co formato que vostedes consideren oportuno. Pero, en plena comisión de reactivación económica, rachar con cinco meses de traballo, faltarlles ao respecto a 49 comparecentes e que non valla para nada a comisión, sería algo moi sorprendente.

Mire, como sabe, mañá mesmo reúnome co ministro de Transportes. Imos falar do que vostede falaba inicialmente: das peaxes. Parece ser que non entende a nosa postura. ¡Mire que é fácil! Nós non podemos bonificar peaxes dunha autoestrada estatal, xa bonificamos as peaxes das autoestradas autonómicas e por iso son as máis baixas de España. Pero vostede está encantado coa proposta de subida de peaxes —porque de momento non se baixaron— do Goberno central. A señora portavoz do BNG está francamente farta de anuncios que posteriormente non se concretan. ¿A quen lle fago caso, señoría? Todo parece indicar que o que teño que plantexar é que se faga de forma inmediata a bonificación e a diminución da peaxe, o levantamento da peaxe de Redondela e despois falar da transferencia. Esa é a nosa postura.

Mire, dentro duns meses —semanas— vai finalizar o estado de alarma. Parece razoable que pidamos unha conferencia de presidentes para concretar e administrar os tempos posteriores



ao levantamento do estado de alarma. ¿Vostedes van apoiar estas propostas, propostas sinxelas, propostas cheas de sentido común? Parece razoable, señor Caballero. Se a alarma chega á súa fin, temos que concretar como imos traballar fóra do estado de alarma e sen vacinas suficientes para a inmunidade grupal. Parece razoable, polo tanto, que falemos das cousas importantes e que nos apoiemos nas cousas importantes.

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): Se temos unha comisión parlamentaria dedicada a tal fin, deberíamos respectar este Parlamento.

Polo tanto, señor Caballero —insisto—, non teño ningún problema en falar con vostede, nin sequera en falar con vostede aínda que vostede non me pida falar comigo —polo menos formalmente—. Como comprenderá, se teño que facerlle caso a todo o que publican do que di vostede, tería un problema enorme de interpretación. Vaiamos ás fontes auténticas. A fonte limpa na que levamos traballando cinco meses está nesta Cámara. Eu proponho avanzar, concretar, pechar as propostas e reunirnos. Esa é a miña proposta.

O señor PRESIDENTE: Grazas, presidente.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): Se teño propostas distintas dos grupos, sería bo, polo menos, que os grupos se puxesen de acordo entre eles.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, presidente.

Réplica, señor Caballero.

O señor CABALLERO MIGUEZ: Señor presidente, vostede xa recúa das súas propias verbas, cando anunciou que estaba disposto a reunirse cos voceiros dos grupos parlamentarios. Doulle hoxe a posibilidade de que elixa formato, o sitio e a hora. O 8 de febreiro trasladámoslle que queríamos manter unha xuntanza con vostede como presidente da Xunta de Galicia. E o que vostede ten que dicir é se quere optar polo diálogo e polo acordo ou non o quere facer. Leva seis meses gobernando e aínda non se puxo en contacto en ningún momento co líder do Partido Socialista de Galicia. Vostede explique como quere saír desta crise, que folla de ruta ten, se é o momento de ensimismarse na maioría absoluta do PP ou se é o momento, a través do diálogo, de compartir coa sociedade civil, coas forzas políticas e co país unha reconstrución que pon en risco moito do avanzado.

E eu quérolles dicir que vostedes erraron, que errou o Partido Popular cando entorpeceu a chegada de fondos europeos a España, cando entorpeceu a asignación deses fondos cos orzamentos, e errou tamén cando votou en contra do Real decreto 36/2020. Era a posibilidade mellor para que eses fondos chegasen e vostedes obstaculizárono. E na Comisión de Reactivación todo o que fixo o Partido Popular en relación cos fondos europeos foi levar dez follas nas que seguen escondendo, a través do mutismo e do escurantismo, eses 108 proxectos que



xa vostedes ocultan, que nin tan sequera defenden porque están desnortados na política de reconstrución.

Noutros lugares, os líderes políticos das comunidades conversan e falan cos representantes da oposición para poñer os asuntos do país por riba. Pero vostede está noutras cousas, señor Feijóo, e eu entendo que o Partido Popular ten unha situación moi complicada. Xa non sabemos cal é o Partido Popular, se o PP de Feijóo, se o PP de Ayuso, se o PP que está preocupado polos sobres de Bárcenas. (*Aplausos.*) Esa é a crise que ten o Partido Popular neste momento, e por iso vostede non se dedica a dialogar e a falar co Partido Socialista de Galicia e co resto de forzas políticas parlamentarias para reconstruír o país. Están preocupados porque saben que o Partido Popular está na crise máis profunda da súa historia.

Pero aínda que estea en crise, aínda que teñan o risco do «sorpaso» da ultradereita, aínda que estean preguntándose quen recibiu os sobres de Bárcenas e que o propio presidente Rajoy estea hoxe cuestionado por todo o mundo polo que pasou, vostede ten que dedicarse a traballar por Galicia, a falar da reconstrución de Galicia. Deixe as estratexias do PP e fale dos galegos e das galegas que ven que non hai emprego, que teñen dificultades para atopar futuro, que non chegan as axudas da hostalaría. Entendo a incomodidade do PP porque, cando se mira no espello, atópase coa súa preocupación, que é o Partido Popular e a historia de corrupción. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Pero iso non é o que lles preocupa aos galegos e ás galegas, preocúpalles que vostedes non teñan o momento de falar da reconstrución... (*Fortes murmurios.*)

O señor PRESIDENTE: ¡Silencio!

O señor CABALLERO MIGUEZ: ...para non dar por perdida a única oportunidade para modernizar o noso tecido produtivo...,

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor CABALLERO MIGUEZ: ...cun caudal de fondos que non se pode desperdiciar.

O desafío de Galicia é protexer a xente ante a crise máis grave, e para iso é necesario o diálogo, é necesario o acordo, é necesario que o Partido Popular baixe do pedestal, que deixe de estar preocupado soamente por Casado ou por Bárcenas e que se reúna cos representantes das forzas políticas de Galicia para que todos poñamos o mellor de nós mesmos á hora de falar desa reconstrución.

O señor PRESIDENTE: Grazas.

O señor CABALLERO MIGUEZ: Non convertan a Comisión de Reactivación nun paripé...

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Caballero.

O señor CABALLERO MIGUEZ: ...sen alcance, sen contido, na que os fondos europeos non están sendo aclarados en función do seu proxecto.



O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor CABALLERO MIGUEZ: Os 108 proxectos que vostede formulou son unha *fake news* que ninguén coñece.

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Caballero. Terminou o seu tempo.

O señor CABALLERO MIGUEZ: Escóndense no mutismo porque non queren traballar pola reactivación e o diálogo. (*Aplausos.*) Conte co Partido Socialista de Galicia e xúntese a traballar polo país. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Señor Caballero, terminou o seu tempo.

Grazas.

Peche desta pregunta polo presidente da Xunta.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): Moitas grazas, señor presidente.

Señor Caballero, está claro que vostede o que quere é tender a man ao Partido Popular. Non hai ningunha dúbida. (*Risos.*) A vostede o que lle interesa é o acordo e o diálogo. E despois desta intervención —por se alguén tiña dúbidas— queda perfectamente confirmado e reafirmado. E tamén queda reafirmado que o señor Feijóo está en crise e o señor Caballero está mellor ca nunca. (*Aplausos.*) Está claro, señoría, que vostede ten un alto grao de autoestima, o cal a min me parece ben, porque para dedicarse á política dende a súa posición é absolutamente imprescindible.

Mire, parece que isto é unha película do oeste: «Elixa formato, día e lugar». Non, ¡pero se o formato xa o tiñamos!, tiñámolo acordado. Temos unha comisión especial no Parlamento. Compareceron 49 persoas de distintas institucións, moitas delas da sociedade civil —as que consideramos oportuno que comparecesen—. Levamos cinco meses de traballo, máis de vinte sesións. ¿Non lle parece razoable avanzar nesa comisión para despois, se fose posible, chegar a un acordo e pechar o acordo entre os líderes da oposición e o Goberno? A min páreceme razoable. ¿Párecelle ben ese formato?, ¿si?, ¿non?, ¿regular? ¿Pódese poñer de acordo coa señora Pontón e concretamos unha fórmula para avanzar nunha comisión que nos demos? ¿Ou é que o Parlamento é un paripé? ¿Ou é que vostedes propoñen comisións de estudo, comisións especiais de reactivación, e posteriormente, cando lles peta, antes de finalizalas e botándolle a culpa ao grupo maioritario por non finalizalas, vostedes levántanse e queren xa outro formato? Pois non parece que iso sexa moi serio no Parlamento. Se non, haberá que tomar a broma cada proposta que vostedes fagan de comisión.

Mire, con todos os respectos, lamento que vostede nin sequera saiba, dado que representa o Goberno cada vez que fala, que dos 108 proxectos que presentamos —que aprobamos— 44 xa están presentados nos ministerios. O 40 % de todos os proxectos *Next Generation* xa están presentados ante o Goberno central e vostede nin o sabe. ¡Como que isto é un paripé! Pregúntelles aos ministerios se é un paripé o que presentamos alí. E pregúntelles aos socios das empresas, das propostas público-privadas, se o que se presenta no ámbito do mar é un



paripé, se o que se presenta no ámbito da biotecnoloxía é un paripé, se o que se presenta no ámbito forestal é un paripé. ¡Pero de verdade que vostede vai seguir con este tipo de plantexamentos tan absurdos!

Eu pídlle, señor Caballero, que reflexione. Reflexione, porque sería bo que vostede tivese en conta algunha proposta e algún fío condutor para saber, polo menos, o que pensa e se é posible acordar ou discrepar. Pero teño que recoñecer que me ten vostede moi confundido.

Fala da importancia deste momento histórico. Sen dúbida, onte había que aprobar 11.000 millóns de euros para os sectores produtivos e non hai acordo no Goberno, e automaticamente se levanta o Consello de Ministros sen acordo. Parece ser que agora hai outro consello de ministros o venres. ¿E vostede vénme aquí dar leccións de seriedade, de rigor, na aplicación dos fondos europeos? Pero, señor Caballero, ¿non se dá conta de que xa dende o mes de abril estamos estudando como podemos repartir uns fondos e como reactivamos a economía —sen saber aínda se a Unión Europea ía aprobar os fondos—, e con persoas sensatas, prudentes, con catedráticos, con persoas que representan as empresas, coas mellores empresas do país, cun expresidente da Xunta de Galicia que se senta alí? ¡Como que isto non se fai con rigor! ¿Haberá algún rigor superior a invitar unha comisión de expertos de forma continuada, que elevaron seis documentos —algúns deles antes que o Goberno central, e que o Goberno central copiou, copiou os ERTE, copiou a liquidez...—? *(Murmurios.)* ¡Si, señoría, si! *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* ¡Ah!, ¿non? Pois se vostede cre que non, fale vostede cos expertos. Igual se sorprendería... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

O señor PRESIDENTE: ¡Silencio, por favor!

¡Silencio, por favor! ¡Silencio, señor Caballero!

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): Mire, señor Caballero, con todos os respectos, sobre a crise e o momento transcendental...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): ...da situación que vivimos, creo que vostedes deberían reflexionar.

España acaba de acreditar un incremento do paro superior ao 23 %. En Galicia non chegamos a un incremento do 12 %. *(O señor Caballero Miguez pronuncia palabras que non se perciben.)*

O señor PRESIDENTE: Señor Caballero, por favor, vostede xa interveu. Agora correspóndelle ao presidente.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): En Galicia acabamos de acreditar que as nosas exportacións baixaron un 6 %; en España, un 40 % máis, un 10 %.

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.



O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): Polo tanto, cando se fai esta comparación da situación crítica do noso país, ¡home!, debería vostede felicitar a sociedade galega, os traballadores galegos, as industrias galegas; porque aínda estando en plena crise, en plena recesión, estamos aguantando a recesión bastante mellor que o resto de España.

E, por certo, señoría, se vostede quere comparar o rigor e a unidade do Goberno da Xunta de Galicia co rigor e a unidade do «desgobierno central», quedalle para vostede ese triunfo. Pero eu vou seguir falando...

O señor PRESIDENTE: Grazas.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): ...cos ministros do Goberno. Dáme igual que sexan de Podemos ou do Partido Socialista.

O señor PRESIDENTE: Grazas, terminou o seu tempo.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): E vou seguir falando con vos-
tede se se pon de acordo vostede no que quere.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

(*Pronúncianse palabras que non se perciben.*)

O señor PRESIDENTE: ¡Está proporcional, si, si! Despois doulle os tempos se quere. Non teña ningunha dúbida sobre o tempo. É proporcional, eu procuro facer os equilibrios. Si, si, pódese comprobar. Isto queda todo gravado, niso non dubiden.

Pregunta ao Sr. presidente da Xunta de Galicia de D^a Ana Pontón Mondelo, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre as medidas que vai adoptar o Goberno galego para avanzar cara á igualdade real das mulleres

O señor PRESIDENTE: Ten a palabra a señora Pontón Mondelo.

A señora PONTÓN MONDELO: Bo día.

Señorías, acabamos de celebrar un 8M e eu quero empezar, pois, felicitando as mulleres e o movemento feminista galego polo exemplo de reivindicación e responsabilidade que deron onte. Queda claro, unha vez máis, que no día de hoxe o feminismo é o gran movemento de transformación social e que as súas propostas e reivindicacións son máis necesarias ca nunca. (*Aplausos.*)

A pandemia está incrementando a desigualdade de xénero e as mulleres foron as primeiras en perder o emprego e volver para a casa sen contrato, sen salario e sen dereitos. ¡E que dicir do teletraballo das mulleres que teñen que conciliar! É puro malabarismo. Temos aquí moitas xornalistas que saben perfectamente do que estou falando. Nesta crise, as mulleres que traballan nos sectores máis feminizados foron as imprescindibles, pero, pese a iso, as súas condicións de traballo foron a peor.



E permítanme citar algúns datos que nos deixa esta pandemia: 15.600 mulleres pasaron a realizar coidados no fogar —así é, señor Feijóo, como se suple a falta de servizos públicos que nos deixa o seu goberno co emprego gratuíto e sen dereitos das mulleres—; oito de cada dez postos de traballo destruídos estaban ocupados por mulleres; e continua a fenda salarial —4.527 euros menos de media anual—. Con estes datos, señor Feijóo, ten vostede a obriga de actuar.

Desde o BNG queremos facerlle propostas: un plan de emprego feminino —porque hai que cortar de raíz a involución que supón expulsar do mercado de traballo as mulleres e que perdan a independencia económica ligada ao desenvolvemento profesional—; é necesario traballar nun novo modelo de coidados que permita crear unha rede pública suficiente para que a conciliación deixe de ser ciencia-ficción, e tamén para que o coidado non se basee na precariedade do traballo das mulleres; hai que excluír da contratación pública aquelas empresas que teñan unha condena por discriminación —ou é necesario que se desenvolva un plan de igualdade da Xunta—, porque é increíble que o seu goberno persista en incumplir a lei precisamente cando debería de ser un exemplo de igualdade.

E remato, señorías, cunha reflexión. No ano en que moitas mulleres arriscaron mesmo a súa saúde para coidarnos vimos como se cuestiona o noso dereito a manifestarnos este 8M, tratándonos pouco menos que de irresponsables e mesmo abonando o terreo para intentar culpar as mulleres dunha cuarta onda. Esta era a mensaxe da dereita e da extrema dereita, man a man, como fixeron o pasado 8M dun xeito indecente. E hai que denunciar que é puro machismo político. *(Aplausos.)*

E finalizo, señor Feijóo, preguntándolle que fixo o seu goberno a favor da igualdade das mulleres. E agardo que responda, agardo que hoxe non vexamos de novo a súa deriva radical e o desprezo a este Parlamento, no que está instalado nestes últimos tempos, e que responda —porque estamos falando de algo moi importante, que é o dereito das mulleres a ser libres e iguais— sobre o que vai facer a Xunta de Galiza neste ámbito.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Pontón.

Resposta do señor presidente da Xunta.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): Moitas grazas, señor presidente.

Quixera, nas nosas primeiras palabras, recordar as 43 mulleres e un menor asasinados dende o ano 2009 en Galicia; asasinadas polas súas parellas. Quixera recordar as tres que foron asasinadas no último ano de 2020: Manuela Iglesias Fernández, asasinada na Pastoriza polo seu marido, tiña 79 anos; Clara Expósito Vilanova, asasinada pola súa parella en Lugo, tiña 49 anos, e Soledad Rey Valverde, asasinada pola súa parella en Gondomar, tiña 59 anos. A todas estas vítimas, corenta e tres mulleres e un menor, a nosa homenaxe, o noso recordo permanente e o noso respecto. *(Aplausos.)*

Señorías, sen dúbida, quedan moitísimos aspectos para seguir mellorando a igualdade real e efectiva. Un deles está no mercado laboral. Nese mercado laboral, este goberno, dende



xullo, adoptou unha decisión inédita na estrutura departamental das comunidades autónomas, que foi crear unha Consellería de Emprego e Igualdade, porque sen emprego non hai igualdade. Por iso, señorías, imos seguir traballando durante toda a lexislatura, sabendo que esta lexislatura vai estar marcada polo desemprego, pola recesión e pola contracción do mercado, e, por tanto, por moito paro.

Para nós, os avances do emprego feminino celebrámoslos todos con esperanza. Por exemplo, a taxa de emprego feminino, cando chegamos ao goberno, era do 57 %, agora está preto do sesenta por cento. Por exemplo, a taxa de paro —de acordo coa EPA— en Galicia, o paro feminino é de cinco puntos menor que na media de España. Por exemplo, no paro rexistrado temos o menor paro rexistrado en febreiro do ano 2020, cando empezou a pandemia, dos últimos quince anos. Por exemplo, en afiliacións —non enganan as afiliacións—, no ano 2019, foi o récord de afiliacións de mulleres en Galicia á Seguridade Social: 491.000. E, a pesar da recesión, no ano 2020 finalizamos cunha afiliación media de 484.000 mulleres na Seguridade Social; os dous récords de afiliacións de emprego feminino dende que hai rexistros na Seguridade Social. Temos menor temporalidade e menor traballo a tempo parcial. E dime vostede: «¿E vostede está contento con isto?» Non, estou esperanzado, señoría.

Fixemos o primeiro Plan contra a violencia de xénero hai trinta anos, un Goberno do Partido Popular —eu nin sequera estaba nesta cámara, vostede creo que si—, pois debería, señoría, valorar que levamos moito tempo traballando en relación con este asunto.

A primeira Lei de igualdade de Galicia apróbbase no ano 2004 —eu si xa estaba no Goberno— e levamos traballando de forma continuada e constante en relación con este asunto.

Cando me di: «¿Que fixeron vostedes?». Pois mire: levamos trinta anos traballando, imos seguir traballando todo o tempo que os galegos nos queiran. Por exemplo, no Plan de conciliación e corresponsabilidade, que aprobamos no ano 2018 ata o ano 2021, levamos investidos 900 millóns de euros; ampliamos os permisos de paternidade e maternidade, a primeira comunidade autónoma que o fixo; ampliamos as axudas á redución de xornada; apoiamos a máis de cento vinte e dous concellos; aprobamos unha cláusula de igualdade, que vostede se refire á contratación pública, e máis axudas que nunca, señoría: a Tarxeta Benvida, 60 millóns de euros para a conciliación, máis escolas infantís que nunca, e somos a primeira comunidade autónoma, probablemente, que ten gratuidade para...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): ...os segundos fillos, con independencia da idade do primeiro.

Isto é parte das cousas que viñamos facer. Pero imos seguir traballando, señora Pontón. E por iso creo que o máis importante é se en Galicia hai menos taxa de paro feminino, se hai menos temporalidade no emprego feminino, se hai máis traballo a tempo completo no ámbito feminino e, por certo, menor fenda salarial que cando vostedes gobernaban. A fenda salarial do ano 2008 que herdamos era do 25 %, hoxe é do 20 %. Verá que, con independencia de todo, estamos polo bo camiño; camiño insuficiente.



O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): Pero creo que neste caso, señora Pontón, sería moi bo buscar menos confrontacións e moitos máis acordos. Por iso me agrada o ton da súa pregunta. E xa lle digo que, dende o punto de vista da resposta, en materia de igualdade, todos estamos xuntos, señora Pontón.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor presidente.

Réplica, señora Pontón.

A señora PONTÓN MONDELO: Ben, señor Feijóo, hai trinta anos eu estaba no instituto, —perdón— na universidade, e creo que vostede xa estaba privatizando a sanidade pública deste país. (*Aplausos.*)

Compartimos que hai unha cara que é a máis dura do machismo, que é a violencia que se exerce contra as mulleres. E é importante, efectivamente, que se traballe contra esa violencia. Pero o que se necesitan non son palabras, son feitos, e os seus feitos é que votou nesta cámara en contra de que dediquemos o 1 % a loitar contra esa violencia que cada día penaliza as mulleres e que a moitas lles ten custado a súa vida. E resulta, desde logo, arrepiante escoitar a súa intervención.

Vén aquí hoxe gabarse de que hai menos taxa de paro. ¿Por que hai menos taxa de paro, señor Feijóo? É que esa é a pregunta que nos temos que facer. ¿Por que hai máis mulleres empregadas ou por que —como estiveron alertando todas as organizacións e o feminismo en torno a este 8-M— o problema está en que 15.600 mulleres deixaron de ser poboación activa e pasaron ao seu fogar facer labores de coidado porque non hai unha rede pública suficiente? Señor Feijóo, é que está vostede gabándose dun feito que significa unha involución sen precedentes para os dereitos das mulleres. (*Aplausos.*) Iso, señor Feijóo, si que dá arrepió.

Este 8-M, eu creo que hai moitas cousas que as galegas non imos esquecer. Non imos esquecer que a súa gran contribución foi intentar utilizar a figura de Pardo Bazán para branquear o franquismo. Non imos esquecer que o Partido Popular, man a man coa extrema dereita, cuestionou o dereito das mulleres a manifestarnos. Non imos esquecer, señorías, os seus pactos con esa extrema dereita, que fai apoloxía do machismo. ¿Sabe como nos chama ás mulleres que defendemos o dereito a ser iguais? «Feminazis». É que iso si que dá arrepió, señor Feijóo. E esa é, realmente, a súa contribución neste momento.

Nesta crise as mulleres foron fundamentais. Mulleres que traballaban nas residencias, nos hospitais, no sector da limpeza...; mulleres que están todas elas en sectores altamente precarizados. E vostede vén aquí dicirlles que todo vai a mellor. Pois non, señor Feijóo, báixese do coche oficial e escoite as mulleres deste país. As súas condicións non foron a mellor, están indo a peor, e estamos vivindo unha involución que require, realmente, compromisos e feitos.



Hoxe trasladeille aquí catro propostas: un plan de emprego feminino, que se poña en marcha un novo modelo de coidados cunha rede pública que garanta servizos públicos con empregos dignos para as mulleres, que se poñan en marcha, realmente, medidas que nos permitan afrontar a involución que se está vivindo. E a súa resposta é que todo vai ben, señor Feijóo. Dá arrepíos que esa sexa a conclusión deste 8-M. As mulleres que estaban na rúa estaban dicindo que queremos igualdade real, e vostede vén aquí unicamente dicir que non vai facer nada. É o peor epílogo que podíamos poñer a este tema. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Pontón.

Peche desta pregunta, señor presidente.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): Moitas grazas.

Lamento, señora Pontón, que vostede cambie de ton. Falando de cara, fai falta ter moita cara para dicir o que vostede acaba de pronunciar. Non lle vou entrar porque me parece unha falta de respecto ás mulleres, que, probablemente, vostede é o que busca.

Mire: cando cheguei no ano 2003 a esta cámara, vostede era deputada. ¿Que quere que lle diga? Non sei se compaxinaba o instituto coa cámara, non o sei, non teño nin idea. Pero o certo é que vostede leva tempo aquí de deputada, dende que eu recordo, dende que teño memoria. Non creo que iso lle poida molestar, pero ¿que lle imos facer se é así? Vostede era deputada antes que o señor Caballero e mais eu. Agora parece que é a novidade da política galega. É moi sorprendente, señorías, como vostedes terxiversan as cousas.

Cando di que aquí as mulleres non traballan, ¡pero se nas afiliadas á Seguridade Social estamos no ano 2019 en 491.000 mulleres, e no ano 2020 en 484.000! O señor Caballero di que é por un problema de poboación activa. Pero ¿que terán que ver as afiliacións á Seguridade Social coa poboación activa?

Agora bótanos a bronca porque se contrataron moitas persoas no servizo de axuda ao fogar. ¿Que quere?, ¿que non se contraten as persoas? Somos a comunidade autónoma con máis persoas no servizo de axuda ao fogar, e tamén lle parece mal. Ben, a vostede parécelle mal todo. Lamentablemente, isto é así.

Mire: índice de equidade de xénero, publicado en 2019, Real Academia de Ciencias Económicas e Financeiras: a comunidade con menor desigualdade entre mulleres e homes no mercado laboral, Galicia. A Axencia Tributaria, fenda salarial: no ano 2020, 20 %; no ano 2008 —cando vostede apoiaba o Goberno—, 25 %; en España case o 22 %. ¿E parécelle que non podo dar nin sequera eses datos? (*Aplausos.*) É algo máis que sorprendente, señora Pontón.

A verdade é que eu tiña que confesar que, vendo a formulación da pregunta, veño aquí cun certo optimismo, a ver que podíamos facer traballando xuntos. E ¿sabe que? Que despois de escoitala nesta segunda intervención, as preguntas non son a favor da igualdade, as preguntas son en contra do Partido Popular de Galicia. Pero ¿de que vimos falar aquí? Vostede pensa que a igualdade é patrimonio seu. As únicas mulleres que defenden a igualdade son as deputadas



do BNG. As deputadas do PSOE e as deputadas do Partido Popular de Galicia non defenden a igualdade. É unha falta de respecto bastante importante ás súas compañeiras deputadas.

Os logros son colectivos, señoría, e as materias pendentes, tamén. ¿Por que se queren apropiarse de algo que nos convoca a todos?, ¿por que? ¿De verdade espera que alguén crea que o Partido Popular de Galicia non tivo nada que ver con esta loita en favor da igualdade de mulleres e homes durante todos estes anos? Se hai trinta anos aprobamos o primeiro Plan de igualdade e dende o ano 2004 aprobamos a primeira lei, parece razoable, señorías, que celebremos todos, incluso a lei que propugnou e aprobou o Bipartito no ano 2008. ¡Claro que é un compromiso de todos!

¿Vostede que cre, que as mulleres galegas que votan o Partido Popular de Galicia non son mulleres intelixentes, capaces, independentes, con criterio propio? ¿Vostede pensa que se a maioría das mulleres non votara o Partido Popular de Galicia, eu podería falar como presidente da Xunta nesta cámara? Se soamente as mulleres que votan o BNG defenden a igualdade, entón temos unha sociedade preocupante, señora Pontón.

Mire: deixe de confrontar, busque solucións e busque acordos en materia de igualdade, porque non soamente é unha oportunidade, senón que...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): ...é un plantexamento decente, ¡decente!, señora Pontón. Dicar que este goberno estaba en contra de que as mulleres, cumprindo os criterios de Sanidade, puideran concentrarse ou manifestarse ou facer actos institucionais é unha indecencia, ¡unha indecencia!, que creo que é impropia dunha muller que vén aquí dicindo que representa as mulleres.

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): Señora Pontón, despois de escoitala, vostede só representa algunhas mulleres.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, presidente.

Continuamos coa orde do día.

Agora retomamos o punto primeiro, que é o de comparencias.

Comparencia do Sr. conselleiro de Cultura, Educación e Universidade, por petición propia, para informar das previsións e liñas xerais de actuación do seu departamento e actuacións en relación coa evolución da covid-19

O señor PRESIDENTE: Para iniciar esta comparencia ten a palabra o conselleiro de Cultura, Educación e Universidade, don Román Rodríguez González.



O señor CONSELLEIRO DE CULTURA, EDUCACIÓN E UNIVERSIDADE (Rodríguez González):
Moi bos días.

Esta lexislatura quedará no recordo por estar marcada pola actual crise pandémica que aínda estamos a vivir. Comezámola sufrindo os efectos derivados do contexto sanitario que afectou o sector cultural e, por suposto, o ámbito educativo e o ámbito universitario. En outubro era oportuno que a miña primeira comparecencia nesta cámara fose para informar do inicio do curso 2020-2021; sen dúbida, este foi o inicio de curso máis complexo e máis difícil na nosa historia recente.

Hoxe estou aquí para explicar as liñas xerais de actuación da nosa consellería, sendo consciente de que aínda o marco sanitario condiciona parte do día a día. Mais non podemos renunciar a desenvolver unha acción política que permita asegurar o futuro, o futuro para a cultura, para a lingua, para o ensino e para as universidades galegas.

O noso departamento ten a responsabilidade e o compromiso de traballar no presente; traballar no presente para coidar a cultura, o patrimonio, a lingua, que son o noso rico pasado, e preparar a educación das xeracións novas, que son o noso prometedor futuro. Reactivar, en definitiva, o futuro de Galicia. Facelo a través da educación, dando oportunidades e formando o noso mellor activo: a mocidade, os nenos e as nenas de hoxe, que serán as galegas e os galegos de mañá. E sempre honrando e respectando o que somos: galegos cunha cultura que nos fai ser como somos.

Señorías, a situación sanitaria obrigou a adoptar moitas medidas durante o curso 2020-2021. Medidas que moitas delas seguen vixentes e seguirán mentres sexan útiles. Non podemos baixar a garda mentres non exista unha solución sanitaria definitiva.

Afrontamos este curso partindo dunha serie de principios básicos: fomentar a presencialidade, lograr que os centros fosen espazos seguros, recuperar a confianza, vencer os lóxicos temores que tiñan as familias e os profesionais e, por suposto, manter o funcionamento do sistema.

Adoptamos moitas medidas de diferente tipo: organizativas, de reforzo, de adaptación, de prevención, de participación, e creo que o logramos. O ensino galego estivo preparado, e estivo cun grande esforzo do conxunto da comunidade educativa: do profesorado, dos equipos directivos, das familias e, sobre todo, dos nenos e das nenas, dos alumnos, que tiveron unha gran capacidade de adaptación, un gran respecto polas normas e unha enorme disciplina.

Galicia estivo preparada, o ensino estivo preparado para organizar o día a día e para previr as diferentes ameazas que se podían identificar: anticipación, planificación, diálogo, seguimento das directrices sanitarias, cooperación, implicación e responsabilidade. Todo isto permitiu vencer os temores iniciais e desenvolver a actividade educativa dentro dunha inédita crise pandémica. Galicia estivo preparada, nunca se deixou de facer o preciso para garantir a seguridade sanitaria. Fixéronse plans e proxectos preventivos porque chegaba outro confinamento; obviamente, outro confinamento non desexado.

Fixémolo co asesoramento do Comité Educativo e baixo o aval do Comité Clínico de Sanidade. E quero expresar aquí o noso agradecemento polo traballo e a axuda voluntaria para aportar



coñecementos e ideas de todos os membros do Comité Educativo, que foron bos e xenerosos, aportaron o mellor de si e fixeron un gran servizo —están facendo un gran servizo— á educación e a Galicia.

Cada centro educativo dotouse dun plan de continxencia, fixemos protocolos, habilitamos sistemas tecnolóxicos de regulación da ventilación, deseñamos un fondo de reserva educativa para dotar de recursos complementarios e extra os centros para que puidesen sufragar os custos de adaptación, reforzamos os servizos básicos como limpezas, comedores, etc.; en definitiva, fíxose un traballo de adaptación tremendamente singular.

Desde a perspectiva organizativa, incorporamos arredor de dous mil trescentos novos profesores ao sistema de ensino público, e reforzouse a formación do profesorado sobre covid-19 e sobre competencias dixitais e didácticas. Apostamos pola presencialidade plena no ensino obrigatorio e no bacharelato, e aínda así se afrontou o significativo reto do reforzo do ensino *online* como complemento do ensino presencial. Isto fixémoslo cun Plan de ensino virtual, que funcionou cando fixo falta, e coa creación dos equipos de atención virtual ao alumnado, para reforzar a atención domiciliaria.

Quixemos —de verdade e sen retórica baleira— que ninguén quedara atrás, e para iso tamén implementamos un Plan de atención ao alumno vulnerable para garantir o proceso educativo. E tampouco podemos esquecer que o ensino galego dispón dun Plan de benestar emocional, o primeiro de España, que presenta unha estratexia integral para facer fronte ás problemáticas emocionais derivadas da actual crise pandémica no alumnado e no profesorado.

No ámbito universitario, dende o primeiro momento, mantivemos reunións constantes cos reitores e representantes das tres universidades para adoptar dun xeito coordinado medidas ante esta situación. As facultades do Sistema universitario de Galicia, do SUG, foron e son lugares seguros dende o punto de vista sanitario, contan con plans de continxencia e con plans de prevención sanitaria, axustados, obviamente, ás súas características.

Como ven, señorías, activamos moitas medidas para garantir o bo funcionamento do curso 2020-2021, tanto para o ensino non universitario como para o SUG, o que supón —e supuxo— un sobreinvestimento de arredor de cento sesenta e dous millóns de euros.

En cultura, tamén a Consellería dedicou os seus esforzos a prestar apoio ao sector cultural da nosa comunidade. Antes do inicio da pandemia, a cultura amosaba un camiño ascendente en positivo, mais as cousas mudaron e houbo que reaccionar. Galicia foi a primeira comunidade autónoma de España en aprobar un Plan de reactivación, unha folla de ruta presentada nesta cámara cuns obxectivos básicos e moi claros: salvar o emprego cultural, incentivando o consumo e apoiando a actividade de profesionais e empresas.

Apoiamos máis de catro mil quiñentos eventos culturais —obviamente, en formatos diferentes— e contribuímos a manter vivo un sector, que pese a sufrir un grande impacto, un grandísimo impacto, finalmente este foi menor do agardado, tal e como acabamos de coñecer hai uns días polo Barómetro da cultura galega.



Para apoiar o noso sector cultural e creativo, este plan supuxo, sen dúbida ningunha, unha intervención de choque que seguimos ampliando no día de hoxe.

En definitiva, señorías, a piques de rematar o segundo trimestre do curso e no ecuador del, síntome orgulloso, sanamente orgulloso do Sistema educativo galego, dos seus profesores, dos equipos directivos, do persoal non docente, das familias, do alumnado. O Sistema educativo galego estivo á altura, asumiu un sobreesforzo notable, estivo preparado, estivo en alerta. As medidas preventivas funcionaron; cando foi preciso actualalas, fíxose cun bo resultado. Entre todos, en definitiva, logramos o obxectivo fundamental: que a crise sanitaria non derivase nunha crise educativa.

Señorías, logo desta análise da situación vivida, da situación percorrida ata o momento, pasemos ás accións de futuro. É obvio que nun primeiro momento houbo que poñer o foco do traballo na urxencia de garantir a seguridade ante a pandemia. Agora chegou o momento —sen baixar a garda en ningún caso— de centrarse en normalizar e en avanzar a acción política, pensando na reactivación e no futuro de Galicia. Obviamente, aínda hai cuestións que deben cualificarse, como son o reparto dos fondos europeos que corresponden a Galicia e algúns anuncios, sen concreción, do Goberno central nas materias que nos ocupan. Temos que ver como se implementan as incertezas e os conflitos que vai xerar —que está xerando xa— a LOMLOE, e agardemos que a nova lei de universidades anunciada non supoña un lío sen ningún sentido.

Pese ás incertezas, debemos contribuír a reactivar Galicia. E facelo desde unha cultura que, a través dos seus diferentes sectores e do patrimonio histórico, forxa a nosa identidade e o noso ser como país, que nos serve para afirmarnos como unha comunidade histórica, integradora e modelo de convivencia; unha cultura que é fundamental no progreso e no benestar da cidadanía. E unha lingua que é un elemento vital e relevante para o presente e para o futuro do noso pobo. Galicia é un referente en materia lingüística, non imos permitir que o noso modelo, un modelo propio, se vexa alterado por decisións que respondan a outro tipo de intereses e fomenten a intolerancia.

Nesta nova etapa temos por diante un importante reto: que os nosos sectores, e por conseguinte a nosa cultura, retomen a senda do crecemento e sigan a ser referentes. Temos que abordar este desafío dialogando e acompañando os profesionais das industrias culturais, como vimos facendo ata agora, con anticipación e con diálogo permanente. Estamos inserindo outros vinte e tres millóns de euros neste inicio de ano, ampliando o alcance do Plan de reactivación na nosa cultura.

Ademais, señorías, temos unha oportunidade: o Xacobeo é un grande evento de promoción de Galicia, onde a cultura ten que ser un elemento moi importante, e, sen dúbida, serao. E acollemos como unha moi boa nova a ampliación do evento para o ano 2022.

A cultura debe ser un eixo transversal das políticas do Goberno, e temos por diante tres grandes oportunidades estratéxicas: un orzamento que vén experimentando subidas permanentes e sólidas, que este ano medrou un 27,4 %, é dicir, máis de vinte millóns de euros; unha década xacobeana que funcionará como estímulo da actividade económica cultural e do



consumo en toda Galicia, e os fondos europeos, que deberán ir destinados tamén á recuperación cultural.

Un dos nosos maiores retos será seguir desenvolvendo a Estratexia da cultura galega; xa o estamos facendo. A nivel normativo, despois da aprobación de varias normas nos últimos anos —a máis recente, a Lei de museos—, vemos necesario afrontar a elaboración de dous novos proxectos normativos: por unha banda, a lei de transformación dixital da cultura e, por outra, a lei de inclusión e accesibilidade cultural.

A nivel de planificación seguiremos avanzando na elaboración de plans e programas sectoriais, que nos permitan melloras en ámbitos estratéxicos máis específicos, como a proxección exterior da cultura galega, a potenciación das fundacións e casas museo, o apoio aos novos creadores, a dinamización e a innovación da cultura no medio rural, a formación de profesionais e dos sectores culturais, a dinamización da lectura e, por suposto, continuaremos a construción da memoria dixital.

A nivel de gobernanza incidiremos na apertura de espazos de encontro, debate e reflexión e toma de decisións que aporten capacidade de planificación e acción. Dáse un paso máis na permanente interlocución que mantemos cos distintos axentes culturais. Teremos novos órganos, como son a Comisión de cooperación cultural permanente coas entidades locais, o Consello das Industrias Culturais, o Consello das Artes Plásticas e Visuais e mais a Comisión de Fundacións de Interese Cultural de Galicia.

Como complemento do antes dito, quero incidir no feito de que as bibliotecas, os arquivos e os museos seguirán sendo protagonistas como ferramentas democráticas que aseguran o acceso á cultura de toda a sociedade.

Ademais, a Cidade da Cultura de Galicia xoga e xogará un papel fundamental a favor da creación e da difusión cultural. Acabamos de celebrar os primeiros dez anos da apertura ao público deste recinto. Neste tempo, o Gaias viviu unha auténtica fase de consolidación do proxecto a nivel arquitectónico, a nivel cultural, funcional e paisaxístico, e agora toca afrontar unha segunda etapa de expansión para os vindeiros anos.

A súa folla de ruta concretarase no segundo plan estratéxico da Cidade da Cultura 2021-2027, actualmente en redacción. Queremos converter este espazo, este recinto, nun referente na programación cultural e na creación de contidos dentro e fóra de Galicia, incorporando unha nova dimensión referida á investigación e aos estudos do patrimonio, neste caso, grazas á integración do edificio Fontán no conxunto do complexo.

Nesta lexislatura afrontaremos a necesidade dun novo impulso ás nosas industrias culturais e creativas. Trátase dunha oportunidade de xerar riqueza, emprego e dinamismo económico. A importancia da Axencia das Industrias Culturais de Galicia, da Agadic, e a súa capacidade para contribuír ás industriais culturais e creativas non deixa de medrar. Por isto reforzaremos a súa estrutura de xestión e tamén impulsaremos novas accións: a elaboración dunha estratexia para os festivais de música, que posicione a marca Fest Galicia como un referente neste ámbito; desenvolveremos xunto co sector un novo plan de danza, que servirá para po-



tenciar o Centro Coreográfico Galego; crearemos unha liña de apoio sostible para os cines comerciais, e desenvolveremos novos programas destinados ao ámbito do videoxogo.

Neste apartado contamos cun proxecto integrador e transversal: o *hub* audiovisual das industrias culturais, que deberá crear sinerxías positivas entre o sector e facilitar o desenvolvemento de novas iniciativas e propostas. Cun orzamento de 9,6 millóns será, sen dúbida, unha grande oportunidade para reforzar a competitividade e o prestixio da nosa industria cultural.

Nesta comparecencia non podemos esquecer o necesario compromiso coa protección e a posta en valor do noso rico patrimonio cultural. Ao inicio desta lexislatura, reinauguramos —se se me permite a expresión— a catedral de Santiago, despois de oitocentos anos da súa construción. Despois de varios anos de traballo conxunto e coordinado, garantimos a conservación e o mantemento deste templo, que é —como todos vostedes saben— a meta dos camiñantes a Compostela.

Temos preparada a catedral de Santiago para o ano 2021, e seguiremola coidando. Pero agora imos centrar as actuacións seguintes no resto de catedrais da nosa comunidade, poñendo outro horizonte temporal xacobeo, o ano 2027. Así, nesta primavera poñeremos en marcha o plan catedrais 2021–2027, que vai estar dirixido fundamentalmente aos templos de Lugo, de Mondoñedo, de Ourense e de Tui. Protexer e valorizar o patrimonio é un elemento que, sen dúbida ningunha, favorece a cohesión territorial e favorece o desenvolvemento. Nesta nova etapa seguiremos avanzando nesta dirección, e farémolo tamén cumprindo o Plan de bens de interese cultural do Camiño de Santiago, e farémolo pese á falla de compromiso real neste momento do Goberno central.

Non podemos esquecer que nesta lexislatura temos retos importantes en relación coas candidaturas galegas a patrimonio da humanidade. Agardamos que este verán toda Galicia poida contar coa inclusión da paisaxe da Ribeira Sacra na Lista de patrimonio mundial. Estamos neste momento afrontando o último escollo, despois dun longo e moi exixente proceso. Este escollo é o último: a avaliación definitiva da UNESCO. As esperanzas son moitas, pero debemos seguir traballando para logralo. Seguiremos impulsando a candidatura Cíes-Illas Atlánticas proposta pola Xunta de Galicia e xa inscrita na lista indicativa da UNESCO. E o Ferrol da Ilustración seguirá avanzando co traballo conxunto e leal entre Xunta, Concello e Estado.

En relación co patrimonio, quero manifestar que seguiremos traballando como ata o momento para conseguir que sexan os galegos os que xestionen o pazo de Meirás, pese a que algúns nesta cámara non estean a favor. Dende o Goberno galego xa presentamos no seu momento ao Goberno central, no mes de decembro, un plan de usos para este espazo; un documento aberto que sirva de base para comezar a aglutinar diferentes sensibilidades. É coñecido, baixo a nosa perspectiva, que as torres de Meirás deben servir para, por unha parte, reivindicar a figura de Emilia Pardo Bazán, o papel da muller, un faro da igualdade; promover tamén os valores democráticos, a superioridade dos valores democráticos sobre calquera tipo de ditadura, explicando a historia completa do pazo, e, por suposto, desenvolver usos culturais abertos que posibiliten que Meirás sexa un espazo vivo, un espazo vivido, e conte cun proxecto museográfico e cultural de calidade.



Señorías, débese tamén salientar a aposta desta consellería pola dinamización e a promoción da nosa lingua. Queremos garantir o futuro do galego en todos os ámbitos sociais, e facelo sempre dende o respecto, a tolerancia e a liberdade, que son as claves do noso modelo, un modelo propio. A nosa lingua ten que ser ou é un vehículo de comunicación, de transmisión de emocións, de transmisións de orgullo; unha riqueza que temos e que debemos reforzar entre as diferentes xeracións e en todos os sectores, ao tempo tamén que debemos adaptarnos aos novos tempos.

Un dos retos fundamentais para a nosa lingua no século XXI é o de participar dos novos desenvolvementos tecnolóxicos, que permitan interactuar co galego no mundo dixital. Xa o estamos facendo nalgunha rede social, e seguiremolo facendo nesta liña. Tamén será esta a lexislatura en que España, a través do impulso de Galicia, ingresará na Comunidade de Países de Lingua Portuguesa, na CPLP.

Cultura, patrimonio, lingua e, por suposto, como non podía ser doutro xeito, a Consellería asume o compromiso de contribuír e reactivar Galicia preparándonos para o futuro, e facelo cun modelo educativo propio e diferenciado, avalado polos bos resultados. Un ensino de calidade, inclusivo e equitativo, que educa en valores e en igualdade, que é moderno, con espazos educativos que deben ser máis flexibles, que integra a tecnoloxía dixital e a innovación educativa, e cunha FP renovada que axude a crear emprego dende unha maior relación e interrelación co sistema produtivo.

E, en segundo lugar, temos unha universidade que ten que seguir adaptándose aos tempos, co apoio da estabilidade e da planificación que lle permiten ter plans de financiamento aprobados. Cunha mellora das ofertas das titulacións, adaptadas, obviamente, aos perfís profesionais do futuro, anticipándonos a esas demandas, e cunha aposta pola investigación e a captación de talento.

Imos traballar para que o ensino galego siga a ser referencia na atención á diversidade e na escola inclusiva. Neste senso, o pasado venres mantivemos unha reunión de alto nivel con diferentes colectivos para avanzar nesta dirección. Traballamos xa no desenvolvemento normativo e no deseño dun modelo de escola plenamente inclusiva a partir dun novo plan de atención á diversidade que presentaremos durante o presente ano.

En materia de convivencia, igualdade e coeducación, asumimos o compromiso de reforzar as políticas educativas cun enfoque integral e adaptado aos novos tempos. Por suposto, temos que actuar tamén sobre todo tipo de condutas de acoso ou ciberacoso escolar.

Seguimos a apostar polos docentes, pola súa estabilización a través de ambiciosas ofertas públicas de emprego. Este ano celebraremos as probas da convocatoria máis ampla da nosa historia recente, preto de catro mil prazas, 3.894. E en breve comezaremos a traballar na OPE do seguinte ano para seguir ampliando e consolidando o emprego público no ensino.

Tamén seguiremos fomentando a formación permanente do profesorado, para que se actualicen as competencias dixitais e de idiomas e se contribúa así á mellora colectiva do alumnado.



Estamos convencidos, sen dúbida ningunha, de que debemos seguir apostando por un ensino plurilingüe, que abre oportunidades de crecemento persoal, social e laboral.

Señorías, a pandemia tamén nos deixa moitas ensinanzas e debemos ser quen de aprender delas. Porque das necesidades que a covid trouxo podemos extraer aprendizaxes para seguir fortalecendo o noso sistema educativo. Todos somos agora máis conscientes que nunca de que os colexios non son só edificios, non son só uns meros edificios, que podemos tomar decisións que contribúen a facer deles espazos máis saudables, máis ordenados, máis seguros, máis creativos. Con este obxectivo, neste mes, concretaremos un plan, e sen tempo que perder comezaremos a traballar con todos, con arquitectos, con profesores, con directores, con familias, con alcaldes, etc.

Non será o único novo plan. Nesta nova lexislatura asumimos o reto de dotar Galicia dun programa de transformación educativa dixital e tecnolóxica nos centros educativos. Partimos dun enfoque que integre equipamentos, contidos e a adopción de competencias dixitais e STEM. Queremos dar un paso máis ao incorporar a aprendizaxe sobre intelixencia artificial, e facelo dun xeito transversal e con materias específicas para todos os niveis educativos, dende primaria á universidade.

Tras rematar a vixente Estratexia galega para a educación dixital 2020, que, como vostedes saben, tivo como liñas forza E-Dixgal e as competencias STEM, Galicia dará un novo impulso ás competencias dixitais no eido educativo, prestando atención ás infraestruturas, aos equipamentos, aos contidos e ás metodoloxías pedagóxicas.

Agardamos presentar, nos próximos meses, os detalles de Edudixital 2030, pero xa lles adianto que significará un salto no ensino galego. Un salto que abranguerá, entre outras cuestións, aspectos básicos para o presente xa, pero, sobre todo, para o futuro, tales como intelixencia artificial, robótica, vocacións STEM, tecnoloxías intensivas, deseño de polos de creatividade, laboratorios de ideas nos propios centros, acreditación de competencias dixitais na comunidade educativa, formación integral do profesorado en ensino dixital e recursos dixitais especializados. E todo isto soportado na creación dun centro especializado en ensino dixital e tamén en innovación e investigación educativa, co que se pretende dar un salto de calidade en ámbitos como a formación do profesorado, o deseño de estratexias docentes ou a introdución de novas técnicas pedagóxicas.

Xunto ás competencias dixitais, científicas e tecnolóxicas, a Consellería tamén está comprometida coa potenciación das competencias de comprensión lectora do alumnado. Por iso seguiremos a mellorar a Rede de bibliotecas escolares de Galicia, coa previsión de incentivar e apoiar as bibliotecas escolares nos centros educativos do rural. O proceso de renovación das bibliotecas acometerase a través dun novo plan, do Plan LÍA 2021-2025, que implicará novas accións e tamén permitirá seguir coa liña de traballo dos últimos anos, que sitúan este programa da Consellería como un referente para outras comunidades autónomas.

Ante o reto de reactivar Galicia, apostamos por reforzar aínda máis a FP. E facémolo dende o convencemento da necesidade de mellorar a certificación das competencias profesionais e de xerar itinerarios formativos para complementalas. Nesta primavera, presentaremos a es-



tratexia galega de FP 2021-2025. Esta estratexia ordenará as políticas educativas destinadas a adaptar a FP galega a unha serie de retos: innovación tecnolóxica, dixitalización, intelixencia artificial, contornos 4.0 e 5.0, etc.; a mellora das titulacións e cualificacións profesionais, así como das competencias emprendedoras; o necesario reforzamento da FP dual e da FCT; o impulso dunha maior relación entre os centros e o tecido empresarial, ou unha mellora da empregabilidade e da posibilidade de inserción laboral dos titulados.

Nesta reformulación estratéxica para manter a FP como unha prioridade de goberno prestaremos unha especial atención a unha definición —ou á definición, mellor dito— dunha atractiva oferta formativa, que xa poderá introducir melloras de cara ao próximo curso. Tamén a ampliación da Rede de centros integrados de FP, dos CIFP, ou o desenvolvemento do procedemento da avaliación, recoñecemento e acreditación das competencias profesionais. E traballaremos, por suposto, para que o centro galego de innovación de FP en Ourense entre en funcionamento no vindeiro curso, no vindeiro curso 2021-2022.

Nesta lexislatura queremos tamén avanzar na potenciación das ensinanzas artísticas. A educación é a canteira da cultura, e estamos a traballar nun novo plan, no Plan Educ-Arte 2021-2025. Con este plan temos previsto mellorar os currículos e o funcionamento dos centros que imparten música, danza, artes plásticas e deseño, e tamén conservación e restauración de bens culturais. Con isto tamén pretendemos poñer as ensinanzas artísticas en lugar de privilexio e de saída para os seguintes anos.

É obvio tamén que a pandemia alterou o ritmo de aprendizaxe. Pero non podemos permitir que esta crise nos pase factura. Por iso, este ano reforzamos o programa marco, e fixémoslo con máis profesores ca nunca, cun único obxectivo: que ninguén quede atrás. Pero non podemos conformarnos. Este curso está sendo moi exixente para todos e ten unha situación que repercute no proceso formativo. Para compensar os posibles efectos identificaremos aqueles puntos débiles na formación do alumnado, e para o novo curso poñeremos en marcha o plan Recupera; un plan que ten como obxectivo deseñar estratexias educativas de recuperación, para que a pandemia e os seus efectos non afecten o proceso educativo. É dicir, que nos recuperemos dos efectos derivados da situación covid co fin de que o ensino non se resinta.

Para rematar esta primeira intervención, quero referirme tamén aos proxectos que —entendemos— son fundamentais para o Sistema universitario de Galicia. Nos vindeiros anos, as políticas autonómicas irán orientadas a seguir incrementando a colaboración e a cooperación coas institucións que integran o Sistema universitario de Galicia, o SUG. As universidades públicas galegas teñen e terán garantido o seu futuro. Así mesmo, o marco legal habilita a creación de proxectos privados, como pode ser o caso do procedemento de recoñecemento da Universidade Intercontinental de la Empresa, nestes intres en tramitación.

Temos iniciado xa os traballos para actualizar o sistema de financiamento universitario, para acadar unha blindaxe do seu financiamento, para permitir a planificación a medio prazo das universidades, para mellorar a eficiencia interna do sistema e render contas á sociedade, e para formar os profesionais que Galicia necesitará na vindeira década. A definición deste plan de financiamento, que cubrirá do 2022 ao 2026, desenvolverase ao longo deste ano 2021.



Outro eixo importante para esta lexislatura será o deseño do novo mapa de titulacións, que actualice a oferta acordada no ano 2017. Nestes anos temos o reto de mellorar a actual oferta de titulacións, a través de catro opcións: a primeira, mediante a revisión da normativa autonómica ao respecto; a segunda, mediante a mellora dos títulos duplicados en demanda e outros de baixa acollida; a terceira, mediante a implementación de quince novos másteres, acordados con roles profesionais de futuro, presentados moi recentemente; e a cuarta é plan-
texar arredor de dez novos graos, que pechen o catálogo galego con títulos que aínda non poden estudarse en Galicia.

Seguindo un recente acordo parlamentario, trataremos de coordinar e consensuar un novo mapa de titulacións; un novo mapa de titulacións que teña respaldo no financiamento universitario e que permita dar resposta ás novas necesidades da sociedade e do mercado laboral. Neste proceso teranse en conta varios criterios, entre eles: o axuste, a especialización dos campus, o carácter interuniversitario, internacional ou dual das titulacións, a incorporación de metodoloxías educativas innovadoras, a orientación práctica e aplicada dos estudos, e a existencia de recursos materiais e humanos necesarios para impartir as diferentes carreiras.

E, por último, quero referirme á aposta da Consellería pola investigación, pola investigación e a captación de talento dende o ámbito universitario. E facémolo dende o convencemento de que será un elemento fundamental para contribuír tamén á reactivación de Galicia.

Nesta lexislatura temos que afondar no traballo realizado, e por iso imos definir unha nova carreira científica no SUG. Unha nova carreira científica que potencie e dea estabilidade aos investigadores universitarios, e que aproveite a potencialidade da Rede de centros de investigación do Sistema universitario galego.

E remato xa. Como ven, señorías, dende a Consellería temos unha folla de ruta que pasa por accións ante a pandemia e por outras orientadas á reactivación e ao futuro de Galicia. Cremos que desde a cultura e desde a educación podemos acadar novos niveis de desenvolvemento e progreso para a nosa terra e para os nosos cidadáns. Non cabe dúbida de que será unha lexislatura marcada pola actual crise pandémica e que afectará o conxunto da sociedade. E nós comprometémonos a seguir traballando para mellorar o coñecemento e o respecto ao noso pasado, e desde o presente preparar o futuro dos nosos sectores culturais e dos nosos estudantes, en todos os niveis, porque, ao final, eles serán os galegos de mañá.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señor conselleiro.

(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

Por parte dos grupos parlamentarios ten, en primeiro lugar, a palabra don Luis Manuel Álvarez Martínez, en representación do Grupo Parlamentario Socialista.

O señor ÁLVAREZ MARTÍNEZ: Moitas grazas, señor presidente.



Moi bo día, señorías. Bo día, señor conselleiro.

En primeiro lugar, eu quero agradecer a súa comparecencia, por petición propia, para presentar as liñas de actuación do departamento que vostede dirixe. Foi unha presentación extensa, cun amplísimo catálogo de medidas. Non vou reiterar aquela referencia que lle fixen do catálogo de Ikea con respecto a todo o que vostede acaba de anunciar aquí, que practicamente é imposible ata tomar nota. Sería interesante que os grupos parlamentarios contásenos de antemán —aínda que fose cun esquema sinxelo— coas medidas que vostede veu anunciar.

Evidentemente, concordamos en que este inicio de curso foi o máis complexo de toda a historia recente, que na vixencia das medidas que puxo en marcha a Consellería consideramos acertada, evidentemente, o mantemento da presencialidade. É algo esencial que se conseguiu, non así en todas as comunidades autónomas —algunha delas, por certo, gobernada polo Partido Popular—, pero o certo é que aquí si que se logrou ese obxectivo. Evidentemente, somos unha sociedade disciplinada; é moi disciplinado o profesorado e son moi disciplinados o alumnado e as súas familias.

¿Que pode saír mal con tantas iniciativas, con tantos plans como vostede presentou? Pois, evidentemente, hai certa marxe para a incerteza. Evidentemente, —e por seguir a mesma orde da súa intervención— no que se refire á cultura, este grupo parlamentario xa o dixo moitas veces nesta cámara desde que comezou esta pandemia: esta crise azoutou de maneira moi preocupante a nosa cultura. As medidas que se decretaron pola covid afectaron a gran maioría das empresas culturais, e aínda hoxe máis da metade non recuperou a súa actividade. E as previsións apuntan a que o sistema produtivo da cultura sufriu un impacto máis severo que o conxunto da economía, coas peores expectativas na empresa pequena e no sector das artes escénicas e a música. Preséntasenos, polo tanto, unha crise de longas consecuencias e cuxos efectos só poderán ser mitigados co tratamento axeitado.

As voces expertas advirten dunha época de suspensións, adiamentos e incertezas nun sector de gran vulnerabilidade laboral. Algo que a pandemia puxo en evidencia, debido, fundamentalmente, á excepcionalidade e intermitencia da súa actividade. E, por iso, señor conselleiro, é necesaria unha aposta decisiva pola cultura como unha das liñas de actuación principais como motor de recuperación económica. E permita que lle diga, señor conselleiro, que, por moita cifra e por moitos programas dos que nos fale, o sector cultural continúa nunha agonía e cada vez máis canso pola falla de expectativas.

Pouco tempo despois de comezar a crise sanitaria, vostedes aprobaban o Plan de reactivación dos sectores cultural e turístico; plan que foi moi contestado publicamente por todo o sector cultural e que tiña como horizonte decembro do ano 2020. E do éxito ou fracaso das accións que contemplaba nada sabemos.

Vostede di que algunhas continúan no tempo; algo que é obvio porque xa existían. Pero ¿que pasa coas novas? ¿Xa se analizaron ou é que consideran suficiente esa falta de respecto que para todo o sector cultural galego e os propios grupos parlamentarios supuxo o informe sobre o estado do Plan de reactivación, sector cultural, do 26 de novembro 2020, elaborado polo seu departamento e cunhas escasas liñas de extensión?



E o preocupante é que nada se xustificaba nese documento e nada se xustifica agora. Porque, señor conselleiro, volvemos preguntarlles: ¿xa coñecen vostedes o alcance de cada unha das medidas postas en marcha? Recuperar ou reactivar non significa duplicar o orzamento das partidas —por certo, moi poucas novas— e tirar co que había, non. Unha reactivación debe levar aparelhada unha avaliación. ¿Sabem xa cantas empresas do audiovisual pecharon por mor da crise?, ¿cantas librerías? ¿Canto emprego se mantivo no sector da música ao vivo ou das artes escénicas? Está moi ben que nos fale de inxección de recursos, do Plan integral de danza de Galicia, dese *hub* audiovisual financiado con fondos europeos, que de momento non é máis que unha entelequia —dan por feito un *hub* e aínda hoxe están tratando co sector en que vai consistir—. Pero ¿que máis están a facer por asegurar as estruturas da nosa cultura?

Diante desta mostra de despreocupación cara ao sector cultural, o Grupo Parlamentario Socialista reitera a necesidade dunha análise rigorosa de eficacia e eficiencia de cada unha das medidas desenvolvidas durante este tempo para decidir ou non a súa continuidade.

A industria necesita un novo plan, como mínimo, que duplique o orzamento do primeiro, que aplique recursos novos, que estableza axudas directas —como xa fixeron, por exemplo, noutras comunidades autónomas como Cataluña— ou que abra novos circuitos culturais que cheguen para quedar.

Coñecida oficialmente a decisión de prorrogar o Xacobeo ao ano 2022, deberían coñecerse xa os plans do Goberno galego para co mundo da cultura a respecto desta celebración, tendo en conta que moitas das alternativas de apoio a este sector dependen ou dependían deste evento. Pero nada sabemos, e a industria ten moitas dúbidas acerca do futuro, que xa non coñecen, nin da programación, nin do que vai acontecer cos seus proxectos.

Evidentemente, vostede ten unha consellería con amplas competencias e, polo tanto, dentro do tempo —é limitado o que teño—, e por facer referencia a determinadas afirmacións que vostede dixo, ¿como non?, ía deslizar as incertezas da LOMLOE tendo en conta o caos que orixinou; a LOMCE tampouco é para que vostedes digan outra cousa moi distinta.

Fixo vostede referencia a algo na súa introdución sobre que Galicia ía ser un referente en materia lingüística. Despois é certo que, cando falou das medidas, lle dedicou pouco menos que medio minuto. Pero o que é certo tamén é que —por moita igualdade, por moita equidade que vostedes queiran presentar dentro desta cámara e que repiten os seus datos oficiais permanentemente como un mantra— hai indicadores e estudos moi rigorosos, dende o punto de vista sociolingüístico, que indican que as cousas non van tan ben como vostedes queren pintar. E moitísimo menos desde o punto de vista da competencia en linguas estranxeiras, na que, por certo, na nosa comunidade autónoma —como indican permanentemente ano tras ano, curso tras curso, os estudos comparados que fai o Ministerio de Educación entre todas as comunidades autónomas— somos a punta do iceberg en canto a competencia lingüística, segundo vostedes. Pero o certo é que estamos na cabeceira do Estado no que se chama «outras experiencias», que supoñen que non hai continuidade nos cursos impartidos en linguas estranxeiras, e apostan vostedes por un modelo segmentado que cremos que é profundamente desacertado.



Falou vostede da Rede de centros integrados de formación profesional; unha teima particular desta consellería sobre a que me gustaría facer un par de referencias porque non teño moito tempo e hai moitas cousas das que falar.

En España, señor conselleiro, hai 2.632 centros que imparten formación profesional; deles, 183 están en Galicia, o que representa un 6,9 % do total estatal. Pero se falamos de centros integrados de formación profesional, en España hai 69 e en Galicia hai 23. Quere dicir que o 13,6 % do total de centros integrados de formación profesional que hai en España están en Galicia, fronte a un 6,9 de centros ordinarios de formación profesional. Aquí hai unha falta de concordancia evidente, porque vostedes non teñen avaliada a adecuación da actual configuración de centros integrados a aqueles obxectivos cos que se pretende que eses centros dean resposta.

Carmen Marita, cando ambos falamos, do que sexa, gañamos ou perdemos? Perdémolo tempo? Coidámonos?

E, evidentemente, xa que vostede falou tamén da formación profesional dual, nin sequera todos os centros integrados de formación profesional están a impartir formación profesional dual neste curso, só 14 deles. E hai vinte institutos de educación secundaria, polo tanto, institutos ordinarios, para diferencialos dos outros, que si están a impartir formación profesional dual. Vostedes crearon unha suposta rede galega de dinamización da formación profesional dual, e eu preguntome se segue existindo ou se foi flor dun día; se está dando resultados ou é deses proxectos que vostedes nunca avalían.

Porque, señor conselleiro, no curso 2019-2020 había en formación profesional dual na nosa comunidade autónoma 1.436 alumnos en réxime de adultos —son datos oficiais publicados pola propia consellería—, é dicir, un 9,6 %, e no curso 2020-2021, este no que estamos, hai 1.626, un 10 %. O obxectivo para 2020 —vostede sábeo— era ter cinco mil alumnos en formación profesional dual. Agora van presentar un novo plan, creo que 2021-2025 —se non tomei mal a nota—, e veremos a ver que obxectivos plantexan dentro dese novo plan, porque, evidentemente, o obxectivo antigo está acadado nun 32,5%.

En canto a E-Dixgal —que vostede falou del—, este merecería case un pleno monográfico. O problema de E-Dixgal, señor conselleiro, á parte da súa implantación en canto a número de centros e número de alumnos, é que vostedes saben perfectamente que se lles dá aos centros a posibilidade de impartir E-Dixgal sen que estea garantido en ningún momento que os alumnos reciban todas as materias de 5º e 6º de primaria ou de 1º e 2º de ESO dentro dese plan. Polo tanto, en nada suple, senón parcialmente, o libro de texto ordinario, para entendernos.

Polo tanto, señor conselleiro, a min o que si me gustaría —para rematar esta primeira quenda— é que vostede, á parte de presentar todo este catálogo de iniciativas, fose quen de dicirnos en que vai cambiar toda esa terminoloxía que vostede empregou para denominar os plans con respecto á realidade que presenta o noso sistema educativo actual, que —permitame dicirlle e reiterarlle—...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.



O señor ÁLVAREZ MARTÍNEZ: ...eu non considero nin de lonxe que sexa malo, pero si que é mellorable.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señor Álvarez.

(*Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.*)

Polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego ten a palabra o señor don Manuel Antonio Lourenzo Sobral.

O señor LOURENZO SOBRAL: Señor presidente, conselleiro, señorías.

É mesmamente irónico, señor conselleiro, que vostede, que ten así unha certa alegría de tildar de «infantís» algúns argumentos que non lle dan a razón —fíxoo recentemente cunha compañeira no último pleno—, veña aquí, dalgún xeito, reproducir o mesmo exercicio que facía tamén algún personaxe clásico nun conto infantil. Vostede, señor Rodríguez, veu facer neste pleno o mesmo exercicio que facía aquel emperador do conto de Andersen, que se facheaba polas rúas das súas mellores galas para impresionar, seica, os seus súbditos, ata que foi —¡fíxese vostede!— curiosamente un neno —así que, jollo!, señor conselleiro, cos argumentos infantís— o que deixou en evidencia que aquel traxe do emperador non existía, que ía espido e que, simplemente, era engano e propaganda.

O que hoxe vimos escoitar, señor conselleiro —xa o adiantou o señor Álvarez— é un novo capítulo de autobombo, de propaganda hiperbólica, de anuncio tras anuncio, que non se concreta en nada máis que en notas de prensa e en *powerpoints*. (*Aplausos.*) Polo tanto, sumámonos a esa petición de que, cando menos, se poida establecer un certo guión dos asuntos que se van tratar.

Pero é que nós, señor conselleiro, ímosllo dicir con toda a franqueza e tamén con todo o afán construtivo: fronte aos contos, o que aquí queremos abordar son contas. Datos e datas que reflectan dunha maneira nidia e transparente —ao igual que o traxe, ¡fíxese!, do emperador— cal foi o papel da Consellería de Educación ao longo desta pandemia e cales son, tamén dalgún xeito, as incidencias que algunha das propostas que vostede trae poida ter no futuro do sistema educativo e no futuro do sistema cultural.

Empecemos pola orixe, porque foi o que marcou e o que determinou a situación que vivimos no sistema educativo: profesorado, señor conselleiro, tras os anuncios que vostede acaba de facer a respecto da OPE. Vostedes, dende o ano 2009, someteron o sistema educativo público galego a unhas tensións de persoal, recursos e medios que motivaron que o impacto da pandemia no ensino público fora exponencial na súa intensidade. Sirva como exemplo o que aconteceu cos cadros de persoal:

Ano 2009, profesorado de ensino concertado: 5.283 profesores; ano 2020: 5.582 profesores, no inicio da pandemia. Un incremento do 5,56 %.



Ensino privado: 7.749 profesores no ano 2009; 8.174 profesores no ano 2020, no inicio da pandemia. Un incremento do 5,48 %.

Profesorado do ensino público, señor conselleiro, ano 2009: 31.375 profesores; ano 2020, no inicio da pandemia: 30.042 profesores. Unha redución do 4,25 %.

Incrementan os datos do ensino privado e concertado, e reduce nun 4,25 % o profesorado do ensino público, no inicio da pandemia. E, loxicamente, isto tivo un impacto á hora de afrontar a situación que vivimos. Un sistema educativo inxustamente tratado e debilitado durante anos que dificultou enormemente a xestión da pandemia na comunidade educativa.

Proposta, señor conselleiro: recupere vostede os dereitos salariais e laborais do profesorado galego. Proposta, señor conselleiro: volva recuperar as ratios que se establecían por aula; ratios máximas por aulas: 20 alumnos en educación infantil e primaria; 25, como máximo, no resto de ensinanzas. Proposta, señor conselleiro: recupere vostede a carga horaria que vostedes incrementaron ao profesorado, e vólvese á que estaba establecida.

E creo que outro punto que é de xustiza abordar, en tanto en canto vostede viña aquí falar de xestión en termos de anticipación, de acordo, xa non imos falar das xestións de protocolo, semipresencialidade, que creo que dalgún xeito quedaron claras no seu momento. Pero si que é certo, señor conselleiro, que eu non sei se vostede entende por anticipación que dende o 12 de marzo que se iniciou a pandemia, vostedes convocaron por primeira vez o Consello Escolar o día 9 de setembro, seis meses despois; vostedes convocaron por primeira vez o Comité Educativo, para afrontar todas as dificultades que tiñamos no curso académico, o 21 de setembro, seis meses e medio despois. ¿É isto, señor conselleiro, o que dende o Partido Popular e dende o Goberno da Xunta de Galiza entenden por anticipación?

Pero outro tanto acontece en relación con algúns dos anuncios que vostede acaba de facer, por exemplo, co que aconteceu con aqueles plans que afectaban os sectores máis necesitados e máis desfavorecidos da comunidade educativa:

Plan de ensino virtual, 6 de novembro de 2020; un plan central para a dinámica académica do alumnado e que se publicou seis meses despois. Eu agardo que cando vostede fala como anuncio e como proposta dese plan dixital para a comunidade educativa, (*O señor Lourenzo Sobral amósalle á Cámara uns papeis.*) sexa algo máis serio que estes tres folios de texto que presentaron á comunidade educativa para xestionar unha situación sen precedentes na historia do noso sistema educativo e nunha situación de pandemia. Tres folios foi o que fixeron. Agardo que no seu anuncio haxa un pouquiño máis de solvencia. (*Aplausos.*) E tanto foi así, señor conselleiro, que no día 2 de decembro tiveron que rectificar coa famosa AVA.

E o mesmo aconteceu co Plan de necesidades educativas especiais: ¡tres folios! Aquí si que lle teño que recoñecer, señor conselleiro, que acadaron vostedes acordos e consensos. Os acordos de todos os sectores da comunidade educativa, incluso daqueles sectores máis próximos ao Partido Popular, para dicir que este Plan de atención ao alumnado con necesidades educativas especiais era un insulto a toda a comunidade educativa.



Polo tanto, señor conselleiro, e xa achegándonos a algunhas cuestións e a algunhas propostas das que vostede fixo: universidades. Vostede vén anunciar aquí un Plan de financiamento de universidades cando saben perfectamente que o Grupo do Partido Popular, o ano pasado, negou na tramitación dos orzamentos que este orzamento se fose prorrogar, e estamos novamente —tal cal se indicou, por certo, por parte do BNG— cun orzamento prorrogado. ¿Plan de financiamento de universidades? Si, pero dotados de recursos que vaian máis alá de que lles permita levar adiante os gastos ordinarios da universidade.

Polo tanto, falaba vostede das cuestións —pouco, hai que dicirlllo, señor conselleiro— de lingua. Eu, señor conselleiro, non sei se entende por respecto á lingua galega que vetasen en dúas ocasións a comparecencia das organizacións que asinaron a proposta de bases para a normalización lingüística neste parlamento. (*Aplausos.*) Eu non sei se entenden vostedes, señores do Partido Popular, que o ano que se cumpren corenta anos do Estatuto de autonomía teñamos como medida estrela, ¿verdade? —dígoo porque é un referente que vostedes adoitan traer—, pero que teñan como referente, como medida estrela de cara á promoción do galego, por exemplo, o investimento de 1,5 millóns de euros na serie internacional *3 Camiños*. Anúnciana como un investimento ao apoio audiovisual galego e resulta que, hoxe por hoxe, ese grande apoio ao mundo audiovisual galego pódese ver en Amazon Prime en tropecentos idiomas, agás —¿a ver se acerta cal, señor conselleiro?— a lingua galega.

O Plan de reactivación cultural anúnciano sistematicamente. Vemos que no ano 2020, nin sequera se pode desenvolver, nin se pode contemplar o desenvolvemento de medidas concretas. Pero, señor conselleiro, ¿vostedes acaban de votar aquí en contra dunha lei galega de dereitos culturais. ¿Queren facer un plan de desenvolvemento cultural que non contemple os dereitos dos galegos e das galegas a recibiren a cultura? Vostedes acaban de votar neste parlamento en contra de que a cultura se declarase un ben de interese cultural. Vostedes gábanse de que hai un investimento de 9,6 millóns de euros nos orzamentos para a Agadic, e aínda non foron capaces de explicitarnos o que son. Se o problema que teñen vostedes, señores do Partido Popular, é que gastan máis tinta en redactar notas de prensa que en desenvolver os plans que vostedes mesmos propoñen. (*Aplausos.*)

Señor conselleiro, comparto —¡fíxese!—, e aí quero incidir en contribuír a esa proposta, a importancia de que este país afonde no camiño da Comunidade de Países de Lingua Portuguesa. Mais a realidade que temos hoxe é que en escolas de idiomas, por exemplo, da Raia, pódese estudar italiano, e non se pode estudar portugués. E en escolas como as de Ribadeo pódense estudar idiomas que teñen o seu impacto, que teñen a súa importancia... Pero é que nun país que pretende afondar como obxectivo cultural, mais eu insisto que tamén como obxectivo económico e central para o futuro desenvolvemento deste país, como é a lusofonía e como é a Eurorrexión Galiza-Norte de Portugal...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

O señor LOURENZO SOBRAL: ...—vou rematando, presidente— nas escolas de idiomas non se oferte este tipo de ensinanzas.



Continuarei despois tratando de afondar nalgúns dos temas que vostede trouxo, señor conselleiro. Dende logo, este país precisa saír adiante con toda a forza, con toda a intensidade desta pandemia, mais para saír adiante precisamos algo máis...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señor Lourenzo.

O señor LOURENZO SOBRAL: ...que anuncios e que *powerpoints*.

Moitas grazas, señor conselleiro. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas.

(*Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.*)

Polo Grupo Parlamentario Popular de Galicia ten a palabra o señor Rodeiro Tato.

O señor RODEIRO TATO: Moitas grazas, señor presidente.

Señorías, moi bos días a todos e a todas.

Señor conselleiro, agradecementos por comparecer hoxe nesta cámara para adiantar as principais liñas de traballo nas que se vai asentar a acción de goberno sobre tres das competencias fundamentais para entender a nosa autonomía e a nosa singularidade como país: a educación, dende infantil ata a idade universitaria, a cultura e a defensa da promoción do galego.

Galicia conta cun modelo educativo propio e diferenciado que ten que seguir mellorando cada día para seguir mantendo e, se cabe, mellorar os resultados acadados nos últimos anos. Un sistema educativo que se basea na permanente procura da calidade, da inclusión, da equidade e do plurilingüismo. Un sistema que pon o centro da súa acción no alumnado e no profesorado, adoptando tamén as novas tecnoloxías como ferramenta esencial da formación na aprendizaxe de habilidades. Mais —xa como se destacou aquí en moitas ocasións nesta cámara— a organización deste curso, dun curso escolar ordinario, é complexa, e poñer en marcha o curso 2020-2021 con todas as incertezas sanitarias derivadas da covid supuxo un esforzo aínda maior.

Esta pandemia, que trouxo unha crise sen precedentes en todos os ámbitos, supuxo tamén o maior reto da historia ao que se enfrontou o noso sistema educativo. Por iso, dende este grupo parlamentario queremos destacar e agradecer o esforzo suplementario, non só dos dirixentes e dos funcionarios da Consellería, senón tamén de todos os nenos e nenas, mozos e mozas, homes e mulleres que forman parte da comunidade educativa de Galicia. A estes últimos, ademais do esforzo, tamén lles debemos agradecer o seu compromiso e a súa capacidade de adaptación ás novas medidas e circunstancias excepcionais que trouxo a pandemia. E de aí que non debemos senón subliñar o plan do que nos dotamos en Galicia para abordar o inicio deste curso excepcional. Un plan que supuxo un investimento suplementario de 162 millóns de euros e que contou con dous mil trescentos novos profesores que se incorporaron estes anos ás aulas.



Señor Lourenzo, está moi ben falar de contos, pero tamén lle vou dar os datos: a taxa de interinidade que ten Galicia é a máis baixa de España no profesorado; os salarios están homologados por riba da media de España, e este ano ofértase a maior convocatoria de prazas. Pero voulle dar máis datos: o investimento en profesorado no ano 2008 en Galicia era de 1.333 millóns de euros; no ano 2020 o investimento en persoal desta consellería era de 1.461 millóns de euros, e no ano 2021, 1.558 millóns de euros, que acredita, dende logo, os contos que vostede nos trouxo hoxe aquí. Contos tamén en universidades, onde vostede se laia que na universidade non se aposta. Galicia inviste o 0,78 % do seu produto interior bruto en universidades, fronte á media de España, que é do 0,50. Creo que son datos que acreditan o esforzo que están facendo os galegos polo noso sistema educativo e sistema universitario.

Eu creo, señor conselleiro, que hai que seguir neste camiño xa iniciado, continuar mantendo ese esforzo e seguir traballando para reforzar o ensino galego. Un esforzo por potenciar o traballo da Consellería de Educación e Universidade, que se traduce no orzamento do ano 2021, no orzamento máis elevado da historia da nosa comunidade: 2.698 millóns de euros, o que representa un incremento nominal de 167 millóns de euros e un incremento porcentual do 6,60 %. Un orzamento que serve para garantir e blindar a calidade do noso sistema educativo, dende infantil ata a universidade. Un orzamento que permite poñer en marcha programas innovadores como o Plan de ensino virtual, que garante o proceso educativo en todos os escenarios, e o Plan de atención ao alumnado vulnerable, para que ninguén quede atrás, sexan cales sexan as súas circunstancias persoais e sociais.

Este orzamento permite que Galicia teña unha das mellores medias porcentaxe de profesor-alumno, situada en 9,2. E isto tampouco é un conto, señor Lorenzo. E poder contar cun fondo de garantía de reserva educativa de 7 millóns de euros, garantindo que todos os centros educativos teñan cubertas todas as súas necesidades, creo que tampouco é un conto.

Dende logo, Galicia conta cunha folla de ruta sensata e coherente. E creo que vén acreditada polos datos que se trasladaron en varias ocasións e que me gustaría recordar:

Como pode ser a recomendación da Unión Europea que marcaba para España que a taxa de abandono escolar tiña que estar no 15 % no ano 2020, cando Galicia o alcanzou no ano 2018, e que neste momento estamos no 12 %, moito por baixo da media de España.

Galicia acada resultados moi bos no Informe PISA, e isto non é un conto, e os datos ratifícanos, ademais da calidade do sistema educativo, porque mostran o mellor rendemento académico medio de España. E o ensino galego continúa a ser o máis equitativo de todos os países e comunidades autónomas con resultados similares.

Galicia non só sobresaie en competencias como matemáticas, ciencias ou lecturas, senón que tamén destaca en valores transversais como son o respecto por outras culturas ou a igualdade entre homes e mulleres; algo do que, sen dúbida, todos debemos de estar orgullosos como sociedade.

Galicia é a comunidade autónoma na que o alumnado declara en maior medida ser competente, cando menos, en dúas linguas. E somos a comunidade de España máis inclusiva, co 93 % do



alumnado con necesidades educativas especiais escolarizado en centros ordinarios. E o índice de inserción laboral da formación profesional dual —do que tanto se falou hoxe aquí— é do 91 %.

Por isto, señor conselleiro, e por moitas outras cousas máis, creo que Galicia debe seguir nesta senda de traballo para potenciar un modelo equitativo de calidade e que garanta a igualdade de oportunidades e a formación en valores. Un modelo que debe seguir baseado no esforzo, na tolerancia, na liberdade, no respecto e no papel das familias.

Evidentemente, para iso Galicia require un marco estable consensuado con todas as comunidades autónomas e un marco estable en consonancia co Goberno central. Un marco de Estado que non aprobe leis sen consensuar porque en tempo récord aprobouse a Lei Celaá antes que a Lei de saúde, que é unha lei que restrinxe o dereito a decidir das familias, que é unha lei que está causando conflito en vez de ferramenta de entendemento coa lingua. Ademais, renunciouse ao pacto de Estado pola educación, tan demandado pola nosa sociedade, para abordar esta lei. Dende logo, é unha lei que aos únicos que contenta son aos socios independentistas do Bloque Nacionalista Galego alá en Cataluña e no País Vasco. Non atopamos ninguén máis contento con esta lei.

Polo tanto, necesitamos un marco estable que respecte os criterios establecidos no financiamento autonómico, que facilite financiamento adecuado dos servizos educativos naquelas comunidades que, como Galicia, contén cunha gran dispersión de centros e alumnado no seu territorio, o que incide en grandes sobrecostos, como o transporte escolar ou os comedores escolares. Situación que se podía ben arranxado tamén con esta lei; lei que, desgraciadamente, non a arranxou.

Necesitamos un marco estable que realice un reparto equilibrado dos fondos covid e non xere protestas, mesmo como as xeradas polos presidentes dalgúns das comunidades do Partido Socialista; que existan criterios equitativos e xustos para o reparto dos fondos *Next Generation* no ámbito da cultura, da educación e da universidade; que non haxa discrecionalidade, incerteza ou falta de rigor.

Necesitamos un marco estable que aposte por reforzar a formación profesional como unha opción innovadora e dinámica, e que apoie un dos piares fundamentais da formación profesional, que é o seu corpo de profesores técnicos que se queren deixar a extinguir e, nalgún caso, botalos á rúa.

Polo tanto, un marco estable que valore e non ataque a cultura do esforzo, e non opte polo aprobado xeral, senón polo reforzo educativo, como acaba de anunciar o conselleiro con esa nova estratexia de reforzo. E que permita elixir con liberdade, e sen ningún tipo de problema, entre a ensinanza pública, concertada ou privada.

Polo tanto, un marco estable —e fixo referencia o señor Álvarez— na cultura, pois necesitamos tamén a implicación do Goberno do Estado na cultura. Non pode ser que o ministro diga que a pandemia e a cultura son incompatibles.

Necesitamos, en definitiva, para mellorar a nosa comunidade, un marco estable onde non se cambien os criterios á volta das vacacións; onde poidamos contar co Ministerio de Educación



centrado na xestión con seriedade e responsabilidade, lonxe de posturas dogmáticas; onde non se volvan *sisar* a Galicia 36,3 millóns de euros no reparto dos fondos covid, no financiamento das comunidades autónomas dos fondos covid, e onde, tamén de paso lle pedimos —e aproveito para pedirlo, señor Lourenzo, portavoz como primeiro partido da oposición— que, no momento máis difícil da historia da educación, non alente esas folgas preventivas ao inicio do curso, nin anime a levantarse da mesa sectorial a algúns sindicatos...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

O señor RODEIRO TATO: ...sen facer ningunha aportación.

O que precisamos, dende logo, é un modelo como o que temos, un modelo que aproveita a nosa riqueza de ter dúas linguas e un modelo que respecta a liberdade das familias para elixir, así como a autonomía dos centros educativos.

Pola miña parte, máis nada, señor presidente, e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señor Rodeiro.

(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

Para a rolda de réplica ten a palabra o conselleiro de Cultura, Educación e Universidade, o señor Rodríguez González.

O señor CONSELLEIRO DE CULTURA, EDUCACIÓN E UNIVERSIDADE (Rodríguez González): Moitas grazas, señor presidente.

Señorías.

É a primeira vez da miña non moi longa pero si sufrida experiencia parlamentaria que se cuestiona unha presentación precisamente porque ten un exceso de accións para desenvolver. Eu creo que deberían de estar vostedes contentos. Vostedes van coller nota do que eu dixen hoxe e dentro de catro anos poderán facer balance. E aí poderán dicir: este señor veu aquí contarnos milongas, ou: este señor veu aquí plantexar unha folla de ruta, plantexar unha estratexia de traballo e cumprila. Estou seguro de que vai ser a segunda.

Estean tranquilos que non me cabe a menor dúbida de que este proxecto que presentamos hoxe, que é ambicioso, sen dúbida, que require moito esforzo, moita planificación de todo un equipo de profesionais que estamos na Consellería, vainos ocupar durante os vindeiros meses, durante os vindeiros anos. Porque cremos que é necesario para os galegos de hoxe, pero, sobre todo, é necesario para o futuro, e temos que repensar e reorganizar o futuro, e iso é o que debemos facer.

Aquí presentouse un camiño para seguir proxectos e políticas que —entendemos— van ser útiles; van permitir ter unha cultura máis saneada, un patrimonio mellor conservado e unha educación que nos prepare, dende a cohesión social, mellor para o futuro, apostando nas



liñas básicas nas que debemos apostar: dixitalización, equidade, igualdade de oportunidades, mellora de resultados... En definitiva, no que debe preocupar e preocupa a unha administración responsable como é a Xunta de Galicia.

E o señor Álvarez fala de catálogo de Ikea porque presentamos moitas accións. É certo que o catálogo de Ikea ten moitos rexistros, nós tamén temos moitas accións. Pero as críticas que se escoitaron aquí por parte dos portavoces son sobre un catálogo, pero dun catálogo de produtos descatalogados, porque son as críticas de serie de todos os anos. Críticas que, á parte, non se sustentan absolutamente en nada e que van en contra das evidencias e dos datos —non inventados por este conselleiro e por este goberno—, dos datos comparativos de informes internacionais do propio ministerio, onde algúns deles —xa o dixo o portavoz do Partido Popular— demostran que o sistema educativo galego é bo; ten marxe para a mellora, obviamente, pero é moi bo, e debemos estar francamente orgullosos del como colectivo. *(Aplausos.)*

Eu agradézolle ao señor portavoz do Partido Socialista o seu ton na intervención. Eu creo que é positivo. Recoñeceu que o sistema educativo funcionou ben nunha situación moi complicada; todos o sabemos. Todos —as familias, os profesores, os responsables políticos— tiñamos medo. Pero, afortunadamente, entre todos, dende a administración aos equipos directivos, ao profesorado, ás familias, ao persoal non-docente, aos coiadores, a todos os profesionais que están nesta enorme familia que é a educación, medio millón de persoas aproximadamente, fomos capaces de ir progresivamente reducindo e vencendo os medos. E pasando —como dixen antes— dunha fase de urxencia de medo a unha fase de normalidade e de convivencia, dura, difícil, que trastocou o xeito habitual de traballar nos centros educativos, sen ningunha dúbida. Creo que debemos estar francamente orgullosos do que se fixo con marxe á mellora, obviamente, que é un éxito colectivo —profesorado, familias, nenos, etc.—, e que creo que o sistema educativo galego, e así o demostran os datos, é un bo sistema. É un bo sistema, co cal temos que estar orgullosos.

Concordo tamén —e non sei se me debe preocupar a min ou a vostede— na lectura en xeral que se fixo sobre o sector cultural. Sen dúbida, o sector cultural sufriu, e sofre como todos os sectores, pero quizais este é un dos que máis está sufrindo.

Dende a Xunta, dende o primeiro momento, tivémolo moi claro, pois fomos a primeira comunidade autónoma que fixo un Plan de reactivación do sector cultural —naquel momento o sector cultural e turístico—, para reorientar a acción pública cara a aquelas cuestións que entendiamos prioritarias. A máis prioritaria de todas era inserir liquidez a través da incentivación das producións nos sectores culturais para manter o emprego e para evitar a desaparición das empresas culturais. Outros gobernos, nominalmente o Goberno do Estado, non fixeron nada.

E tomamos medidas e houbo moitas medidas novas. De feito, esta fin de semana presentamos unha desas medidas novas: a segunda convocatoria dos fondos de proxectos xacobeos. Incrementamos o valor ata tres millóns de euros para inserir liquidez inmediata ao pequeno autónomo no mundo da cultura, a pequena empresa do mundo da cultura, porque temos un



tecido cultural dunha escala cativa, pero temos que actuar e intentar incentivar neste caso a súa actividade.

E os datos son coñecidos. Hai tamén moi poucos días, o Observatorio da Cultura Galega, nun estudo feito por un órgano estatutario como é o Consello da Cultura Galega, púxonos os datos encima da mesa e díxonos que a incidencia, o impacto da pandemia sobre o sector cultural fora menor do previsto. Non digo todo nin moito menos, pero algo tería que ver o Plan de reactivación, que foi capaz de incentivar e de impulsar arredor de catro mil cincocentos eventos que se desenvolveron dende a súa aprobación.

E houbo axudas directas, e hai axudas directas para o sector da cultura. De feito, acabamos de coñecer os datos do primeiro Plan de rescate, que vai orientado a axudas directas para os sectores empresariais máis afectados, entre eles o da cultura. O sector da cultura neste primeiro plan «recadou» e, se se me permite, «captou» máis de 2,2 millóns de euros de axudas directas. Co cal creo que aí tamén hai que telo en conta, pois, por unha parte, a Consellería de Cultura actuando na incentivación da acción e inserindo liquidez no traballo dos propios profesionais e, por outra, neste caso a Consellería de Emprego, tamén o Igape, inserindo axudas directas.

Como dicía: hai un catálogo descatalogado, que son as críticas que de xeito de serie nos fai o Bloque Nacionalista Galego. E poñía un exemplo que, a verdade, é que non estivo moi acertado. Porque falar do rei ou do emperador espido, creo que se miraran no espello as súas críticas e as comparan coa realidade verían que quen están realmente espidos son vostedes. Eu creo que non hai peor cego que o que non quere ver. E vostedes están tan cegos e tan preocupados en facer crítica ao Goberno que non ven as dinámicas, nin os resultados, nin os éxitos en positivo que ten o sistema educativo galego. Vostedes están na súa caverna borrosa, están na súa caverna e non ven con nitidez o que pasa por aí, non o ven, como aquel filósofo grego. E, certamente, claro, todo o seu discurso cae, e quedan absolutamente espidos e case pasados por un escáner.

Fíxese vostede: pide datos e pide estatísticas. O señor portavoz creo que puxo xa algúns datos encima da mesa, clarísimos, das dinámicas e dos procesos educativos que hai en Galicia, sobre todo a nivel comparativo. Mire:

Galicia ten a escola máis inclusiva de España. Iso non é un conto, nin é un comentario de taberna; ese é un dato empírico contrastado e feito polo Ministerio de Educación de España.

Galicia é a comunidade autónoma que ten menos diferenza en resultados entre os centros educativos públicos e os centros privados, e tamén a que ten menos diferenza entre o ensino rural e o ensino urbano.

Os datos de coñecemento de PISA e a posición de Galicia dentro de PISA é coñecida. Non imos repetilos.



Temos tamén algo moi importante ao que lle damos moita importancia: Galicia ten un ensino centrado en valores, e os alumnos galegos son os máis tolerantes e os máis respectuosos, así como os que teñen maior coñecemento das linguas cooficiais de España; un dato oficial. Coñecemos hai moi poucos días que somos tamén a comunidade autónoma que ten o menor absentismo escolar de España.

En ratio profesores-alumnos. ¡Home!, sempre se pode mellorar, sempre, pero temos a segunda mellor ratio de España.

En ensino dixital, despois do País Vasco, somos a segunda comunidade autónoma que ten unha maior implantación e desenvolvemento das novas tecnoloxías no ensino.

En FP, sen dúbida, somos pioneiros, e estamos nos mellores postos. Somos a comunidade autónoma que comparativamente en alumnos de FP-alumnos de bacharelato está en mellor posición, despois do País Vasco, tamén hai que dicilo.

En centros integrados de formación profesional somos, tamén despois do País Vasco, a segunda comunidade autónoma que ten máis número destes centros. E iso é moi importante porque a empregabilidade que xeran estes centros educativos supera o noventa por cento, e temos que pensar fundamentalmente en que o que se fai nun centro educativo sexa útil para os alumnos. E un alumno de formación profesional que se titula e se coloca no mundo da empresa, onde pode desenvolver o seu traballo e pode desenvolverse humana e profesionalmente, é o máis importante. E temos máis do noventa por cento de empregabilidade practicamente de xeito inmediato, coas FCT, a FP dual, con todo o que vostedes queiran dicir. Tamén, por suposto, nos IES —ten razón o señor Álvarez— hai moi bos ciclos de FP, pero os centros integrados teñen unha potencialidade enorme, como nos reflicten os datos de inserción laboral.

E mire outro dato que é indiscutible, un dato do Ministerio: Galicia está á cabeza de investimento por alumno de España, salvando as comunidades forais. Sacando as comunidades forais, o País Vasco e Navarra, Galicia ten o maior investimento por alumno.

Creo que estes son datos que falan ás claras da importancia que lle dá este Goberno da Xunta de Galicia á ensinanza e á educación, e creo que iso sinceramente os deixa a vostedes absolutamente espidos, porque as súas críticas son críticas que non se sustentan por ningún lado.

Hai moita retórica; recoñezo que o portavoz do partido do Bloque ten unha boa retórica, ponlle emoción. Pero todo iso non vale se detrás de todo iso a súa crítica non se sustenta na realidade. E a realidade é que temos un bo sistema educativo, mellorable, pero un bo sistema educativo, que está moi por riba do panorama que vostedes plantexan del.

Falou de anticipación, pois si nos anticipamos. E creo que fixemos plans para anticiparnos ás diferentes problemáticas que podían xurdir dende o inicio de curso. Algúns deles afortunadamente non foi necesario implementalos, e ¡oxalá non sexa nunca necesario implementalos! Outros implementáronse parcialmente, e funcionaron e funcionaron ben. Por exemplo,



o Plan de ensino virtual implementouse aproximadamente en trinta mil alumnos. Oia: hai algunha problemática, obviamente, e o ensino non é o mesmo, obviamente. Pero funcionou cun nivel de aceptación moi razoable.

O Plan de atención ao alumnado vulnerable. ¡Oxalá non faga falta activalo! Pero, se fai falta, temos arredor de catro mil profesionais que saben o que teñen que facer, con instrucións claras e nítidas para atender os alumnos que máis o precisan.

Ou o Plan de benestar emocional, que fomos os primeiros de España en impulsalo, porque somos conscientes de que hai unha problemática, sen dúbida, emocional, sobre todo no alumnado, pero tamén no profesorado nestes momentos.

O Plan de financiamento universitario. Os que houbo ata o momento foron acordados de xeito unánime coas universidades. A todos lles gustarían máis recursos, aos reitores, á Xunta, a todos, pero foron aprobados de xeito unánime coas universidades, posibilitando que tivesen unha estabilidade e unha certeza económico-financeira que lles posibilitou ás universidades galegas seren case unha *rara avis* no panorama español. Puideron aprobar con ritmos alcistas os orzamentos en tempo, forma e prazo. Comparativamente con outras comunidades autónomas é case inaudito. E, por suposto, prorrogouse por mutuo acordo cos reitores, porque non parecía lóxico, nun ano de pandemia e de confinamento, estar negociando algo tan transcendental para o presente e para o futuro do país como é un Plan de financiamento universitario.

Tres camiños. Cuestionar esta serie cando estamos a falar de que se pode ver —e di que non se ve— en douscentos países, en Amazon, e vaise ver na TVG. (*Murmurios.*) Agardo que vos tedes cando a vexan na TVG a critiquen, xa sabemos que a van criticar. Pero pódese ver en douscentos países, nunha das plataformas de difusión a escala mundial máis importantes do mundo; xunto con Netflix son as dúas máis importantes. (*Murmurios.*) Aquí estamos falando de promocionar o Camiño, de promocionar Galicia, ¿vale? (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) E cando levanten a cabeza e a vexan, daranse conta de que poderá gustar ou non. O mundo das series, igual que o mundo do audiovisual, o mundo da literatura, pode gustar ou non persoalmente ás persoas, pero é unha serie que promociona os valores do Camiño e promociona Galicia e fomenta neste caso a peregrinación.

Outra cuestión que tamén volve deixar nunha nebulosa dentro da caverna ao Bloque Nacionalista é a lingua. Entendemos que é parte do ADN; o seu ADN susténtase en intentar defender a lingua dicindo que son os únicos paladíns da súa defensa. E cuestiona constantemente o Partido Popular e cuestiona constantemente o sistema de ensinanza. Eu creo que aquí hai que ir aos datos, ao informe PISA. ¿Que nos di o último informe PISA? Que Galicia é a comunidade autónoma onde o estudantado usa máis e mellor as dúas linguas propias. Perfecto; dato incuestionable.

Datos do IGE, que no seu momento non lles gustaron a algúns representantes políticos. ¿De que nos falan? De que se incrementa o número de galegofalantes, que falan máis galego hoxe que hai cinco anos, que hai unha lixeira repunta no uso da lingua habitual nos máis mozos. É dicir, datos que son do IGE e que están encima da mesa.



Pero unha cuestión que tamén parece sorprendente é que hai moi pouco por parte do Goberno dos seus socios, do Goberno do Estado, se defendeu o modelo educativo galego; un modelo educativo en equilibrio, que non xera problemas, e un modelo de convivencia. Algúns representantes políticos chegaron a cuestionar o Goberno de España porque non lles daba a razón aos seus socios. É certo que vostedes gobernan co Partido Socialista en todas partes onde poden, en todas: deputacións, concellos... Gobernarían aquí se puideran, sen dúbida —lórico e normal, non é criticable, é unha descrición dunha realidade. Pero os seus socios avalaron absolutamente a política lingüística educativa da Xunta de Galicia; vostedes cuestionárona, dixeron que estaba mal. Ben, pois que non teña sentido está ben. Aí é onde se ve que cando empezan a quedar espidos intentan vestirse rápido, pero non atopan a prenda adecuada para tapar as vergonzas. Pero iso —como xa dicía— é unha cuestión do día a día.

En definitiva, señorías, creo que Galicia está facendo o seu traballo, o sistema educativo galego é dos primeiros durante moito tempo. Sen máis, falouse aquí da LOMLOE; unha lei que está xerando e vai xerar, sen dúbida, conflitos, en cuestións que non inciden na mellora educativa, que simplemente xeran ruído en moitas ocasións. E as cuestións plenamente educativas, as que teñen que ver coa educación, algunhas en Galicia xa están cubertas.

Hai moi pouco houbo unha análise comparativa sobre os principios que plantexaba a LOMLOE na perspectiva educativa e a situación de Galicia. A inmensa maioría, moitas, xa estaban conseguidas en Galicia. E dicíanos esta análise que eramos a comunidade máis equitativa, que tiñamos a maior rede de centros de educación especial, coa maior integración do alumnado no sistema ordinario, que estabamos no *top* do ensino da educación infantil, que tiñamos unha lingua vehicular que non xeraba ningún problema. Vimos un anuncio de que se ía facer FP bilingüe, aquí xa se fai dende fai bastante tempo. En definitiva, unha lei que creo que máis que xerar aportes en positivo, está xerando e vai xerar moitas dúbidas no sistema educativo. Como vimos cos profesores de FP, onde despois de aprobar e non aceptar ningunha emenda, agora se está autocorrixindo o propio ministerio para intentar modificar unha lei que está aprobada. O que é unha cuestión francamente, cando menos, surrealista.

En definitiva, señorías, Galicia ten que coidar, sen dúbida, e ten que promover a súa cultura, a nosa cultura, o noso patrimonio, a nosa lingua, porque é unha herdanza do pasado que temos que conservar, pero temos que prepararnos para o futuro. E temos que prepararnos para o futuro cun modelo educativo e cun modelo universitario que sexa propio, que sexa diferenciado, que se engarce co resto da sociedade, co resto do mundo no cal vivimos, e que nos permita desenvolvernos con garantías no futuro. Creo que iso é o máis importante.

A presentación que hoxe fixemos sobre as accións da Consellería do que nos falan é dunha folla de ruta de accións culturais e educativas que van orientadas a reducir os impactos negativos, que existen, sen dúbida, algúns moi profundos, sen dúbida, da pandemia en toda a sociedade, e que debemos apostar e traballar pola reactivación e polo futuro de Galicia. Neste caso, como me corresponde, en dous eidos significativos e moi importantes: o eido cultural e tamén o eido educativo.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)



O señor PRESIDENTE: Grazas, conselleiro.

(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

Rolda especial.

Grupo Parlamentario Socialista, señor Álvarez Martínez.

O señor ÁLVAREZ MARTÍNEZ: Moitas grazas, señor presidente.

Permítanme, señorías, que, en primeiro lugar, faga unha referencia a esas afirmacións do señor Rodeiro sobre a LOMLOE. Foi unha lei sen diálogo —di vostede—, porque, claro, convén permanentemente repetir ese mantra, a ver se por osmose vai calando e acaba a xente interiorizando que foi unha lei feita sen diálogo. Sabe vostede perfectamente, coma min, os meses que estivo en exposición pública, os atrasos que sufriu na súa tramitación como consecuencia da pandemia, pero imos dicir que foi unha lei sen diálogo, porque sempre queda ben. Hai afirmacións que eclipsan calquera argumentación que se faga posteriormente. Polo tanto, imos dicir que foi sen diálogo. *(Aplausos.)*

Fala vostede de que se abandonou o Pacto de Estado de educación. Sabe vostede —supoño— que houbo unha consigna dunha tal Dolores de Cospedal —que, por certo, parece ter algún tipo de vinculación cos «papeis de Bárcenas»>; eu non vou dicir nin que si nin que non, simplemente o deixo aí porque está na opinión pública, e non estou dicindo nada que non teña respaldo—, quen deu instrucións para que non se chegase a ningún tipo de pacto de Estado cando estaba de ministro de Educación o actual portavoz do Partido Socialista na Asemblea de Madrid. Pero isto tampouco importa, é irrelevante. Todo é cuestión de criticar o caos no que se vai sumir o sistema educativo, a liberdade de elección de pais tirada polo chan, o respecto á autonomía dos centros tirado polo chan, o profesorado tirado polo chan. Todo mal, todo mal, todo mal. E vostedes todo ben, todo ben, todo ben. Esta é a síntese do discurso do señor Rodeiro.

Por certo, señor Rodeiro, falou vostede como sempre —¿como non?— dos datos que sitúan a comunidade autónoma de Galicia entre as mellores, en canto á ratio alumnos-profesores. ¿A ver se somos capaces, polo menos, de poñernos de acordo no emprego das mesmas fontes? Porque os últimos datos publicados no Ministerio de Educación non dan un 9,2 para Galicia, dan 10,3, pero iso tampouco é relevante. É certo que ten unha das ratios mellores de todo o Estado, consecuencia evidente de que temos poucos alumnos.

E falaba vostede tamén da taxa de abandono escolar, pero omite voluntariamente que esa diferenza afortunada na taxa de abandono escolar é común no resto de Estado. Pero non, é o milagre galego.

Señor conselleiro, o que si é de serie é que vostede diga que as críticas da oposición son de serie, porque vostede sempre di iso. Non temos en conta as evidencias. Podemos falar de datos, todos os que queiran; tamén sabemos interpretalos, tamén sabemos consualos.

E fala vostede da empregabilidade dos centros integrados de formación profesional do noventa por cento. ¿Cal é a empregabilidade nos outros centros? ¿Están a proporcionar uns re-



sultados substancialmente mellores?, ¿si ou non? ¿Teñen iso analizado ou simplemente nos quedamos cun dato que posiblemente sexa moi similar nos outros centros, en función de que familias profesionais, evidentemente, pero dicimos soamente o dos centros integrados? E fala vostede do Plan de ensino virtual. Non vou dubidar, claro que non, do esforzo inxente que se fixo en Galicia e no resto do Estado en formar o profesorado para facer fronte a un novo escenario de suspensión de actividade lectiva ordinaria, pero créame que lle digo de corazón que mellor será, por todos, non ter que activalo. Porque, ao mellor, o resultado dese Plan de ensino virtual non é tan bondadoso como queren facernos ver. E non porque en Galicia se fixera dunha forma substancialmente peor, nin substancialmente distinta; simplemente porque a complexidade da orientación da formación do profesorado en concreto é moi complexa, e posiblemente estea máis orientada a un uso instrumental que a un uso cunha robustez e solidez pedagóxica importante.

Unha cousa —porque vostede, loxicamente, sabémolo todos, ten tempo ilimitado, nós témolo moi limitado para todo o que temos que falar—: en ningún momento ese informe ao que vostede fixo referencia sobre a política lingüística da Xunta de Galicia conta co aval do Ministerio de Educación. Máis que nada porque nunha mera lectura —aínda que está en inglés pódese traducir con certa comodidade— o que reproduce é íntegra e literalmente o que di a Xunta de Galicia, o que a Xunta de Galicia lle trasladou á Unión Europea, non o criterio do Goberno do Estado. (*Aplausos.*)

Para rematar, señor conselleiro, anunciou vostede un novo Plan de atención e diversidade. Non foi sen tempo se fixeron o Plan de atención e diversidade. Anunciou un novo Plan de Igualdade, e pregunto: ese novo Plan de igualdade nos centros educativos, ¿sobre que criterios se está a construír, se vostedes se negaron sistematicamente a avaliar o que houbo entre o ano 2016 e o ano 2020? Se non se avaliou, ¿sábese se foi ou non foi acertado, se houbo que facer correccións, ou facemos un novo plan sen ter en conta o que aprendemos de aplicación do anterior?

Vou rematando. Con respecto á universidade, falou vostede dunha revisión da normativa, dunha mellora das titulacións duplicadas, dunha especialización dos campus... ¡Vaia novidade: especializar os campus! Levámoslos especializando non sei cantos anos, ¡e agora no novo plan da Consellería vanse especializar!

E preocúpame esa nova carreira investigadora e docente. Agora resulta que vostedes van apostar de repente pola investigación e a captación de talento. Pero se levamos oíndo esa murga —con perdón do termo— anos da aposta da Consellería nesas liñas, da estabilidade, e non foi sen tempo que aposten vostede pola estabilidade dese persoal.

E, para rematar, señor conselleiro, o da cultura non foi un plan de reactivación, foi no mellor dos casos un plan de reprogramación.

De verdade, créame que desexamos desde o noso grupo parlamentario o mellor dos éxitos no ámbito da cultura, no ámbito da educación e no ámbito da universidade, porque o único que coñecemos hoxe nesta comparecencia foi o anuncio do título do capítulo, pero non sabemos absolutamente nada da literatura que hai detrás dese título.



Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Álvarez Martínez.

(*Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.*)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, señor Lourenzo Sobral.

O señor LOURENZO SOBRAL: Grazas, presidente.

Unha cuestión previa: un agradecemento, señor Rodeiro, porque non sei se se decatou de que estamos na comparecencia do conselleiro de Educación e Cultura. Dígoo porque a min nomeoume sete veces na súa intervención e ao conselleiro unicamente unha. Non se preocupe que, en calquera caso, en vindeiras ocasións teremos máis ocasións de debater con vostede. Hoxe, pese ás súas referencias, de verdade, permítame que me centre no conselleiro.

As referencias ao recoñecemento do profesorado, claro que nos sumamos todos, e, dende logo, está absolutamente ben. O que pasa é que, ademais do recoñecemento, señor conselleiro, estaría ben actuar con feitos. E nós aquí fixémoslle propostas: ¿vai vostede recuperar as ratios máximas profesor-alumnos que vostedes mesmos incrementaron?, ¿vai vostede recuperar a perda salarial que tivo o profesorado durante os gobernos do Partido Popular?, ¿vai vostede restablecer o horario que vostedes incrementaron ao profesorado da comunidade educativa? Porque eu estou convencido de que o profesorado e a comunidade educativa lle agradecen moitísimo os seus agradecementos, pero moito máis agradecido estaría se vostedes derrogan estas ordes que foron as que provocaron a perda de dereitos salariais e laborais do profesorado.

E despois non me faga trampa, conselleiro, que isto o señor Sánchez Izquierdo pode crerllo, pero as persoas que estamos na comunidade educativa créame que non. Que vostede estea a facer un xogo de palabras entre o que son as ratios profesor-alumnos e o que son as ratios máximas de alumno por aula é que, de verdade, créame que esas ratios si se incrementaron por parte do Partido Popular e si están a provocar problemas, sobre todo nos centros urbanos. É unha trampa que, ben, podo entender, pero créame que na comunidade educativa non lle vai ter moito éxito.

Lingua. É tremendo o tema do idioma, señor conselleiro. Os datos do IGE reflicten —acabo de verificalos— que un 24 % de alumnos da xente moza non a emprega nin a usa; porque tamén están xogando á confusión entre que é competencia e o que é uso. Estou seguro de que vostede coñece perfectamente a diferenza, e pídlle que non xogue á confusión cun tema tan sensible. O 24 % do alumnado di que coñece pouco ou nada, non usa nada, a lingua galega. E eu pregúntome: ¿onde se estarían escoitando os berros do Partido Popular se neste país se dixese que o 24 % da mocidade coñece ou usa pouco ou nada a lingua castelá? ¿Cal sería a dinámica que estaríamos a ter por parte do grupo de goberno?

¿Por que fan referencia á LOMLOE? ¿Vostedes leron o que di a LOMLOE a respecto do uso da lingua? É que iso é falso. O que deriva é que, basicamente, as comunidades se xestionen polos decretos correspondentes. E, de verdade, despois entran nunhas contradicións que xa



son de libro. Por unha banda, o señor Rodeiro dicía que a LOMLOE contribuía a este especie —non sei— de galeguización sistemática do ensino —unha lei do Goberno— e, por outra banda, o conselleiro dicía o contrario, que o Goberno se vén sumar ás posturas do Partido Popular. De verdade, señores do Goberno e señores do partido que sostén o Goberno, coordinen cando menos un pouquiño os seus discursos cando estamos a falar de cuestións de lingua.

Non me dá tempo a avanzar moito máis. Só dúas cuestións:

Profesores técnicos de formación profesional. Eu é que teño que dicilo, politicamente dígoo con todo o respecto —enténdanme en termos políticos—: hai que ter un rostro de formigón armado para vir a esta tribuna demandar que se resolvan os problemas dos profesores técnicos de formación profesional, cando o Partido Popular acaba de votar hai escasas semanas na Comisión 4ª, de Educación, que se demandase a solución a estes problemas que están demandando estes profesores. ¿E por que o fan? Porque son moito de poñerlle deberes ao Goberno do Estado, pero como nesa iniciativa tamén se solicitaba que a Xunta implementase un incremento salarial en tanto en canto esta solución non se resolvese, é dicir, que a Xunta fixese os seus deberes; entón, aí votaban en contra.

E fixo tamén vostede referencia —e remato, presidente— ao informe do barómetro do Consello da Cultura Galega, e é curioso porque fai referencia a un dato descontextualizado. ¿Vostede sabe o que di ese informe, señor conselleiro, —estou convencido de que si o sabe— ao respecto da valoración do papel da Xunta de Galiza na dinamización da cultura galega? Uns 3,6 puntos menos a respecto do barómetro anterior, está establecido. Dígollo porque agora ten a súa intervención e, ademais, non ten limitación de tempo, señor conselleiro, poderá facelo sen interromper.

E respecto do idioma —para rematar—, eu creo que se un tema debe unir un Parlamento coma este é a cuestión da lingua. Polemizar e empregar a lingua como ferramenta reboladiza simplemente para sumarse a intereses partidistas creo que é unha irresponsabilidade de libro que non nos podemos permitir. Quen está dicindo que é necesario implementar medidas de inmersión lingüística na comunidade educativa é unha xente tan sumamente perigosa, tan sumamente radical, como é a UNESCO e o Consello de Europa. (*Aplausos.*) A ese nivel está a chegar o Partido Popular nunha estratexia de radicalización e de competir, non se sabe moi ben con que nestas cuestións, para ocupar non se sabe moi ben que espazos electorais...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor LOUREZO SOBRAL: ...empregando unha lingua milenaria.

Remato facendo un chamamento honesto a que, cando menos, señor conselleiro, cando menos, señores do Partido Popular, no caso da defensa do galego, non nos sumemos a ese carro, porque é un carro da negación, do odio e daqueles que sistematicamente dedican os seus esforzos a acabar coa lingua galega. Agardo que asuman esa responsabilidade.



Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Lourenzo Sobral.

(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

Grupo Parlamentario Popular, señor Rodeiro.

O señor RODEIRO TATO: Moitas grazas, señor presidente.

Señor Álvarez, vou dicir o que dicía a Comisión Europea, porque parece que se o di o noso grupo perde todo o valor. A Comisión Europea pedía no Informe monitor de educación e formación, respecto da Lei Celaá, que había que investir o tempo necesario para a construción dun consenso político e social amplo e duradeiro no tempo, e ademais pedía que se debía apostar pola profesión docente, pola formación profesional e pola ensinanza superior; temas que, efectivamente, a lei non abordou, nin tan sequera foi informada polo Consello de Estado.

Pero alégrame saber que o máximo defensor da lei é o portavoz do Bloque Nacionalista Galego, máximo defensor da lei e o máximo defensor da ministra. Pois, efectivamente, xa lle pode contar vostede, señor Lorenzo, na situación en que quedan os profesores de FP, que non contenta a ninguén, para defender así des maneira a lei. A verdade é que debe ser para manter vivos eses gobernos provinciais e municipais.

En todo caso, señor conselleiro, a min gustaríame falar tamén das propostas que vostede trouxo aquí; como dicía o señor Lorenzo vou falar das propostas e vou dirixirme tamén ao señor conselleiro. Por iso quero agradecerlle a exposición nesta cámara das intencións do seu departamento para os vindeiros anos. A verdade é que, deixando de lado calquera visión partidista e interesada, creo que hoxe quedou ben claro unha cousa: que a Xunta de Galicia ten un plan para mellorar a educación pública dende infantil ata a universidade, ten un plan para reactivar e potenciar o sector cultural galego e ten un plan para que a nosa lingua siga sendo un elemento vital no presente e no futuro do noso país. Obxectivos que, dende logo, non son menores, xa que estamos a falar de incrementar as oportunidades para os nenos e as nenas da Galicia de hoxe e para mellorar a Galicia do mañá.

Polo tanto, creo que reconforta saber que, ademais na pandemia que estamos vivindo, todo o que hai que atallar fronte á crise, as consellerías están a traballar en facer e, sobre todo, en pensar e elaborar plans de estratexias de futuro para poder saír máis fortes desta pandemia. E isto pasa por abordar cada un dos desafíos que temos por diante, que ten por diante esta consellería, e, dende logo, por seguir creando un modelo educativo propio, avalado polos resultados de carácter nacional e internacional, e, sobre todo, por conseguir un ensino inclusivo, de calidade, de valores, de convivencia e de igualdade, ao que tamén xa me referín na intervención anterior.

Vostede falou tamén dun ensino que pase pola aposta educativa dixital e tecnolóxica nos centros a través da Estratexia 20-30, un ensino que pase pola modernización dos espazos de aprendizaxe e innovación, e que pase pola aposta decidida pola formación profesional, e tamén polo fortalecemento da coordinación e a suma de sinerxías coas tres universidades galegas.



Hai que salientar tamén o esforzo que está facendo esta consellería polo sector cultural, que non hai que esquecer as palabras do ministro de Cultura. Polo tanto, un plan que puxo encima da mesa vinte e seis millóns de euros, aos que se suman outros vinte e tres millóns que se están executando neste primeiro trimestre do ano.

Polo tanto, creo que é fundamental apoiar o fortalecemento da cultura, tamén o fortalecemento do patrimonio cultural, no que vostede falou dun importante plan de restauración e consolidación de distintas catedrais, despois da de Santiago, e por suposto da lingua. Creo que dende o respecto e a tolerancia é intención da Xunta de Galicia —e quedou claro— garantir o futuro do galego en todos os ámbitos sociais e en todas as circunstancias, e ademais nos últimos anos o galego véñse reforzando como lingua maioritaria en Galicia, onde hoxe o galego é máis falado que hai cinco anos.

Creo que temos que seguir acariñando os novos falantes do galego. Eu xa sei que aquí hai partidos que o prefiren impoñer; nós non compartimos nada ese posicionamento. Cada vez que pretendemos impoñer algo, señor Lorenzo, os resultados vólvense contrarios. Polo tanto, nós apostamos por seguir traballando por un camiño a medio e longo prazo, para seguir conseguindo máis falantes en galego e seguir trasladando tamén o galego ao mundo tecnolóxico.

En definitiva, neste grupo parlamentario estamos convencidos de que a Consellería conta cunha ruta precisa, cunha folla de ruta estudada, dialogada con cada un dos sectores e que permitirá levar adiante todos estes obxectivos.

E fronte a iso, pois, efectivamente, atopamos o de sempre. Atopamos por parte do Bloque Nacionalista Galego un diálogo vacuo, facendo a súa oposición de sempre, nada novo, desnortada, e que todo, todo, todo, absolutamente todo, está mal, aínda que os datos certifiquen exactamente o contrario.

Polo tanto, creo que temos que seguir traballando nunha Galicia máis formada, máis tecnolóxica, máis auténtica e con toda a forza da nosa historia e tradición como pobo.

Máis nada e moitas grazas, señor presidente (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Rodeiro.

(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

Peche da comparecencia, conselleiro de Cultura, Educación e Universidade.

O señor CONSELLEIRO DE CULTURA, EDUCACIÓN E UNIVERSIDADE (Rodríguez González): Moitas grazas, presidente.

A verdade é que estamos nun momento político tremendamente complexo. Creo que todos somos conscientes de que o que fagamos nos vindeiros anos, incluso nos vindeiros meses, vai marcar o devir das diferentes accións, dos diferentes servizos públicos. Creo que son mo-



mentos onde temos que ter unha altura de miras acorde coas circunstancias, e temos que intentar non xogar ao regate curto que habitualmente e por desgraza se xoga en política. Temos que ter visión, temos que saber o que debemos facer. Podemos equivocarnos, pero temos que intentar saber o que temos que facer para mellorar os servizos públicos. E creo que, por extensión, a sociedade, a economía en xeral e no ámbito que nos atinxe, neste ámbito concreto, os nosos esforzos van orientados e van estar orientados a algo fundamental, que é a reactivación, que é a reactivación dende a perspectiva cultural e a reactivación dende a perspectiva educativa.

Porque xa o dixemos: por unha parte, dende a Consellería temos unha responsabilidade: a de coidar, a de manter, a de valorizar, a de proxectar para o futuro o noso pasado, a nosa herdanza cultural, a nosa tradición, a nosa cultura, en definitiva. Pero, por outra, temos tamén unha responsabilidade no presente, cos centos de miles de nenos e nenas, cos centros de miles de familias, que están hoxe agora mesmo nun colexio, nun instituto, nunha facultade preparándose para o futuro. E creo que esa é unha responsabilidade, que debemos deixar estes debates de regate curto e ver para adiante.

E nese sentido é a nosa proposta, que é unha proposta de goberno, que corresponde a unha comparecencia de liñas xerais. Nós non vimos aquí facer florituras retóricas ou intentar atacar dun xeito específico o rival político. Non é o momento. Obviamente, se nos meten o dedo no ollo, nós tamén teremos que facelo, pero non é o momento.

Non pensen vostedes que esta formación política, este partido e este goberno pensan só, como fan outros gobernos, no titular do día seguinte; (*Murmurios.*) pensan no que ten que pensar un Goberno responsable, que, por certo, ten o apoio maioritario da sociedade galega. E iso non se consegue con florituras ou con enganos, ou con *powerpoints*, porque á parte somos un país pequeno, onde nos coñecemos a inmensa maioría dos cidadáns e nos coñecen. Os cidadáns coñécennos a nós e tamén os coñecen a vostedes, en xeral. É raro atopar un galego que non coñeza persoalmente un deputado, seguro que si e é moi raro que un cidadán galego non teña acceso a un representante político en Galicia e que non coñeza as políticas que fai cada un, e iso, ao final, é o que debemos poñer encima da mesa.

Nós apostamos polo que estabamos dicindo, por unha reactivación dende a cultura, sabendo que temos unha porcentaxe de galegos e galegas que viven dela —30.000 persoas aproximadamente—, que temos que incentivar o seu traballo, que temos que protexelos neste momento tan duro e tan difícil e sabendo, ademais, que a cultura forma parte do que somos, da nosa identidade, e que é fundamental. Para que sexamos un pobo libre e un pobo con futuro temos que ser un pobo culto, e temos que traballar, sen dúbida, nesa liña.

O mesmo pasa coa lingua. A lingua é un referente. A lingua non é de ninguén; un partido político non se pode apropiarse dela. Nós temos un modelo propio no ámbito educativo. De aí, mire, houbo unha frase que me gustou do portavoz do Bloque Nacionalista Galego. Dixo que non se utilizase a lingua como unha ferramenta política. Píddlolo por favor, non o faga, porque a tradición histórica nos últimos anos do Bloque Nacionalista Galego era usar a lingua como unha estratexia de confrontación e de diferenciación respecto do resto. Píddolles que non o fagan, que non o utilicen. (*Murmurios.*) Aí estaremos de acordo, en ter un modelo como



o que temos en Galicia, que é un modelo de convivencia e un modelo que se pode extrapolar a outras comunidades autónomas, porque os datos de PISA e do IGE nos veñen dicir que somos a comunidade autónoma con lingua propia onde os mozos máis e mellor a coñecen, se expresan e a usan —a lingua propia e as dúas linguas—. Eses son datos estatísticos, non inventados. E creo que iso é moi importante; é moi importante que se coñeza e se difunda o modelo galego: equilibrio, convivencia e respecto, respecto mutuo.

Mire, hai outros modelos noutras comunidades autónomas, pero, afortunadamente, en Galicia nunca houbo escraches a familias que piden ensinanzas noutras linguas; noutras comunidades autónomas, si. Aquí nunca houbo sentenzas que obrigasen un profesor ou unha familia a ter un ensino ou a non telo nunha lingua ou noutra lingua. Aquí non houbo nunca expedientes constantes a profesores, e creo que iso é un valor. E, pese a todo iso, en Galicia temos os mellores datos de coñecemento e de uso de todas as comunidades autónomas. Niso, por favor, fáganlle caso, grupo do Bloque Nacionalista Galego, ao seu portavoz e non utilicen a lingua como un elemento de ferramenta e de confrontación política. (*Murmurios.*)

E, por suposto, mirando para o mañá, vemos que temos un modelo educativo —creo que tamén aí coincidimos bastante co señor Álvarez— que é un referente e que vén avalado polos bos resultados, polos datos que se pedían de calidade, de equidade, que xera igualdade de oportunidades, que educa en valores e que ten que seguir mellorando constantemente, con novos espazos educativos, con maior tecnoloxía dixital, cun salto cara á intelixencia artificial. Queirámolo ou non, vai condicionar unha gran parte da nosa vida no futuro a nivel produtivo ou a nivel de contacto social ou contacto humano, e busca unha FP que posibilite dar oportunidades aos alumnos que aí se formen para que o seu traballo sexa útil ás empresas, sexa útil á actividade produtiva, e, por extensión, sexa máis competitiva, e tamén para que eles teñan unha maior capacidade de empregabilidade e de atopar un sustento e unha vida con base nos coñecementos e nas destrezas que toman ou que adoptan no sistema educativo.

Por suposto, en todo isto tamén temos que ver unha recuperación e unha activación dende a perspectiva da universidade. Aquí os plans e a folla de ruta son moi claros: novo plan de financiamento, estabilidade, seguridade e recursos e un novo mapa de titulacións. Xa presentamos hai pouco unha primeira parte cos novos másteres. Temos que traballar polas novas titulacións para pechar o círculo da oferta formativa e, por suposto, deseñar unha nova carreira científica no sistema universitario galego, para dar estabilidade e para xerar —algo que non pasa en case ningunha das outras comunidades autónomas— unha estabilidade no persoal investigador.

Señorías —xa remato—, o camiño acabámolo de presentar, o que temos que facer, o que queremos facer. Obviamente, agora temos que percorrelo. Fixémolo con transparencia, fixémoslo con honestidade e fixémoslo asumindo a responsabilidade, porque agardemos que todo o que dixen hoxe, dentro de catro anos, se poida avaliar se se fixo ou non se fixo, se se cumpriu ou non se cumpriu, e a partir de aí vostedes poderán criticar ou non. Obviamente, o plan que plantexa a Xunta de Galicia non é o que vostedes plantexarían, iso é lícito, e forma parte do xogo político e do xogo democrático, pero se nós anunciamos un plan, unha acción, unha estratexia, poden estar absolutamente seguros de que o imos facer. Non será o que lles



guste a vostedes, ¡só faltaría!, pero si o imos facer, porque entendemos que é necesario para o presente e para o futuro deste país.

En definitiva, afrontamos unha acción política no que queda de lexislatura que, partindo do respecto e do coidado do noso pasado, se centre no noso presente e que, sobre todo, nos prepare para o futuro.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, conselleiro.

(*Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.*)

Acumulación de dúas comparecencias para a súa exposición conxunta

Comparecencia da Sra. conselleira do Mar, por petición propia, para dar conta do impacto que en materia pesqueira pode ter o acordo de saída da Unión Europea por parte do Reino Unido, así como das actuacións que se van desenvolver no futuro na defensa de Galicia nesta cuestión

Comparecencia da Sra. conselleira do Mar, por solicitude dos dezanove deputados e deputadas do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, para explicar o contido e a afectación do recente acordo entre a Comisión Europea e o Reino Unido sobre o *Brexit* no sector pesqueiro galego e as medidas que prevé adoptar fronte ás consecuencias del

O señor PRESIDENTE: Acúmulanse estas dúas solicitudes de comparecencia.

Para formular esta comparecencia, ten a palabra a señora conselleira do Mar, dona Rosa María Quintana Carballo.

A señora CONSELLEIRA DO MAR (Quintana Carballo): Grazas, señor presidente.

Señorías, moi bo día.

Comparezo hoxe nesta sesión plenaria do Parlamento para dar conta da evolución e dos feitos que en relación á pesca ten o *Brexit*, proceso complexo, longo e denso que ten e pode ter serias consecuencias para a actividade marítimo-pesqueira galega.

É este un asunto no que temos tras de nós e diante de nós un amplo traballo, tanto en solitario como da man do sector, e tamén dentro e fóra de Galicia, buscando un resultado que, a pesar de non darnos todo o que pediamos e tendo unha cor escura, aínda ten algunha porta aberta para as melloras.

Hai case catro anos comparecía tamén nesta Cámara para dar conta de como afrontabamos o proceso, e pedía daquela unidade e espírito de colaboración para a formación dun movemento de *lobby* que nos puidese manter a flote nun tema tan complexo. Desde esa mesma petición, volvo comparecer hoxe.



Galicia empezou a traballar na análise e proposta de actuación fronte a este proceso desde o mesmo momento do coñecemento do resultado do referendo. O propio día 24 de xuño de 2016 contactabamos xa co Instituto Universitario de Estudos Europeos Salvador de Madariaga, da Universidade de Coruña, para realizar un informe ao respecto. Este informe, dirixido polo profesor Sobrino Heredia, analiza a retirada do Reino Unido da Unión Europea e as súas posibles consecuencias para o sector pesqueiro de Galicia, dende unha óptica do marco lexislativo e administrativo, definindo ese abano de posibilidades da saída, do acordo posterior e de como facer a propia desconexión.

Este paso foi o inicio de dúas constantes: unha, a formulación dunha análise técnica en termos normativos e económicos que servise como base dos nosos argumentos e peticións nas propostas que España e a Unión Europea formulasen nesta negociación; e dúas, a presentación, información e participación do sector en todos e cada un dos pasos adoptados de cara a fortalecer, non só a unidade, senón tamén a completar e a enriquecer a argumentación que puidésemos empregar.

Tras este informe, viñeron outros catro, xa que entendiamos que Galicia debía vixiar con cautela os posibles efectos deste proceso sobre o sector, e traballamos para ter capacidade de resposta ante eles. Por iso, elaboramos tamén un segundo que relataba e recollía unha opinión xurídica sobre o *Brexit* e as súas posibles consecuencias para o sector pesqueiro de Galicia, e que foi encargado tamén ao mesmo departamento da Universidade da Coruña.

A vertente socioeconómica da posible afectación do proceso foi analizada no documento *Impacto económico na pesca galega do Brexit*, formulado polo Grupo de Investigación en Economía Pesqueira e Recursos Naturais da Universidade de Santiago de Compostela.

Avanzada a negociación e tendo en conta o alcance do acordo de retirada do Reino Unido da Unión Europea, promoveuse un novo informe, que baixo o título *As relacións pesqueiras entre a Unión Europea e o Reino Unido tras o Brexit*, foi elaborado de novo polo Instituto Salvador de Madariaga, para ver os novos condicionantes que traía ese paso importante.

Galicia tamén buscou alianzas con outras rexións pesqueiras europeas e, sobre todo, co sector pesqueiro. Son especialmente destacados os actos celebrados coa Alianza Pesqueira Europea, que levaron á sinatura das dúas declaracións de Santiago en defensa da pesca europea e que tiveron ao presidente Núñez Feijóo como primeiro asinante.

Na liña de colaboración a nivel rexional, deuse un continuo apoio mutuo en declaracións, análises e peticións dentro da Conferencia de Rexións Periféricas e Marítimas e da Comisión do Arco Atlántico, onde sempre estivemos colaborando con rexións como a Bretaña ou o País de Loira, entre outras. Mesmo se traballou con rexións do propio Reino Unido, xa que Galicia, baixo a representación do presidente da Xunta, acudiu á Conferencia de Cardiff, no país de Gales, para dar voz aos intereses da nosa comunidade autónoma e dar inicio ao que despois foi o Memorando de entendemento, asinado en xuño de 2018 entre ambas as rexións.

Non deixamos tampouco de participar naqueles foros que con carácter estatal ou mesmo europeo nos permitiron elevar as mensaxes coas nosas propostas e pretensións, como fi-



xemos nas reunións co negociador xefe da Unión Europea para o *Brexit*, o señor Michel Barnier.

Tamén participamos activamente —e tras demandalo de forma expresa— na comisión especial creada polo Goberno central para abordar os temas pesqueiros relacionados co *Brexit*. Esta participación e as nosas aportacións viñan traendo causa das achegas que eran emanadas do grupo de traballo interdepartamental que sobre o *Brexit* e sobre os seus efectos se creou dentro da Xunta de Galicia, así como da casuística recollida na plataforma dixital de asesoramento personalizado que se puxo en marcha e que atendeu a máis de cen empresas.

Neste proceso, Galicia sempre confiou en alcanzar un acordo pesqueiro a longo prazo que proporcionase un marco de xestión que garantise a sustentabilidade das poboacións e a conservación e mellora dos TAC e cotas da pesca, tendo presente que a actividade debера quedar ligada ao acceso mutuo ao recurso, ás zonas pesqueiras e ao mercado. Non obstante, como cabía a posibilidade dun *Brexit* duro, sen acordo, tamén defendemos a preparación para a súa posta en marcha, se fose necesario, de medidas de continxencia. En caso de que se producise ese *Brexit* duro, desde Galicia trasladamos ao Goberno central que se defendese:

Primeiro, que as axudas anunciadas por Bruxelas para a frota afectada beneficiasen tamén a prexudicada pola concentración de máis buques nas súas zonas de traballo polo abandono das augas británicas.

Segundo, que o Estado aprobase —e acabou aprobando medidas neste senso— un real decreto de medidas transitorias, para que os barcos de bandeira británica e capital galego que faenan en Gran Sol poidan manter as súas operacións en portos galegos como o de Celeiro e o de Burela. Para iso, o Goberno central debería dotar ou reforzar as unidades de aduanas e os postos de inspección fronteiriza para non colapsar as descargas, que agardamos que tomen forma continua polo ben das nosas lonxas.

Sen ánimo pretencioso, temos que dubidar que haxa unha rexión europea que fixese máis por defender a pesca neste proceso que Galicia. Así o recoñece a propia Alianza Pesqueira Europea e outras rexións afectadas, que mesmo consultaron a Galicia para elaborar de forma directa posicionamentos sobre o acordo e sobre o Fondo de Compensación.

O acordo de retirada en vigor desde febreiro de 2020, e cun período transitorio que expiraba o 31 de decembro, estaba acompañado dunha declaración política formulada no Consello Europeo do 17 de outubro de 2019, na que estaban plasmadas as liñas xerais de negociación, entre elas as cuestións pesqueiras.

En consonancia con esta, o 18 de marzo de 2020 a Comisión Europea remitía ao Reino Unido o primeiro borrador do proxecto de texto xurídico para a futura relación co Reino Unido; documento que plasmaba as directrices da negociación aprobada polos Estados membros. Para tal efecto, creouse un grupo de traballo baixo a dirección do señor Barnier, cuxa tarefa era preparar e desenvolver as negociacións e coordinar o traballo da Comisión Europea, o Parlamento Europeo e o Consello, sempre baixo o mandato directo da presidenta da Comisión.



Tras nove roldas oficiais de negociación e un impasse de varias semanas, o acordo chegou *in extremis* a finais do 2020, exactamente ao 24 de decembro, e resolvía cuestións que quedarán para a fin da negociación, como a pesca.

En todo este proceso a Xunta de Galicia apoiou sempre as reivindicacións da frota, como recolle a segunda Declaración das comunidades europeas de pesca sobre o futuro do sector pesqueiro en Europa despois do *Brexit*, asinada en xuño polo presidente da Xunta, que defende que as negociacións no eido pesqueiro se levasen ao máis alto nivel.

Mesmo esta cuestión foi recordada e referendada tanto por esta consellería, emitíndose carta da conselleira do Mar ao ministro de Agricultura, Pesca e Alimentación o 30 de novembro, como polo propio presidente, quen emitiu carta aos ministros de Agricultura, Pesca e Alimentación e ao ministro de Exteriores o 20 de decembro, na que se reiteraba a cuestión e o posicionamento en relación coa última proposta que a Unión Europea tiña formulada sobre o ámbito pesqueiro.

Neses últimos compases da negociación e vendo o cariz que tomaban, redobrouse o seu seguimento de xeito permanente; cuestión que desembocou nese acordo do día de Noiteboa e que trouxo o resultado xa coñecido.

A raíz dese pacto, desde a Consellería realizouse unha análise do acordo na tarde do 24 e na mañá do 25 de decembro, en permanente contacto co sector pesqueiro galego afectado. Mantivéronse xuntanzas de avaliación do acordo durante o 26 e o 27 de decembro —sábado e domingo— coas entidades pesqueiras afectadas e cos representantes galegos na Alianza Pesqueira Europea, así como, neses días posteriores, tamén cos representantes da frota das Malvinas.

Desde logo, a nosa valoración foi negativa, aínda sendo provisoria, toda vez que non recibimos información oficial nin do acordo nin dos seus termos por parte do Goberno de España. Seguimos mantendo que o acordo é sumamente negativo porque se entregou de forma definitiva o 25 % das cotas europeas para comprar o acceso durante só cinco anos e medio.

Este acordo é alarmante para a frota galega porque esta política de apaciguamento é mala tanto a curto como a medio prazo. A curto prazo porque perderá cotas importantes de pesca e posibilidades de intercambio que axudaban a facer rendibles as nosas frota e puxantes as nosas lonxas, onde as descargas procedentes do Gran Sol constitúen o maior volume de facturación. E a medio prazo porque a posibilidade de renegociación en 2026 da contraprestación ao Reino Unido en forma de cotas poderá derivarse contra especies demersais nas que as nosas frota teñen baseadas as súas pesqueiras. A longo prazo porque semella que se estragou a última posibilidade de facer forza nunha negociación, ao entregar o acceso aos mercados europeos dos produtos mariños británicos. Agardamos que nos termos definitivos poidan ser equilibrados.

Hoxe, que coñecemos as porcentaxes definitivas das cesións realizadas, que se cifran nun 25 % das cotas xerais, pero que cargan máis nas especies peláxicas, e atendendo aos datos publicados, o acordo impacta de forma dura en Galicia para os que faenan nas augas do Gran Sol e Svalbard, porque perden parte dos seus dereitos e posibilidades de pesca directa e por-



que en cinco anos deberán renegociar ano a ano un acceso que vai ser minorado, e para os que faenan nas augas do Cantábrico e Noroeste, porque as cesións de especies peláxicas poñen moito máis difícil acadar cotas ampliadas de especies como a xarda, o lirio ou o xurelo.

De forma xeral é negativo que o Reino Unido abandone de forma xeral a política pesqueira común, xa que non sufrirá a aplicación de aspectos de difícil cumprimento e que eles mesmos propugnaron para a súa incorporación á política pesqueira común tales como a normativa sobre a eliminación de descartes; amais, non terán que aplicar serias contrapartidas de sostibilidade coa minoración de barcos ou de pesca ao ver aumentadas as súas cotas cos novos arranxos para a ordenación conxunta de máis de cen poboacións de peixes que parece que poderán seguir pescando tamén en augas da Unión Europea.

Amais, nas notas feitas públicas pola Comisión Europea sobre o Fondo de axuste para o *Brexit*, establécese unha prioridade para o acceso ás axudas daquelas actividades que sofren un impacto directo, polo cal Galicia, ao ter o seu impacto marcado de forma indirecta, pode ter dificultades de acceso a este fondo.

Xa que logo, Galicia ve como a pesca é novamente empregada como moeda de cambio en Europa, tras a entrada na propia Unión Europea, pese ás advertencias serias e ás peticións xeneralizadas ao Goberno central para que na negociación non se traspasase esa liña vermella da cesión de pesca e pese a que outros gobernos si defenderon a pesca ata o final da negociación.

Sexa como fora, sinalabamos daquela e volvemos sinalar que Galicia non se vai conformar con compensacións por este acordo e que será belixerante e contundente neste camiño que poida devolver os nosos dereitos e posibilidades de pesca. Neste senso, botamos a andar nesa fin de semana despois do acordo do Nadal, e fixémoslo coa determinación dunha folla de ruta e da demanda de informes xurídicos e técnico-administrativos, cuestión que artellamos durante o día 27 de decembro. De cara a seguir mantendo o contacto e a unidade do sector, procedeuse á celebración do Pleno do Consello Galego de Pesca durante o día 5 de xaneiro para a valoración do acordo, aprobación da folla de ruta e do debate de posibles accións adicionais que foi unánime. Xa que logo, demos avante co encargo de dous informes que foron presentados ante o dito órgano de representación en canto estiveron dispoñibles, tomando forma esa presentación o pasado día 20 de febreiro.

O primeiro dos informes foi un de carácter técnico-administrativo encargado á Fundación MarinnLeg sobre o impacto que terá o acordo na actividade extractiva e na comercialización dos produtos pesqueiros, que analiza de forma pormenorizada os contidos do acordo en materia de pesca e comercio de produtos do mar, así como a protección de investimentos e igualdade de condicións na actividade económico marítimo-pesqueira.

O segundo dos informes bota luz sobre as implicacións xurídicas do acordo, e foi elaborado polo Instituto Universitario de Estudos Europeos Salvador de Madariaga. Considera que o pacto de comercio e cooperación entre a Unión Europea e o Reino Unido que se está aplicando provisionalmente pode ser obxecto de control xudicial polo Tribunal de Xustiza da Unión Europea, e nesa liña esboza dous escenarios, un de control previo á ratificación e outro *a posteriori*.



Amáis dos informes, a folla de ruta sinalaba a importancia de manter contacto e demanda ao Parlamento Europeo, para o que se procedeu á remisión de senllas cartas aos eurodeputados españois da Comisión de Pesca do Parlamento Europeo, mantendo posteriormente unha reunión cos membros españois da Comisión de Pesca: o señor Francisco Millán, Gabriel Mato, Izaskun Bilbao, Nicolás González Casares e Clara Aguilera.

No mesmo senso, faise demanda da busca de aliados no Comité das Rexións e entre as comunidades e rexións do Arco Atlántico, cuestión que xa está en marcha coa colaboración e a achega da Dirección Xeral de Relacións Exteriores e coa Unión Europea, cuxo labor neste proceso foi clave.

Amáis, tamén demos curso á solicitude dunha reunión coa directora xeral de Asuntos Marítimos e Pesca, DG Mare, con Charlina Vitcheva, da Comisión Europea, e co presidente da Comisión de Pesca do Parlamento Europeo, o señor Pierre Karleskind, para trasladarlles o impacto que o acordo ten en Galicia e que terá lugar nas vindeiras semanas.

Cabe subliñar a importancia da carta enviada polo presidente Feijóo ao presidente Sánchez o día 28 de decembro, na que se amosa o impacto sufrido pola cadea mar-industria galega e se demanda a presenza de Galicia naquelas negociacións de cotas e ordenación pesqueira que se celebren co Reino Unido.

Na mesma liña o encontro do presidente da Xunta co presidente Sánchez, que tivo lugar a finais de xaneiro, tamén serviu para demandar o establecemento dunha estratexia común de defensa dos intereses da frota ante a negociación actual e futura da ordenación da pesca e das posibilidades de pesca neste proceso, así como para favorecer o acceso ao Fondo de axuste polo *Brexit* por parte do sector e a xestión da presenza de Galicia naquelas negociacións de cotas e ordenación pesqueira que se celebren co Reino Unido.

Neste senso, cabe sinalar que xa conseguimos avanzar nesta demanda, e sabemos que quen negocia é a Unión Europea e que non procede unha negociación directa, nin nunca o pretendemos, pero si queremos asistir dentro da delegación española para ter oídos, opinión e argumentación en apoio ao Ministerio e tamén, por suposto, á nosa frota.

Cumprimentada esta folla de ruta a curto prazo, cómpre agora planificar a que debemos artellar a medio e longo prazo. Volverémolo facer —ou esa é a nosa pretensión— baixo dúas cuestións fundamentais, ao noso modo de ver: a unidade co sector e a rigorosidade dos nosos argumentos. Para tal fin, no transcurso do Pleno do Consello Galego de Pesca celebrado o pasado 20 de febreiro, propuxemos e aprobamos a conformación dun grupo de traballo no que establecer as prioridades do sector pesqueiro galego neste eido para os vindeiros exercicios. Temos varias liñas a seguir e un só obxectivo: mellorar a situación da pesca galega no contexto europeo tanto en posibilidades de pesca como de mercado, especialmente neste panorama *posBrexit*, e como primeiro paso temos xa a fixación dos TAC e cotas para as especies compartidas co Reino Unido.

Neste primeiro paso e nos que lle sigan concordamos co sector na súa consideración de que actuar con présas na fixación de acordos en materia de pesca pode ser malo, xa que hai que



ter en conta que estamos en presenza dunha negociación entre países e non exclusivamente dos TAC e cotas. É preciso pensar sobre todo na situación que se pode producir unha vez finalizado o período transitorio de cinco anos e medio que prevé o acordo en materia de pesca e non precipitarse. Iso si, sen présa pero sen pausa, seguiremos traballando.

Esa postura proactiva déixanos xa propostas a formular e que nos fixeron chegar varios membros do grupo. Entre estas están a elaboración, coa colaboración do sector, dun estudo sobre o impacto económico da posible perda de intercambios de cota con países máis afectados pola repartición de cotas neste acordo; o desenvolvemento de encontros con rexións costeiras atlánticas de intereses coincidentes con Galicia e que teñan un alto impacto do acordo en termos pesqueiros, sobre todo as francesas como Bretaña e tamén as irlandesas; as propostas de elaboración, en colaboración coa Alianza Pesqueira, dunha terceira carta de apoio á frota europea tras o acordo; e, por último, o desenvolvemento dunha liña de emendas do Regulamento do Fondo de axuste do *Brexit* dentro do Comité das Rexións e da Asemblea do Arco Atlántico.

Cabe subliñar que propuxemos tamén que unha representación deste grupo de traballo poida acudir ás xuntanzas coa directora xeral de Asuntos Marítimos e Pesca da Comisión Europea e co presidente da Comisión de Pesca do Parlamento Europeo.

Dicía en maio de 2017 que tiñamos traballo por diante e que teríamos, a bo seguro, que ir reposicionando elementos e argumentos nun proceso vivo, que non será curto nin doado e no que deberíamos sustentar cada paso para facer da necesidade virtude e evitar que a dispersión de esforzos nos leve a achegar información deslavazada aos negociadores estatais e europeos. Estas palabras, esta actitude e esta pretensión seguen plenamente vixentes e na mesma liña seguiremos traballando. Facer cantos de serea con solucións doadas a problemas complexos nunca soe ser un bo rumbo, e nós queremos o mellor e o máis seguro porto para a pesca galega, e iso exige dedicación e esforzo. Necesitamos, como hai catro anos, as achegas de todas e todos, dos expertos, do sector, da Administración e, como non, deste Parlamento, todos facemos falla neste proceso e creo que todos nos debemos implicar polo ben do sector marítimo-pesqueiro de Galicia.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señora conselleira.

(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

Iniciamos a rolda dos grupos parlamentarios.

En primeiro lugar, ten a palabra, en nome do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a señora Otero Rodríguez.

A señora OTERO RODRÍGUEZ: Grazas, presidente.

Bos días, señorías.



Non quería pasar a miña primeira intervención hoxe na comparecencia da conselleira do Mar sen amosar o recoñecemento do meu grupo, do grupo do PSdeG, ao traballo e ao papel das mulleres no sector pesqueiro, que non podemos pasar por alto que se trata dun sector tradicionalmente masculino; por iso onte estas mulleres reclamaban que é preciso que todos e todas rememos na mesma dirección para acadar esa tan ansiada igualdade. (*Aplausos.*) E eu estou segura de que todos e todas os que estamos nesta Cámara así traballaremos.

Dende logo, a conselleira dicía que o impacto do *Brexit* fora duro para Galicia, e criticou nas súas verbas este acordo acadado. Pero é que eu lle volvo preguntar se preferían que a nosa frota fora expulsada de augas británicas o pasado 1 de xaneiro, porque dende o PSdeG dicimos que, aínda que non sexa o acordo desexado, o acordo co que partiamos no principio, dende logo, é moito mellor ter chegado a un acordo que se expulsasen as nosas frotas de augas británicas. E parece que persoas do Partido Popular, que tamén tiveron representacións institucionais, como alguén que ostentou a Consellería de Pesca en gobernos do Partido Popular, o señor López Veiga, dicían e recoñecían que España non saíra excesivamente prexudicada deste acordo.

A verdade é que me deu moita pena escoitar —ou insinuar—, en boca da conselleira, sobre todo unha frase. Dixo que, pese a que outros gobernos si defenderon a pesca ata o último minuto... ¿Que quixo dicir, señor conselleira?, ¿que o Ministerio de Pesca non defendeu o noso sector pesqueiro ata o último minuto? Vostede sabe que iso non foi así, (*Aplausos.*) porque estivo traballando ata o último minuto. Vostedes son moi dados a colgar medallas cando consideran que as cousas saen ben e son tamén moi dados a abandonar o barco —perítame que lle diga— cando pensan que as cousas non saen tan ben.

Vostede tamén dixo algo que me sorprendeu en relación co *Brexit* e estas negociacións. Di que non pretenden por parte da Xunta de Galicia unha negociación directa, porque sabemos que tampouco podemos. Pois aí teñen un problema co seu grupo parlamentario, porque si que están a pedir esa negociación directa e así o están a votar en diversas iniciativas nesta Cámara, hai moi pouquiños plenos.

Hoxe entendo que vostede comparece nesta Cámara para falar das negociacións e consecuencias do *Brexit* na pesca, pero parece que nos olvidamos de que o acordo do *Brexit* é un acordo global e que en Galicia nos xogabamos moito, e máis aló da pesca tamén, porque as implicacións non serían menores, por exemplo, para as exportacións do sector automovilístico, que se xogaba 600 millóns, para as do sector téxtil e do calzado, que roldaban os 500, para as das conservas de peixe, que superan estas exportacións os 40 millóns, ou para as exportacións de pizarra, que supoñerían máis de 50 millóns, por poñer algúns exemplos.

O acordo é un acordo —e fai falla recordalo porque parece que se obvia— que salva o movemento de bens. Trátase dun acordo de cero tarifas e cero cotas; polo tanto, as importacións e as exportacións galegas non se verán sometidas a aranceis ou a límites de volume. Non obstante, ao saír do mercado único, si se verán sometidas a trámites de aduanas, o que conlevará tamén máis papeleos. A mercancía británica que se reciba en España, e dende logo en Galicia, será tratada como a de calquera terceiro país, ao igual que a española que se descargue no Reino Unido. É dicir, que aínda non se aplican aranceis, que non se van aplicar



aranceis, pero a venda nestes territorios —e por suposto tamén a venda do peixe— si que terá que pasar polo control de Sanidade Exterior e Aduanas.

Todos e todas sabiamos que non todos os portos estaban habilitados para recibir o peixe procedente do estranxeiro. Vostede dixo que o Goberno debería de facer isto, sobre todo para habilitar determinados portos, como, por exemplo, o de Celeiro e o de Burela, aos cales o Goberno central lles aplicou unha exención. O Consello de Ministros aprobou a inclusión de ambos os portos, xunto co de Pasajes e outros dous en Canarias, nas listas de terminais marítimas nas que poidan descargar buques do Reino Unido —unha relación de portos que, por certo, non se modificaba dende hai máis de dez anos—. O porto de Burela e o porto de Celeiro foron recoñecidos no BOE como puntos de inspección fronteiriza no marco das novas relacións comerciais co Reino Unido. É dicir, os dous portos da Mariña lucense, os máis importantes do Cantábrico, estarán autorizados a recibir peixe de barcos de bandeira británica.

E centrándonos no acordo do *Brexit* para a pesca, quero dicir que entre o 1 de xaneiro de 2021 e o 30 de xuño de 2026 temos ese período de axuste. Durante este período de tempo irase implementando unha transferencia parcial de capturas europeas en augas británicas á parte británica, e esta acadará un 25 % do volume das capturas. Pero cómpre recordar, porque aquí tampouco se dixo, que o Reino Unido pedía unha redución do 80 % en trinta anos. Acadado un recorte do 25 % en cinco anos e medio, pídesse un recorte do 80 % en tres anos. Iso é o que tamén acadou ese ministerio que parece que non defendeu a pesca ata o último minuto.

O principal efecto para Galicia do *Brexit* é finalizar as negociacións Unión Europea-Reino Unido e Unión Europea-Reino Unido-Noruega para establecer as cotas definitivas de pesca para todos os estados membros e, polo tanto, para os nosos barcos.

No Consello de Ministros de Pesca da Unión Europea de decembro aprobouse só un adianto das cotas correspondentes ao primeiro trimestre do ano, excepto para a cabala, que se aprobou un 65 % da cota anual; cota definitiva que previsiblemente se coñecerá no Consello deste mes, e iso permitirá saber a cota de que dispoñen, a posibilidade de facer intercambios entre barcos e, en definitiva, a propia planificación empresarial da actividade.

Pero non podemos pasar por alto que nos atopamos nunha situación excepcional coa saída do Reino Unido da Unión Europea, que iso implicou que cando se negociaran os TAC e cotas para o 2021 aínda non se chegara ao acordo do *Brexit* e que por iso en moitas das especies non se puido chegar a cotas totais senón a un adianto de cotas para o primeiro trimestre do ano. Pero, por outro lado, hai algúns stocks de augas do sur non afectadas polo *Brexit* cuxos TAC para todo o ano 2021 si foron acordados no Consello de decembro, por exemplo, a pescada sur, na que se acordou o TAC para o ano 2021, ao non ter Reino Unido participación nel. O resultado foi unha redución do 5 %, cifra inferior á redución proposta do 13 %. Non obstante, hai perspectivas razoables de acadar a cota adaptada no ano 2021. No relativo ao xurelo, as previsións son que o TAC inicial se sitúe nos mesmos niveis de 2020, e nos stocks norte de pescada, gallo e rape, pois non se prevén grandes cambios respecto das cotas de 2020 para estes tres TAC.

Así, e polo que respecta ás principais especies da frota española e galega que faena no Gran Sol, en 2026 —final do período transitorio— a redución da pescada do norte será dun 1,02 %,



no gallo do norte haberá un axuste do 2,5 % e no rape do norte a baixada oscila entre o 0,24 % e o 0,76 %.

Polo que respecta aos stocks do sur, con especies tan importantes como a cabala, o xurelo e a bacaladilla, hai que dicir que non sufrirán modificación e que se manteñen as posibilidades de pesca, e tampouco existen cesións en especies de augas profundas como o besugo ou os alfonsinos.

Polo tanto, é o momento de que rememos todos e todas xuntas e é o momento de que esas axudas que a Unión Europea dixo que ían chegar á pesca para facer fronte ás consecuencias do *Brexit* sexan melloradas, dende logo. Así tamén dende o noso grupo os nosos eurodeputados están a traballar niso. É moi necesario que se axilicen estas axudas para que cheguen ao noso sector, porque o noso sector debe facer fronte a retos moi importantes, como son o da sosti- bilidade, a competitividade e a cohesión social, e para iso o sector dispón de posibilidades de financiamento para levalos a cabo: a curto prazo, a través dese Plan de recuperación e resi- liencia, a través tamén do FEM 2014-2020, e a medio prazo a través do novo FEMP 2021-2027. Aí consideramos que as administracións, tanto a central como a autonómica, deben de im- pulsar a mellora da execución do FEM actual e deben poñer en marcha o novo FEMP, cun pro- grama operativo consensuado co sector e que subsane as dificultades de aplicación...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

A señora OTERO RODRÍGUEZ: ...que atopou o actual fondo, porque para afrontar estes gran- des retos é preciso realizar investimentos, e, polo tanto, é preciso, poñer á disposición do sector novas fontes de financiamento que as possibiliten. E iso é traballo tamén do Goberno central —dende logo—, pero tamén a Xunta de Galicia ten moito que dicir.

Polo tanto, é momento de traballar todos e todas xuntas para que tamén...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas.

A señora OTERO RODRÍGUEZ: ...eses fondos que teñen que chegar de Europa cheguen da mellor forma posible para o noso sector.

Pola miña parte, nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas.

(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

Polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego ten a palabra a señora Pérez Fernández.

A señora PÉREZ FERNÁNDEZ: Grazas, señor presidente.

Bo día.

Bo día, señora conselleira. Bo día, señorías.



Quero comezar, señora conselleira, agradecéndolle sinceramente que por fin tivera un oco, dentro da súa apertadísima axenda, para comparecer neste Parlamento. (*Aplausos.*) Que a máxima responsábel de pesca deste país non comparecera no Parlamento, non dende o 24 de decembro —data do acordo *in extremis* entre a Unión Europea e o Reino Unido sobre o *Brexit*—, senón dende o 16 de decembro, que tivo lugar en Bruxelas o Consello anual de Ministros de Pesca da Unión Europea, onde se decidiu canto e de que especie ía poder pescar a nosa frota durante o 2021, como digo, que non comparecera, é totalmente comprensíbel se temos en conta, sobre todo, o pouco peso que ten económica e socialmente o sector pesqueiro no noso país e, sobre todo, se temos en conta que para iso están os medios de comunicación, para explicarnos aos deputados e ás deputadas o que opina a señora conselleira en calquera tema.

Señora conselleira, vostede nunca está cando hai que estar. Non está, señora conselleira. Non estivo o 16 de decembro; non estivo o 24; non estivo en todo o mes de febreiro, cando numerosos bancos marisqueiros do noso país quedaron literalmente asolagados e arrasados; e non está agora, cando se necesita unha verdadeira resposta, contundente, á Dirección Xeral de Asuntos Marítimos de Pesca da Unión Europea, que é quen debera tratar de defender a nosa frota e vén de tachala pouco menos que de depredadora e de mafiosa, só para tentar manipular o voto dos eurodeputados a respecto do novo regulamento de control. Vostede, señora conselleira, nunca está, e, cando está, tampouco se nota moito.

Vostede viaxou a Bruxelas ao Consello anual de Ministros en decembro para traer o mesmo que trae todos os anos: recortes e redución da capacidade pesqueira da nosa frota. A falla de peso político de Galiza tanto no Estado como na Unión Europea evidénciase cada mes de decembro a través das súas propias declaracións. Vostede, diante do acordo da Unión Europea e do Reino Unido sobre o *Brexit*, limitouse a laiarse e pouco máis. Limitouse a culpabilizar do resultado ao Estado español e á Unión Europea, coma se non fose con vostede. O propio presidente da Xunta foi incapaz de intervir neste tema máis alá dunha carta a Pedro Sánchez. Vostede amagou con ser belixerante —hoxe volveuno repetir— diante das decisións tomadas e quedou no encargo doutros dous informes aos que, por suposto, este Parlamento e os grupos políticos que aquí estamos non tivemos nin temos acceso.

Señora conselleira, ten que recoñecer que esa sensibilidade que vostede dicía agardar de Bruxelas tampouco a ten vostede co sector, e quedou máis ou menos demostrado cando, superada polos acontecementos, a súa proposta estrela foi dicir —e leo textualmente—: «que vai haber que pensar en fixar unha cota mínima de pescadores para garantir a súa sostibilidade». (*Murmurios.*) Agora faille graza, pero, de verdade, o día que o dixoo e saíu como gran titular pódolle asegurar que ao sector non lle fixoo ningunha graza. (*Aplausos.*)

Non nos vale nin que vostede ría, nin que o Grupo Popular diga que iso que dixoo vostede é retranca galega. A nós iso non nos vale. A súa gran solución a esta desfeita é eliminar mariñeiros; e iso díxoo vostede, non o dixemos nós. Comprenderá que non nos expliquemos como no día de hoxe aínda continúa nese escano, señora Quintana.

O *Brexit* sáldase cun acordo que remata no 2026 e que implica que a frota europea —incluída a galega— renuncie a un 25 % das capturas nos caladoiros do Reino Unido, e, no caso das Malvinas, está por ver aínda os aranceis que terá que soportar.



Despois do 2026 as negociacións faranse, efectivamente, ano a ano e especie a especie, e supoño que ninguén —vostede tampouco, señora conselleira— pensará que despois deses cinco anos se vai recuperar a cota perdida. No mellor dos casos, haberá que pelexar aínda máis cada ano por minimizar os recortes de capturas. A todo isto hai que sumar a distribución anual dos TAC da propia Unión Europea, repartición que ano tras ano vén prexudicando a Galiza. De feito —antes citábao—, no mes de decembro do 2020, o recorte que se fixo nese Consello de Ministros é moi superior ao derivado nestes momentos do propio *Brexit*.

O resumo é o seguinte, señora conselleira: a frota galega no Gran Sol perde dereitos e posibilidades de pesca directas. A frota galega do Cantábrico Noroeste ten moito máis difícil —como vostede dicía na súa intervención— conseguir cotas ampliadas, por exemplo, efectivamente, na xarda ou no xurelo. A frota das Malvinas enfróntase a soportar aranceis que, segundo lemos, poden chegar ata un 18 %. Os buques de capital galego e bandeira británica están ameazados pola posíbel normativa que leve a cabo o Reino Unido para asegurar un maior peso de capital británico no sector e tamén polos dereitos de cidadanía dos seus mariñeiros galegos, que poderían verse afectados.

Os altos custos da burocracia e da carga regulatoria xa os está a padecer a nosa frota dende o primeiro de xaneiro: gastos de asesoramento, novos procedementos, papeleos, maiores requisitos para comerciar co Reino Unido... En fin...

E o peor do acordo está por chegar, primeiro, neste mesmo mes, que temos que saber como quedan definitivamente as reducións, e, segundo, dentro de cinco anos, que quedaremos a expensas dunhas negociacións anuais onde nós entendemos que non se recuperará o perdido e tendo en conta que non se reservaron vínculos co acordo comercial que sirvan de protección das cotas restantes cando remate este período de transición.

Isto —vostedes xa o saben, non fai falta que llelo digamos nós— impide que o propio sector planifique o seu futuro, e iso á súa vez condiciona ese futuro: por unha banda, os investimentos que o propio sector e que as propias comunidades costeiras poderían levar a cabo, e, por outra, a xestión sostíbel e colaborativa a longo prazo das poboacións de peixes queda sen saberse.

En resumo, no aire temos preguntas como: ¿que número de barcos poderán pescar en augas británicas despois deses cinco anos?, ¿para que especies se negociarán as licenzas?, ¿que cotas se asignarán?, ¿que zonas de pesca se permitirán?... En fin...

O Fondo de Reserva da Unión Europea para a adaptación ao *Brexit* é outro escarnio. Non sabemos se a señora Otero opina o mesmo, porque aquí defendeu o acordo, defendeu o fondo e defendeu absolutamente todo. Entón, pensamos que ese fondo lle serve tal e como está. E, tal como está, é o seguinte: 5.000 millóns de euros, dos que tan só 600 son para mitigar as perdas do sector pesqueiro do conxunto de países afectados, e, en concreto, ao Estado español destínanse 184 millóns de euros, dos que só 2,2 —é dicir, o 0,35 % do total— son para compensar o sector pesqueiro español. En fin, supoñemos que cando estas ridículas cifras as apliquemos ao sector pesqueiro galego será para botarse a temblar.



Sobre isto, por certo, tampouco, señora conselleira, lle escoitamos aínda dicir nada, e xa non digo que o dixera neste Parlamento —¡Deus me libre!—, pero é que con este tema nin se-quera fixo vostede gala da súa habitual locuacidade nos medios de comunicación.

Nós pensamos que a repartición anual de cotas e as decisións que derivan do *Brexit* teñen que ter unha resposta galega decidida para minimizar, precisamente, o impacto na frota. Supoñemos que está vostede ao tanto —antes a señora Otero citábao para advertila; eu só para lembrarllo— do acordo que tomou este Parlamento recentemente diante dunha iniciativa do Bloque Nacionalista Galego.

Aprobamos por unanimidade, en primeiro lugar, levar a cabo, sen dilación, todos os trámites necesarios diante do Goberno do Estado para o recoñecemento de Galiza como zona altamente dependente da pesca.

Segundo, aprobamos por unanimidade demandar do Goberno do Estado a realización de todas as xestións precisas para promover a revisión do mal chamado principio de estabilidade relativa, no que, efectivamente...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

A señora PÉREZ FERNÁNDEZ: ...—vou rematando— o Reino Unido foi un dos primeiros promotores.

E terceiro, aprobamos —non por unanimidade, pero aprobamos— instar o Goberno do Estado ao recoñecemento da capacidade directa de negociación de Galiza e da súa participación naquelas cuestións, como a pesca, que son especialmente relevantes.

E, por último, señor presidente —é o último punto—, aprobamos por unanimidade programar e levar a cabo plans de continxencia e de apoio económico e social para o sector pesqueiro e as zonas do noso país máis afectadas polo *Brexit* que palíen as consecuencias máis inmediatas.

Logo continúo, porque quero facerlle dúas propostas concretas.

Grazas, señor presidente. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señora Pérez.

Ten vostede despois outro turno.

Moitas grazas.

Polo Grupo Parlamentario Popular, ten a palabra a señora Egerique Mosquera.

(*Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.*)

A señora EGERIQUE MOSQUERA: Grazas.



Quero agradecerlle, señora Quintana, a súa presenza no Parlamento e que, con total claridade, transparencia e sinceridade, como vén facendo xa dende que comezou este proceso do *Brexit*, veña explicar aquí, en sede parlamentaria, todo este tema.

Eu quero facer dúas puntualizacións. Primeiro, quero dicirlle á señora Otero que está ben defender o emprego feminino. Aquí, en Galicia, coñecemos ben na cadea mar-industria, nas conserveiras, nas fábricas de conxelado. E quero dicirlle que un deputado no Congreso dos Deputados acaba de mandarme agora a votación da Lei de cambio climático, e vostedes, o Partido Socialista, acaban de votar na Ponencia a favor de que se aprobe o artigo 18; é dicir, de modificación, nada. Os acordos deste Parlamento non valeron para nada, e o Bloque Nacionalista Galego, tamén acaba de votar a favor. Polo tanto, os acordos deste Parlamento, dos que fala tamén a señora Pérez, alí non valen para nada. É dicir, acaban de cargarse vostedes e acaban de afectar directamente o emprego feminino en Galicia, nas conserveiras, nas depuradoras... Así que, moito predicar, pero despois tamén hai que saber legislar, e hai que saber tamén en Madrid atender as demandas que temos aquí, en Galicia, porque iso si que fai moito dano. E quero dicir tamén que os seus discursos e as votacións neste Parlamento de Galicia despois non acompañan os feitos, como tamén o temos visto noutras ocasións.

Señora Pérez, a señora Quintana estivo sempre. ¿Onde estaban vostedes?, quero preguntarlle eu. Ademais, ¿onde están agora vostedes tamén?

Fala vostede de falta de sensibilidade. Pois eu tamén quero falarlle a vostede da falta de sensibilidade. Están ás voltas con esa frase de que se limita o número de mariñeiros e queren, ademais, dicir que a señora Quintana o único que quere é reducir ese número de mariñeiros. Iso non é certo, e vostedes sábeno ben. O único que fan é darlle voltas a esa frase, pero non teñen un argumento sólido e de base para defender ou para recoñecer, neste caso, que desde Galicia, desde a Consellería, se fixo un traballo excepcional con respecto ao *Brexit*. Porque o *Brexit* non o inventamos nós, nin Feijóo, nin Rosa Quintana, nin os galegos, nin tan sequera os españois. Polo tanto, no ano 2016, un 51,9 % dos británicos decidiron saír da Unión Europea, e aquí estabamos e estivemos. E ademais hai que recoñecer —e podemos remitirnos, como digo, aos feitos— que dende ese momento, incluso antes xa en previsión, Galicia e a Xunta, encabezada polo presidente Feijóo, comezou a preocuparse por esta situación, e de xeito conxunto e transversal dende a Consellería do Mar e dende a Consellería de Industria —sobre todo dado o grao de vinculación comercial de Galicia co Reino Unido— se empezou a traballar. Si, si, a traballar, ademais, con feitos. Polo tanto, a señora Quintana, a Consellería e esta Xunta estiveron sempre, señora Pérez.

Ademais dos estudos, dos traballos, dos debates, como digo, das comparencias tamén neste Parlamento, impulsadas pola propia Xunta de Galicia, como explicou a conselleira, e por este grupo parlamentario, celebráronse tamén ciclos, accións, seminarios sobre as posibles consecuencias e sobre como e en que dimensións nos poderían afectar os galegos, e moitas, a maioría delas, en materia de pesca e da man do sector, das diferentes confrarías, cooperativas e de todos os mariñeiros afectados, que sempre estiveron en contacto directo coa Consellería.

Tamén hai un estudo de Fernando González Laxe de xaneiro do 2020, dende o Foro Económico e o propio Consello Económico e Social, que conclúe que Galicia, ademais, ía ser das



comunidades autónomas menos afectadas en termos económicos en canto ás exportacións e importacións, e tamén nese termo é importante porque teñen que saber que dende a Xunta de Galicia o *Brexit* estivo sempre presente nestes últimos catro anos.

Pero centrémonos na pesca. Entre as múltiples accións realizadas dende a Xunta, unha importante e que parece que quedou no esquecemento —sobre todo despois de escoitar as deputadas do Bloque Nacionalista Galego e do Partido Socialista— foi a petición insistente ao Goberno de España de priorizar o sector da pesca nas negociacións, e diso, nada de nada. Pero, como falaba agora ao principio, non só nas negociacións, tampouco priorizan o sector da pesca nin a pesca en Galicia nas decisións que toman despois no Goberno de España e no Congreso dos Deputados co deputado do Bloque Nacionalista Galego que ten representación alí e que acaba sendo sempre cómplice deste Goberno de España.

Polo tanto, a pesca quedou para o final. Non fixeron ningún caso, non lle deron a importancia que sabemos que ten, e, como dixo a conselleira, houbo países que si, que si que estiveron máis insistentes, que loitaron moito máis e aos que lle deron unha maior prioridade.

Hoxe un xornalista no *Faro de Vigo* fala de que a coalición «social-podemita» non estivo á altura. Nós, en Galicia, sabemos deses bipartitos envelenados, sabemos perfectamente que non se coordinan e que forman gobernos con dúas cabezas que non teñen un criterio común e que, polo tanto, practican partidismo e desgovernan, e esta negociación do *Brexit* en Bruxelas con respecto á pesca é un exemplo clarísimo.

No día de hoxe, Maroto, Planas e Rivera non están coordinados, e se a eles lles sumamos a Pablo Iglesias e aos seus, aínda peor, cun presidente Sánchez que estou segura de que non lle dedicou nin un minuto ao futuro da pesca e ao desafío do *Brexit*, pero segurísima, e, ademais, primeiro, nunca falou diso, e despois nunca lle presta nin un minuto do seu tempo a Galicia, aos galegos, nin lle dedica tempo á industria galega nin ao sector pesqueiro en Galicia (*Aplausos.*)

Se algo hai que dicir dese proceso en Galicia, se podemos demostrar e presumir de algo, xa que vostedes nunca recoñecen ningún mérito, é de transparencia; de transparencia con maiúsculas. Vostedes tiveron acceso a todos os informes. A conselleira compareceu e transmitiu case minuto a minuto o que ía pasando en Bruxelas durante a negociación. Señora Pérez, vostede non pode chegar aquí a esta tribuna e dicir que a señora Quintana non estivo, porque leva aquí minuto a minuto, como digo, explicando e transmitindo todo o que dende Galicia se puido facer, cos vetos que o propio Goberno central, cunha deslealdade total a Galicia, lle puxo na propia Comisión Europea; e, ademais, coma sempre, despois de render contas e pedirle opinión ao Consello Galego de Pesca, porque non se saca tampouco ela da manga as negociacións, senón que vai, precisamente, cos consellos e da man do sector.

Esa transparencia botámola de menos no Goberno de España e un dos exemplos máis recentes é o famoso Informe do Consello de Estado sobre os fondos europeos, que agochan e agocharon ata que foi a votación do real decreto e que despois saíu á luz. Esa é unha falta de transparencia total. Vostedes neste Parlamento, coma deputados, tiveron acceso a todos os informes de todos os organismos lexitimados para opinar e para facer conclusións despois de estudos sobre o *Brexit*.



Polo tanto, Galicia, esta Xunta e esta conselleira lideran e lideraron claramente a negociación e o futuro da pesca con respecto ao *Brexit* dentro do Goberno de España. Lembren vostedes que elixiran a Estremadura. Non me podo cansar de dicilo, Galicia é a comunidade autónoma anfitrioa e con máis experiencia, e, ademais, queda patente en moitas ocasións, porque vostedes veñen aquí falar hoxe, efectivamente, do *Brexit*, pero tamén é moi meritorio saber que a política pesqueira que se leva practicando en Galicia dende o ano 2009 está dando bos resultados, porque segundo Ocupesca, a poboación ocupada na pesca extractiva en Galicia aumentou un 7 %, entre o 2015 e o 2017, a facturación media por tripulante aumentou nun 44 % dende o 2009 e o número de afiliados ao Réxime Especial do Mar mantense estable desde xaneiro de 2005, e mesmo á alza. En 2009 logramos o mellor prezo medio por quilo de toda a serie histórica, e 2020, aínda coa covid, foi un bo ano.

Polo tanto, son datos positivos e probablemente esta comunidade autónoma, despois de aplicar todas estas políticas e de ter resultados positivos, terá bastante lexitimidade tamén para que a escoiten os ministros en España e poidan negociar en Bruxelas. Galicia supera hoxe a cifra de 2.000 millóns de euros de exportacións de produtos do mar; aumentou a exportación dos seus produtos do mar nun 80 % entre o 2009 e o 2019. Polo tanto, é importante iso, e teñen que recoñecer vostedes tamén e poñer en valor todo o positivo.

Vostedes, no Bloque Nacionalista Galego, son como Nigel Farage, o impulsor do *Brexit*, ¿lémbromo?, pero coas cotas e cos TAC. Cunha teoría de que a Unión Europea non é boa, agora, de repente, aducen a falla de soberanía e a falla de peso e de presión deste goberno autonómico. ¿Pero que iamos facer co peso do Bloque Nacionalista Galego, primeiro, ante o Goberno de España, como dixen, que hoxe votaba en contra do sector mar-industria? E despois, no pacto famoso que asinaron, nin unha liña do *Brexit*, nin unha liña de pesca. Segundo, o grupo no que se integra o Bloque Nacionalista Galego no Parlamento Europeo non opina o mesmo ca vostedes, que o que vostede dixo aquí, señora Pérez: «*Verdes y EFA acogen con satisfacción el acuerdo alcanzado, pero insisten en que haya tiempo para el escrutinio parlamentario*». Iso dicíao a prensa sobre o seu grupo en Europa, e de momento, ademais, o BNG está sen representantes en Europa, porque que unha asesora poida exercer de deputada pode ser, pero aínda non é deputada europea.

Polo tanto, ¿que iamos facer se o BNG chega a rexer a pesca galega? Seguir a estela de rexións como o País Vasco, que viron desmantelada a súa frota do Gran Sol e do cerco, e seguir a estela daquel Bipartito, no que se perderon 538 embarcacións entre o 2005 e o 2009 en tan só catro anos. Non temos moi boa referencia porque con esa media hoxe non teríamos frota.

Polo tanto, ¿que iamos facer tamén fóra da Unión Europea, dos TAC e das cotas, se somos unha rexión exportadora e a Unión Europea é o principal mercado da nosa pesca? Somos unha rexión que pesca fóra e, se saímos, quedaríamos sen caladoiros.

Polo tanto, nós cremos que hai que afrontar este debate con responsabilidade, con traballo, con atención e con lealdade; algo do que están moi faltos tanto o Bloque Nacionalista Galego como o Partido Socialista de Galicia, porque agora ten o Partido Socialista o discurso de que puido ser peor. A señora Otero chega aquí e di: Bueno, puidemos matarnos. Moi ben, puido ser peor. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Si, si, pero se coñecen un pouco a historia



e se revisan vostedes que fixo o Partido Socialista na historia pesqueira deste país, vostedes reeditan o acordo de entrada na Comunidade Económica Europea cando se limitou boa parte do sector pesqueiro. E a realidade é que temos en España outra vez un goberno socialista, e mire que é mala sorte, porque sabemos perfectamente que o Partido Socialista nunca lle prestou atención ao sector pesqueiro. E vostedes, señores do Partido Socialista, dicían que a pesca non fose moeda de cambio, pero foino; ao final, acabou sendo moeda de cambio.

Cando falaba neste Parlamento a señora Toja, na comparecencia da señora Quintana no 2017, dicía: «A pesca, polo tanto, debe formar parte das negociacións, non como moeda de cambio, senón como cuestión fundamental a tratar». E non me estraña que marchara a señora Toja, porque non lle fixeron nin caso, porque a pesca foi moeda de cambio.

E veña darlle voltas tamén vostede ao artigo de López Veiga...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora EGERIQUE MOSQUERA: Querían botalo e agora xa o están botando de menos. Mire, o señor López Veiga textualmente dixo no artigo que «*las negociaciones han terminado, y aunque es cierto que quizá España no haya salido de momento excesivamente perjudicada...*». Ese «de momento» que vostedes retiran, ese matiz, tamén hai que telo bastante en conta, porque por iso está a señora Quintana hoxe aquí rendendo contas.

Mire, en lugar de saír aquí a plantexar todo o que van ser ou poden ser agora estes cinco anos nos que nos xogamos moito —estes cinco anos, agora, a partir deste mesmo momento—, viñeron aquí vostedes soamente criticar a Xunta de Galicia e criticar a señora Quintana. E, como digo, ten unha folla de ruta, tívoa sempre, con total transparencia, e vostedes terían que ser máis leais e apoiar a Xunta de Galicia dende aquí, porque votan moito a favor de Galicia e fan despois discursos moi bonitos...

O señor PRESIDENTE: Grazas.

A señora EGERIQUE MOSQUERA: ...pero en Madrid fan totalmente o contrario. (Aplausos.)

O señor PRESIDENTE: Grazas.

(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

Para a réplica, a conselleira do Mar.

A señora CONSELLEIRA DO MAR (Quintana Carballo): Grazas, presidente.

Grazas, señorías.

Señora Egerique, moitísimas grazas polo seu apoio e pola súa defensa. A verdade é que dá gusto ver como hai alguén que ten algo de memoria do que acontece aquí en Galicia ano tras ano.



Señora Otero, a verdade é que fixo unha serie de declaracións que son para estudar e para analizar con suficiente calma. Di se eu preferiría que se expulsara a frota española de augas do Reino Unido. Non, nin da Unión Europea nin do Reino Unido. Non foi nunca a miña pretensión, nin foi nunca o meu espírito de traballo. E, todo o contrario, o único que de verdade vostedes deben de ter claro é xusto as palabras ás que facía referencia a señora Egerique.

¿Era importante este acordo de retirada do Reino Unido? Era moi importante. Sabiamos que para todos os países membros da Unión Europea había moitas cousas en xogo, claro que si. ¿Que para Galicia, precisamente, todos os sectores son importantes? ¡Claro que si! O único que demandamos dende Galicia dende o primeiro momento é que a pesca non fora utilizada como moeda de cambio. E vostedes teñen esa teima aí metida na cabeza e nótaselles cada vez que falan. Porque hoxe estamos falando aquí do efecto do *Brexit* sobre o sector pesqueiro e vostede volve vir aquí co efecto do *Brexit* sobre a automoción, sobre a industria agroalimentaria e sobre non sei cantas máis. Esa mesma foi a resposta que me deu o señor eurodeputado do Partido Socialista, representante na Comisión de Pesca do Parlamento Europeo. Cando eu lles plantexei a necesidade de buscar puntos de apoio para que o sector pesqueiro non saíra máis prexudicado, díxome: «É que este acordo tamén é moi importante para o sector da automoción». ¡Claro que si! Eu non o poño en dúbida, pero traballemos por remar porque, se é importante para o sector da automoción, que tamén o sexa para o sector pesqueiro. E non entreguemos, como se fixo sempre, o sector pesqueiro como moeda de cambio.

Vostede dime aquí que eu vin tender algunha velada crítica sobre a actuación do Ministerio de Agricultura. Non é ningunha velada crítica, eu digo a realidade. Non tivemos en ningún momento coñecemento oficial do acordo definitivo; tivemos o coñecemento a través dos representantes do sector. Mentres que en Francia e en Holanda os seus ministros estaban reunidos co sector, aquí nin co sector nin coas administracións que o representaban; e enterámonos polos representantes do sector que forman parte da Alianza Pesqueira.

E a min gustaríame saber se vostede ten coñecemento de quen representaba a España nesas negociacións ante o Reino Unido. ¿Era a representación ao máis algo nivel ou quen ía representando a España para defender os intereses do sector pesqueiro? Simplemente lle deixo aí a pregunta.

Eu ás veces a verdade é que non sei onde están nin a que acollerme respecto das declaracións que fan determinados representantes do Partido Socialista. O día 29 de decembro había unha comisión no Congreso dos Deputados, e o señor Senderos Oraá dicía: «*Creo que debemos destacar que estamos ante un gran acuerdo que dota de estabilidad y seguridad jurídica al sector pesquero gracias a la responsabilidad de nuestro Gobierno*». Pois ben, hoxe mesmo, nunha comparecencia do secretario de Estado do Ministerio de Agricultura, o señor Fernando Miranda, dicía: «*Es bueno el acuerdo, pero esto no debe generar una falsa sensación de seguridad*». ¿A que nos acollemos, a unha cousa, á outra ou a toda a contraria?

E, bueno, a min alégrame moito que, ao final, o Goberno central aceptara declarar os portos de Celeiro e Burela como portos nos que se poida facer a descarga de produtos que veñan do Reino Unido. Pero eu quéro lle recordar que Galicia levaba pedindo iso dende xaneiro do 2019, e fixérono a última semana do mes de decembro do ano 2020. Benvido sexa, pero quero dicir



que nós xa o puxemos de manifesto nunha reunión na que me doería ter que reproducir aquí as palabras que se me dixeron. Díciáseme que eu tiña que entender que o acordo co Reino Unido era moi importante e que a pesca significaba moi pouquiño. Iso oíno eu.

Eu estou de acordo coas últimas palabras que vostede dicía: que é o momento de que rememos xuntos. Desde logo, nós sempre estamos nesa disposición, sempre e cando se manteñan nos criterios de defensa do sector pesqueiro, que é o único que eu veño demandar como apoio desta Cámara.

E iso enlázame co que veu hoxe aquí plantexar a señora Pérez. Di que non estou, que non se me espera, que nunca estou onde teño que estar... Bueno, mire, eu estou onde teño que estar, estou sempre —se me espere ou non se me espere—, comparezo sempre, e teño —eu creo— reunións con moitísima frecuencia tanto co Consello Galego de Pesca como cos diferentes representantes do sector. (*Aplausos.*) A que non sei onde está é, precisamente, vostede, nin sei onde se lle espera. E gustaríame que deixara unha posición clara, non aquí, senón en todos os ámbitos, porque, mire, hoxe veu vostede aquí falar de estabilidade relativa, veu falar da declaración de Galicia como rexión altamente dependente da pesca, veu falar aquí de que eu non comparezo, de que eu non defendo o sector, de que non estiven cando había as grandes mortalidades do mes de febreiro...Voulle facer un pequeno repaso de onde estivo vostede, de onde está o seu grupo e de que é o que fan.

Cando no ano 2009 chegamos ao Goberno, herdamos tres papeis da postura do Goberno de Galicia ante a reforma da política pesqueira común. Puxémonos a traballar e elaboramos un documento que se aprobou por unanimidade no Consello Galego de Pesca; un documento que marcaba cal era a ruta do que o sector pesqueiro galego e a Administración pesqueira galega querían para Galicia. Eu plantexei a posibilidade de que, ademais de ter o acordo de todo o Pleno do Consello Galego de Pesca e o acordo coa Administración que naquel momento gobernaba, buscamos tamén o acordo e o apoio de todas as forzas políticas que naquel momento había neste Parlamento. Sometín o ditame, unha vez aprobado polo Pleno do Consello Galego de Pesca, a este Parlamento, reuníme cos portavoces tanto do Partido Socialista como do Bloque Nacionalista Galego como do Grupo Popular e aceptamos todas as propostas do Partido Socialista e todas as propostas do Grupo Nacionalista do Bloque, excepto a que facía referencia á acuicultura. E, aínda así, cando se someteu á votación o ditame —e as actas están aí para dar proba do que falo—, o Partido Socialista se abstivo na votación e o Partido do Bloque Nacionalista Galego votou en contra. Votaron en contra do que naquel momento demandaba o Pleno do Consello Galego de Pesca e demandaba esta conselleira e todo o seu equipo, que era o criterio de estabilidade relativa. Vostedes votaron en contra, e agora cambian a postura no momento que non é oportuno, cando foi acordado con todo o sector pesqueiro. Todo o sector pesqueiro decidiu que non era o momento de falar da estabilidade relativa, que era o momento de que todo o sector pesqueiro da Unión Europea traballase xunto para conseguir un gran acordo fronte ao Reino Unido, e que non era o momento de falar daqueles puntos que nos podían desunir, senón de buscar a unión de todo o sector. E o propio sector apostou por crear a Alianza Pesqueira da Unión Europea para a defensa dos intereses comúns de todo o sector pesqueiro. Aí era onde estaban vostedes e aquí é onde estamos nós. Onde estaban vostedes e onde están vostedes é que en Europa, en teoría, están integrados no grupo dos Verdes, que fixeron declaracións dicindo que isto era



un gran acordo, e agora veñen aquí e critican o acordo; e en Madrid dirán o que lles pareza. Porque nós estamos aquí defendendo a necesidade de que non se modifique pola porta de atrás a Lei de costas do Estado, e aquí votaron unha cousa e en Madrid acaban de votar outra. Un señor deputado do Bloque Nacionalista Galego, que aquí se opuxo á defensa da Lei de acuicultura e que non tivo ningún reparo para ir ás portas dunha empresa de acuicultura a dicir que defendería os intereses para que lle renovaran as prórrogas desa concesión, hoxe votou en contra dun artigo que pon en cuestión as prórrogas das concesións dos establecementos de acuicultura. *(Aplausos.)* ¡Si, señora Pérez, si! Esas cousas doen. E vostede pode dicir que eu non estou, pero eu estou. A miña hemeroteca está aí.

Non, non lle dea que non á cabeza, temos os resultados da votación. Por suposto que vostede terá o turno de réplica e eu tamén o terei, pero eu, cando falo, falo con datos. E cando foron os procesos de mortalidade que se están producindo aínda no día de hoxe nos bancos marisqueiros, teño que dicirlle que estiveron os técnicos todos da Consellería, que estivo a directora xeral de Desenvolvemento Pesqueiro visitando as zonas e que están todos os técnicos traballando nesa avaliación que no día de hoxe aínda non podemos ter pechada porque aínda non sabemos se rematou o proceso ou non rematou. Pero nun tempo récord puxemos á disposición do sector máis de dous millóns de euros para axudas para rexenerar os bancos marisqueiros. E xa dixemos —e así o faremos— que se é preciso incrementar esas ordes de axudas, se fará, e que o sector sabe que sempre estivemos ao lado deles, defendendo os seus intereses.

Cando vostede me bota aquí en cara que eu dixen que había que reducir o número de pescadores, eu dígoille que non queira terxiversar as miñas palabras, que, de momento, aínda estou eu útil para defendelas. O que estou defendendo —e defendino sempre con voz moi alta e moi clara tanto en Europa como en Madrid como aquí mesmo— é que conseguimos dende Galicia que se aceptara por primeira vez na política pesqueira común que os tres eixos foran equivalentes: o medioambiental, o social e o económico. E estamos vendo con pavor como dende Europa pesan máis os argumentos medioambientais que os sociais e que os económicos. E eu o que dixen foi: vai chegar un momento en que, se só defendemos o medio ambiente, tamén teremos que dicir que existe un número mínimo de pescadores. Que non se me malinterpreten as miñas palabras, porque iso é o mesmo que defende o sector.

Como tamén estamos en contra de quen pretende presionar dende a Comisión ao Parlamento Europeo, que é soberano para decidir o que vota e o que non vota, e así o estamos defendendo.

Señora Pérez, dende logo, eu non estarei facendo moi ben o meu traballo, segundo o seu punto de vista, pero eu boto as mans á cabeza de pensar que quedaría no ano 2021 do sector pesqueiro galego se vostedes, en lugar de ter tan só catro anos de goberno en Galicia, tiveran doce anos de goberno, porque en tan só catro anos, co Goberno de Zapatero en Madrid e co Goberno do Bipartito aquí, en Galicia, perdemos o 44 % das posibilidades de pesca, que se di pronto. Nós dende o ano 2009 ao ano 2019 recuperamos para Galicia o 75 % das posibilidades de pesca. *(Aplausos.)* Ese é o balance e ese é o resumo.

E agora, de momento, máis nada.



Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, conselleira.

(*Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.*)

Rolda de aclaracións.

Polo Grupo Parlamentario Socialista, a señora Otero.

A señora OTERO RODRÍGUEZ: Grazas, presidente.

Señora Pérez, vostede dicía que eu vin hoxe defender o acordo. O outro día tamén na Comisión de Pesca dicíase —non vostede— que sacaba peito do acordo. É que eu creo que me expreso moi mal, pero neste *Diario de Sesións* da Cámara teñen que estar recollidas as miñas declaracións de que dixen —e sigo a dicir— que o acordo non é o desexado, pero que, dende logo, foi moito mellor chegar a un acordo que non acadalo, porque iso conlevaría a consecuencia de ter as nosas frotas expulsadas de augas británicas o 1 de xaneiro.

Señora Egerique, que demagogia mesturar cando eu falaba de remar todos e todas xuntas para conquistar a igualdade entre homes e mulleres tamén no sector da pesca e para sacar —que é un cinismo absoluto— o artigo 18.4 da Lei de cambio climático. Que, por certo, tanto vostede como a conselleira din que aquí votamos unha cousa e que en Madrid votamos outra, e é mentira, porque nós nunca votamos a favor de retirar ese artigo 18.4 aquí, nesta Cámara, porque estamos fartas —perdóeme que lle diga— de que utilicen isto para meterlle medo ao sector. (*Aplausos.*) Porque en ningún momento a Lei de cambio climático ataca a prórroga das concesións de ocupación de dominio público marítimo-terrestre. E quero recordarlles que a única concesión que non foi prorrogada en Galicia foi denegada pola Xunta de Galicia, non foi denegada polo Goberno central. (*Aplausos.*) Polo tanto... Si, ría, señora conselleira, pero vostede tamén ría antes cando eu lle dicía que tiñan un problema de interlocución entre o Grupo Parlamentario Popular e a Xunta de Galicia cando vostede dicía que non pretendemos unha negociación directa da Xunta de Galicia en Europa. É certo que a señora Pérez xa lle trasladou a votación desa iniciativa que trouxo a esta Cámara o Bloque Nacionalista Galego, que levaba un punto que, por certo, o Partido Socialista non apoiou, pero o Partido Popular, si, e dicía que a Xunta de Galicia instara o Goberno do Estado ao recoñecemento da capacidade directa de negociación de Galicia. Vostede ría cando eu lle dicía que tiñan un problema e que dicían que iso non fora votado polo Partido Popular. Pois o Grupo Parlamentario Popular votou iso; polo tanto, pónanse de acordo.

É que, claro, a señora Egerique falaba de deslealdade con Galicia do Goberno central. Pero é que non sei como se atreve a dicir hoxe iso cando a propia conselleira agora mesmo dixo que o Ministerio de Pesca —e volveu incidir— non defendera a pesca ata o último minuto. Porque dixo literalmente: «...pese a que outros gobernos si defenderon a pesca ata o último intre». É increíble que vostedes, que piden lealdade institucional, que piden ir coordinados



en retos tan importantes para o sector pesqueiro, en verbas da máxima responsable da Consellería de Pesca poñan en entredito o papel do Ministerio de Pesca. (*Aplausos.*)

Despois dicía a señora Egerique que me gustaba sacar o artigo de López Veiga, pero que me olvidara de dúas palabras: «de momento», que dicía López Veiga. Decía que «de momento» non saíra excesivamente prexudicada. Pero, claro, nese momento puntual, vostedes dicían que era un desastre. Polo tanto, as verbas do exconselleiro de Pesca e da conselleira actual son totalmente distintas.

Eu, conselleira, só lle lancei unha pregunta ao aire, non fixen ningunha afirmación. Pregunteille se prefería non ter chegado a un acordo e que a nosa frota fora expulsada. Eu fixen unha pregunta, cun interrogante. Eu lanzo preguntas e vostede lanza acusacións e afirmacións falsas contra o Goberno central.

Dende logo, coincido con que con este documento do *Brexit* e con todo o que conlevan agora as axudas hai que seguir traballando, pero, dende logo, ese acordo dótanos de maior estabilidade e seguridade xurídica.

Temos retos moi importantes por diante e, dende logo, vostede falaba de algo fundamental no que nós coincidimos sempre con vostede, que é en que non hai que defender única e exclusivamente os criterios medioambientais, senón que hai que poñerlles maior énfase aos criterios sociais e económicos da pesca.

Vimos como ultimamente as normas comunitarias e tamén as normas do Estado facían máis énfase nese criterio medioambiental que nos criterios sociais e económicos, e nós aí estamos ao lado da Consellería do Mar para seguir tamén trasladando a Europa eses criterios. Dende logo, o Ministerio de Pesca traballa nese senso, e esa Lei de pesca sostible, esa futura Lei de pesca sostible, vai por eses derroteiros.

Vostede falaba de que nestes PIF, nestes puntos de inspección fronteiriza de Burela e de Ce-leiro, o Goberno chegara tarde. Publicáronse no *BOE* a finais de 2020, pero, dende logo, están aprobados para cando son realmente necesarios, que é a partir dese 1 de xaneiro de 2021, que é cando se fan efectivas as consecuencias do *Brexit*.

Polo tanto, temos retos moi importantes por diante que afectan os nosos traballadores do mar e, como lle digo en moitas ocasións, dende logo, vai ter ao lado, ao carón da Consellería do Mar, este grupo, o Grupo do PSdeG, sempre que sexa para traballar a prol de todo o sector.

Pola miña parte, nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Otero.

(*Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.*)

Polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a señora Pérez Fernández.



A señora PÉREZ FERNÁNDEZ: Grazas, señor presidente.

A proba máis palpábel de como goberna o Partido Popular, de como intenta manipular e de como mente descaradamente acábana de facer a señora conselleira e a señora portavoz do Grupo do Partido Popular. (*Aplausos.*) Acaban de dicir por duplicado —primeiro a portavoz e despois a señora conselleira— que o Bloque Nacionalista Galego vén de votar a favor do artigo 18 da Lei de cambio climático. ¡É falso! Son vostedes, ambas as dúas, unhas mentireiras. (*Aplausos.*)

Señora conselleira, hoxe o que se celebraba era a Ponencia. Nós non estamos na Ponencia. Mantivemos a nosa emenda, que, por certo, é de supresión de todo o artigo. ¿Sabe cal é a súa, señora conselleira, a do Partido Popular? A supresión dos puntos 3 e 4 do artigo. O que non fixemos —e, por certo, imos seguir mantendo a supresión de todo o artigo para a Comisión e para o Pleno— foi intentar transaccionar con Vox que se supriman os puntos 3 e 4 do artigo, como veñen de facer vostedes. (*Aplausos.*) Iso non o fixemos nós.

E a ver se se aclara, señora conselleira. Por un lado, di que nós non temos representación en Europa, que nós non temos deputadas e deputados en Europa, e, por outro lado, di que o grupo ALE-Os Verdes dixo que o acordo do *Brexit* era un bo acordo. A ver se se aclara. Vostede sabe perfectamente que son dous grupos, sabe perfectamente que dentro dos acordos —incluído o Partido Popular, que neste tema houbo cinco posicións distintas dentro do Partido Popular Europeo— e dependendo dos países os posicionamentos son distintos. E o Bloque Nacionalista Galego nunca apoiou, nunca vai apoiar, nin nunca vai dicir que o acordo do *Brexit* foi bo para Galiza. Vostede sábeo; polo tanto, deixe de mentir. (*Aplausos.*)

Non quero converter esta miña última intervención —porque teño pouco tempo— nun debate sobre a Lei de cambio climático, porque están as taquígrafas e os taquígrafos do Congreso para facer constar o que vota cadaquén, ¡o que vota cadaquén!

Señora conselleira, hai outra contradición entre vostede e o seu propio grupo parlamentario. Vostede díxonos antes que agora mesmo non era oportuno modificar o tema do principio de estabilidade relativa ou promover a súa revisión e, sen embargo, o grupo do Partido Popular... Non recordo se no da estabilidade relativa..., pero si, tamén o PSOE, efectivamente. Votouse aquí por unanimidade hai moi poucas semanas que, efectivamente, se demandaran, precisamente do Goberno do Estado, todas as xestións que foran encamiñadas a promover esa revisión. Entón, póñanse de acordo. ¿Ou é outra mentira? ¿De quen? ¿Súa?, ¿súa, señora Egerique? ¿De quen é a mentira? Claro, porque é que dicir tres mentiras seguidas nunha mesma intervención, como comprenderá, é bastante inaceptábel. (*Aplausos.*) Non quero converter isto no debate da Lei de cambio climático. Retomo a miña primeira intervención.

Dicíalle que aprobamos por unanimidade neste Parlamento, primeiro, o recoñecemento de Galiza como altamente dependente da pesca. Segundo, promover a revisión do principio de estabilidade relativa. Aprobamos, sen o apoio do PSOE, demandar do Estado ou instar o Goberno do Estado precisamente o recoñecemento da capacidade directa de Galiza, sobre todo nas cuestións pesqueiras. E, por último, aprobamos tamén por unanimidade eses plans de continxencia —nos que a Xunta non pode quedar atrás— de apoio económico e social para o sector pesqueiro.



Pois ben, señora conselleira, vostede, que era a que viña aquí con espírito colaborativo e buscando a unión de todos —¿como será cando non vén con espírito colaborativo?—... Xa vén poucas veces, case nunca, pero, ¡home!, é que leva dúas comparecencias, señora conselleira, e que, cando vén, veña mentir reiteradamente, tres veces nunha mesma intervención, e veña dicir que somos os demais os que nos posicionamos en contra de como nos posicionabamos no ano 2009, tamén é falso, señora conselleira.

Xa que vostede vén con espírito colaborativo —nós cremos que somos nós as que estamos buscando ese espírito colaborativo—, quérolle facer dúas propostas concretas, que xa fixen aquí no seu momento —vostede non estaba; xa dixen antes que tiña unha axenda moi apertada—. Vostede tense que adicar, señora conselleira, entre outras cuestións, a traballar por estes acordos unánimes que tomou o Parlamento galego con uñas e dentes: alta capacidade de dependencia de Galiza, principio de estabilidade, presenza de Galiza e plans de continxencia. Tense que adicar con uñas e dentes a que estas cuestións se fagan, e nós —garántollo— imos estar, non detrás de vostede, senón á súa beira para a defensa destas catro cuestións; á súa beira.

Ademais diso, nós queremos propoñerlle dúas cuestións. Primeiro, temos que reclamar xa —xa, señora conselleira, xa; xa quere dicir onte, non hoxe—, con insistencia e con moitísima contundencia —toda da que sexa capaz; insisto, teranos á súa beira—, un incremento substancial da partida destinada a compensar o sector pesqueiro. É que 2,2 millóns de euros para todo o Estado é unha absoluta burla, (*Aplausos.*) e máxime para a comunidade autónoma, precisamente, que máis depende deses cartos.

Insisto, hai que traballar dende xa, non poñendo como obxectivo só esas axudas. As axudas si, porque nos corresponden por dereito, porque somos os que máis frota temos, pero, evidentemente, temos que traballar noutras fronteas.

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora PÉREZ FERNÁNDEZ: E, remato señor presidente.

A segunda cuestión que lle queremos propoñer é, como lle dixen antes, que nós cremos que o peor do *Brexit* está por vir. Pois ben, se o peor é o que está por vir, cremos que os grupos políticos desta Cámara non podemos permanecer marxinaados, non podemos permanecer á marxe, como vostede nos mantén, de todas esas cuestións das que fala vostede. Xa non lle vou pedir de novo, porque xa o Grupo Popular votou en contra, a representación dos grupos dentro do Consello Galego de Pesca, porque podería, porque o propio Regulamento o contempla. Non lle vou pedir iso, pero téñanos, señora conselleira, ao tanto, porque, como lle dixen antes, non coñecemos nin os informes.

O señor PRESIDENTE: Grazas.

A señora PÉREZ FERNÁNDEZ: O único que coñecemos son as declaracións súas en prensa.

Remato, señor presidente.



O señor PRESIDENTE: Si, por favor.

A señora PÉREZ FERNÁNDEZ: Nós pensamos, señora conselleira, que hai que tomar decisións, que as decisións teñen que ser áxiles e que non poden estar esperando eternamente, porque o sector non pode estar esperando eternamente, e que teñen que ser, efectivamente, efectivas.

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Fernández.

Grazas.

A señora PÉREZ FERNÁNDEZ: Señora conselleira, agardamos a súa resposta, pero, sobre todo, nós agardamos... *(A señora Pérez Fernández pronuncia palabras que non se perciben.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas. Terminou o tempo.

A señora PÉREZ FERNÁNDEZ: Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Moitas grazas.

(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

Polo Grupo Parlamentario Popular, a señora Egerique.

A señora EGERIQUE MOSQUERA: Grazas, presidente.

Señora Pérez, non nos acuse de mentir. *(Risos.)* Mire, a favor do artigo 18, na Ponencia, como dixen eu cando saín e falei dese debate: PSOE, 13; Podemos, 4; Bildu, 1; Grupo Plural (Máis País/BNG), 1; Grupo Mixto (Teruel Existe), 1; Esquerda Republicana de Cataluña 1. *(A señora Pérez Fernández pronuncia palabras que non se perciben.)* *(Murmurios.)*

O señor PRESIDENTE: ¡Silencio, por favor!

A señora EGERIQUE MOSQUERA: Señora Pérez, teñen un deputado no Congreso dos Deputados. Eu lembro, ademais, que vostede ten o mesmo discurso que tiña tamén cando fora deputada nas Cortes, e mire se non cambiaron as cousas e se non cambiou, ademais, o sector pesqueiro, e vostede segue aí. O deputado do Bloque Nacionalista Galego está incluído no Grupo Parlamentario Plural (Máis País), e, se non, pregúntelle ao seu deputado que vota ou que non vota e non nos acuse de mentir, porque non mentimos. *(Murmurios.)* Non mentimos, e as votacións están no *Diario de Sesións* das Cortes. *(A señora Pérez Fernández pronuncia palabras que non se perciben.)* Polo tanto, vostede non veña aquí xustificar a complicidade co Goberno socialista, que claramente o Partido Socialista votou que non directamente.

Mire, agora eu vou facer referencia a que queren entrar no Consello Galego de Pesca. Nós votamos por unanimidade unha serie de puntos que, claro, cremos que son axeitados e que poden ir adiante no tema pesqueiro, pero vostedes queren entrar agora no Consello Galego



de Pesca para instrumentalizar, para controlar, para decidir, para tomar as decisións, e iso non o imos permitir. Mentres os galegos nos dean a confianza ao Partido Popular, imos manter na liberdade o sector e as decisións do sector, que leva e representa, ademais, a señora Quintana en Bruxelas, como digo; e ademais clama e predica no Goberno de España e non fan nin caso, como digo.

E, ademais, ¿cantas iniciativas do *Brexit* trouxeron vostedes? Pregúntelle vostede ao seu grupo. Este Parlamento ten que traballar polo *Brexit*, como dixen. A señora Quintana veu comparecer no 2017, presentamos diferentes iniciativas... E dígolle unha cousa: si que ten unha axenda moi apertada, porque está traballando por Galicia. Vostedes teñen este Parlamento como trampolín dunha demagogia e dun espazo externo que non existe. A Xunta de Galicia tamén ten responsabilidades de goberno, e o Executivo, por suposto, que ten unha axenda moi apertada e sempre que pode os once conselleiros comparecen neste Parlamento e dan explicacións da súa xestión. E, insisto, non coa lealdade e co apoio do que vostedes presumen, porque tenden a man, pero despois non a dan, e fóra montan os líos e nunca están por apoiar esa Xunta de Galicia e o traballo de Galicia fóra.

Señora Otero, vostede fala de remar na mesma dirección, de traballar, dende a nosa responsabilidade, polas mulleres, por suposto. De momento, señora Otero, somos deputadas, temos a posibilidade de facer cousas votando coas leis. Eu lembro que a historia di qué fai cada un, e no ano 1933 os socialistas opuxéronse ao voto feminino. Agora nós temos a oportunidade de votar diferentes leis. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) (*Fortes protestas.*) (*Murmurios.*)

O señor PRESIDENTE: ¡Silencio!

A señora EGERIQUE MOSQUERA: Si, señora Otero, é unha realidade. Hoxe votaron en Madrid en contra. Hoxe votaron en Madrid a favor da modificación da Lei de...

O señor PRESIDENTE: ¡Silencio!

¡Silencio, por favor!

A señora EGERIQUE MOSQUERA: ...costas, dentro da Lei de cambio climático, e iso vai afectar a postos de traballo femininos en Galicia. Si, señora Otero. ¡Si, señora Otero!

Encántame que López Veiga tamén sexa un referente para vostede hoxe, encántame, despois de pedir aquí a dimisión en varias ocasións. Encántame que sempre o poña de exemplo. E de momento, señora Otero, todos vemos os efectos indirectos, e despois de 2026, menos vostede. Vostede aquí parece que non se entera deses efectos que vai ter. Por iso, ese «de momento» no artigo é importante.

Mire, señora Quintana, o Bloque Nacionalista Galego e a señora Pérez dálle a volta a esa frase que vostede di porque, como digo, utilizan esta plataforma como unha demagogia que non é real, e esta conselleira tamén ten responsabilidades no Executivo. Polo tanto, si que está plenamente consciente e traballando polo mellor posicionamento do sector pesqueiro con respecto ao *Brexit*.



A nós pasounos aquí tamén algo co Partido Socialista co tema do Laboratorio Comunitario de Referencia en contaminantes bacteriolóxicos e virais de bivalvos, que dixeron unha cousa, primeiro criticaron, despois aplaudiron, despois dixeron que se mentía, que mentía a conselleira, que mentía Bruxelas, que mentían os medios de comunicación..., e resulta que quen mentía e quen estaba máis equivocado era o propio Partido Socialista, que resulta que, cando se lle pedían explicacións e se lle daban, non lle valían. Fan sempre o mesmo nas comparencias. Rosa Quintana veu aquí dar explicacións claras a redactar exactamente que é o que pasou, que é o que se fixo e con que perspectiva afrontamos o futuro, e vostedes veñen aquí criticar permanentemente —incluso mentindo, porque a votación está no *Diario de Sesións*— o Partido Popular, e iso non é nin lealdade, nin é apoio, nin tender a man aos proxectos de futuro.

Mire, o tempo pon a cada un no seu sitio, como dixen antes, e ademais a nós en Galicia demostránnolo os galegos e o sector da pesca sempre, porque pon a cadaquén no seu sitio, xa que saben quen traballa só polo interese persoal e partidista e quen traballa polo interese do sector, e tamén iso pode demostrarse despois nos resultados que acadamos en Galicia.

Vostedes cambian de criterios e de opinión segundo sobre o vento, e non pode ser, porque, como dicía unha deputada socialista aquí, na anterior lexislatura, a pesca non pode ser moeda de cambio, e rematou sendo moeda de cambio. E nos debates vostedes votarían unha abstención, pero sempre dixeron que ese artigo era moi daniño para o sector e para a cadea mar-industria, pero hoxe votan en Madrid a favor dese artigo e, polo tanto, iso afecta directamente a cadea mar-industria.

Polo tanto, nós cunha palabra aquí e cunha acción en Madrid diferente, cunha deslealdade total dun goberno central co sector pesqueiro de Galicia, non queremos traballar e con intereses por instrumentalizar e controlar as decisións dos pescadores, armadores, mariscadores e un longo etcétera de traballadores do mar, tampouco, que é o que vostedes pretenden nas súas iniciativas, como dicía eu o outro día, que poñen moitos puntos e acaban sempre metendo esa instrumentalización a través da súa presenza en todos os organismos que, de momento, actúan con liberdade.

Señora Quintana, vostede, como dixen antes, está, estivo e estará sempre, porque o ten demostrado, non é algo que nós teñamos que inventar. Polo tanto, temos toda a confianza en vostede. Vostede ten a confianza deste grupo parlamentario para seguir traballando polo interese do sector pesqueiro de Galicia e, sobre todo, para ir a Bruxelas e ter a lexitimidade, que a gañou con traballo e con horas de defensa do sector pesqueiro.

Pola miña banda, nada máis.

Moitas grazas. (Aplausos.)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Egerique.

(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

Para o peche da comparencia, a conselleira do Mar.



A señora CONSELLEIRA DO MAR (Quintana Carballo): Grazas, señor presidente.

Señorías.

En primeiro lugar, permítanme expresarlle o meu agradecemento á señora Egerique polas súas palabras e polo seu compromiso. Dende logo, eu intentarei responder sempre defendendo os intereses do sector pesqueiro cos que o Partido Popular me honrou dende o ano 2009 e con manter a súa defensa, e ese é o meu traballo.

A verdade é que hoxe teño que cerrar este turno de comparecencia un pouco decepcionada, e vanmo permitir. Eu, como son das persoas que non creo que ningún deputado que forma parte deste Parlamento teña nin malas intencións, nin malas ideas, nin queira o peor para o sector, teño que dicir que me sorprende o descoñecemento que hai sobre este sector por parte dalgúns deputados. E digo isto porque, quen me coñece ben, sabe que a min nomearme a palabra «mentira» é encenderme por dentro, pero xa nin iso vou facer. Vou dar só algúns exemplos, señora Pérez e señora Otero.

Vostedes dinnos, dixeron e utilizaron en campaña electoral que nós co artigo 18.4 só queríamos meterlle medo ao sector, e ségueno dicindo, e iso non é así. Nós non queremos meterlle medo ao sector, nós estamos vendo a mesma realidade que ve o sector. ¿E cal é a realidade que ve o sector? Eu non sei. Sinceramente, descoñezo cales son os seus motivos para restrinxir o período concesional das instalacións que se atopan en dominio público marítimo-terrestre.

Miren, eu, como levo trinta anos dedicada a este sector e pasei por moitos eslabóns do Goberno, podo falarlles de toda a miña experiencia para que vexan que non minto. No ano 2013 o Goberno do Estado publicou unha lei, a Lei de costas, modificando a lei do ano 1988, e concedeu que, unha vez finalizadas todas as prórrogas das concesións, se puidera dar unha prórroga extraordinaria de 75 anos. ¿Para que? Para darlles seguridade xurídica e estabilidade a todas as empresas que, cumprindo con todos os requisitos, se ubicasen na zona de dominio público marítimo-terrestre. Naquel momento o Partido Socialista, que estaba na oposición, recorreu ante o Constitucional esta lei, e o Constitucional deulle a razón ao Goberno. O Constitucional deulle a razón ao Goberno. Non me diga que non, señora Otero, e logo non me chame a min mentireira, revise a situación. Naquel momento o Constitucional deulle a razón ao Goberno.

Cando vostedes gobernaban en Galicia, fixeron unha Lei de pesca no ano 2008, onde dicían que todas as concesións, ao finalizar a súa prórroga, sairían a concurso. Nós naquel momento pedimos que iso non fose así. Dixemos que existía a posibilidade de poñer os contadores a cero, porque aínda non estaba aprobada a Lei de costas do Estado do ano 2013, e que había a posibilidade de poñer os contadores a cero para darlles estabilidade xurídica a todos os titulares dos establecementos de acuicultura en zona de dominio público marítimo ou marítimo-terrestre.

Díxosenos que estabamos enganando o sector. E nós asumimos un reto: se chegamos ao Goberno, no primeiro período de sesións modificaremos a Lei de pesca e poremos os contadores



a cero. Chegamos ao Goberno, modificamos a lei no primeiro período de sesións e conseguimos poñer os contadores a cero e darlles estabilidade a todos os titulares dos establecementos. (*Aplausos.*) De novo vostedes chegan a gobernar en España e, pola porta de atrás, pretenden, modificando o Regulamento da Lei de costas, modificar o período concesional dos establecementos. Como se deron conta de que non podían, cun real decreto, modificar unha lei, abordaron, durante o período de pandemia, introducir no Congreso dos Deputados unha Lei de cambio climático que no seu artigo 18.3 e 18.4 fai referencia precisamente á duración do período concesional. Nesta ponencia de hoxe votouse no Congreso —da que nos trasladan os resultados das votacións— e de novo volven ganar vostedes, e o artigo 18.3 e o artigo 18.4 seguirá aí na Lei de cambio climático. Co cal, esa prórroga extraordinaria de 75 anos da que dispoñían todos os titulares das concesións de acuicultura ou establecementos auxiliares en zona de dominio público marítimo ou marítimo-terrestre queda sen efecto.

Esa é a verdade, e rétoa a vostede a que me acredite que algo do que eu dixen aquí é mentira. ¡Todo é mentira, todo é mentira...! ¿Queren dicirme que era mentira que vostedes na Lei de pesca do ano 2008 poñían a necesidade de sacar a concurso as concesións? ¿Quere dicirme vostede que é mentira que nós tiveramos que modificar esa lei e poñer os contadores a cero? ¿Quere dicirme que todo iso é mentira? Iso todo está publicado no *Diario Oficial de Galicia*, señora Otero; iso todo votouse aquí neste Parlamento.

E agora vén a señora Pérez e chámame a min mentireira e di que non me entero do que vota o meu grupo. ¡Nada máis lonxe da realidade, señora Pérez! Claro que nós votamos a favor de analizar o acordo, de ver se era necesario declarar a Galicia zona altamente dependente da pesca e tamén de ver que podíamos gañar con iso. Ese compromiso témolo, analizarémolo, e estámolo estudando.

Eu o que non quero é pedir a declaración de Galicia como rexión altamente dependente da pesca e que lle pase a Galicia o que lles pasou ás rexións que se declararon zonas altamente dependentes da pesca no ano 1982 e que hoxe deixaron de ser unha potencia pesqueira. A min o que me interesa é traballar para que o sector pesqueiro galego siga incrementando ano tras ano as súas posibilidades de pesca, como vin defendendo dende o ano 2009, e aí están os datos. No Goberno bipartito e con Zapatero en Madrid, Galicia perdeu o 44 % de posibilidades de pesca. Dende o ano 2009 ao ano 2019, Galicia ganou o 75 % das posibilidades de pesca.

¿Estou satisfeita? Non, porque nunca estarei satisfeita sempre e cando teñamos necesidades de máis posibilidades de pesca para dar máis oportunidades de futuro ao noso sector. Pero que non estea satisfeita non quere dicir que non saiba poñer en valor o esforzo e o traballo que fixo todo o sector pesqueiro e toda a Administración ao lado dese sector, defendéndoo en todos os foros. (*Aplausos.*)

Tamén dixemos que este grupo votou a favor —¡claro que si!— de pedir a representación directa de Galicia co Estado ante a Unión Europea. Nós queremos ir da man do Estado... (*Murmurios.*) Pois, mire, é que unha diferenza entre o Partido Popular e o Bloque Nacionalista Galego. Nós non queremos romper co Estado, nunca o quixemos e nunca o pretendemos. Nós sabemos que a relación directa é do Estado, e queremos ir da man del para poñer os



nosos oídos, para poñer os nosos esforzos e para poñer o noso traballo para conseguir darlle maiores argumentos ao Estado para que defenda mellor os intereses do sector pesqueiro.

Vostede poderá comprobar, porque ten amigos en todas as comunidades autónomas, nese grupo interdepartamental que se creou en Madrid para falar do *Brexit*, que comunidade autónoma defendeu o sector pesqueiro nas negociacións do *Brexit*. Dígame algunha. Galicia foi a única que falou de pesca en todas as reunións que houbo, tanto no Estado como aquí en Galicia. ¡A única! Nin o País Vasco, nin Cantabria, nin Asturias, nin Murcia, nin Valencia..., ninguén entendía que o *Brexit* podía impactar sobre o sector pesqueiro galego.

Acusoume de non sei que da estabilidade relativa. Xa o dixen na miña primeira comparecencia. No ano 2009, cando elaboramos a proposta de Galicia para defender en Bruxelas o que debería de conter a política pesqueira común, nós apostabamos naquel momento por unha revisión do principio de estabilidade relativa. Vostedes votaron en contra, e iso está recollido nas actas das sesións.

Cando empezaron as negociacións do *Brexit*, o propio sector pesqueiro dixo que non era o momento de falar da estabilidade relativa. A nós, ao Grupo Popular, nunca lle van dar vostedes leccións do que é o principio de estabilidade relativa, porque se hai alguén que intentou defender este mal chamado principio de estabilidade relativa foi o Grupo Popular. Porque, mire, os únicos recursos que se presentaron contra ese mal chamado principio de estabilidade relativa presentáronos os gobernos do Partido Popular no ano 1996, no ano 1997, no ano 1998, no ano 1999, no ano 2000, no ano 2001 e no ano 2003. E o que aprendemos daquela lección —recurso que nunca ganamos— foi que xa non nos importaba tanto o principio de estabilidade relativa, senón negociar ben para conseguir posibilidades de pesca para que non nos afectaran as que tiñamos nese momento, no momento de entrar en vigor a política de descartes cero. E niso era no que tiñamos que traballar.

Por iso eu digo que o sector pesqueiro é un sector complexo, e que hai que dedicarlle moitas horas de estudo e de esforzo para saber defender ben os principios do sector. O propio sector pesqueiro estanos dando moitas leccións, e o propio sector pesqueiro estanos dicindo: non nos apuremos agora a negociar as posibilidades de pesca para este ano, vaíamos vendo cal é a folla de ruta que temos que establecer para que, dentro de cinco anos e medio, teñamos os mellores argumentos para a defensa dos nosos intereses. E nós estamos seguindo esa folla de ruta.

Vostede acúsame a min aquí de que non comparecín despois do Acordo de ministros do 16 de decembro. Vostede sabe positivamente que comparecín aquí o día 10 de decembro para dicir cal era a postura que iamos levar dende Galicia ante Europa, e vostede sabe que o día 18 de decembro, cando volví de Bruxelas, fun positiva en covid, que estiven confinada na miña casa e que non podía comparecer. Vostede sábeo, e tamén sabe que en todo momento —como dicía a señora Teresa Egerique— estiven comunicándolles tanto ao sector como a todos os medios de comunicación cales eran os resultados daquela negociación. Tamén sabe que o Ministerio dixo que saía moi satisfeito daquela reunión, pero nós dixemos dende o principio que o acordo era netamente negativo para Galicia. Dixémolo sempre; diso non se me poderá acusar.



Dime que non coñece os informes que se fixeron e que se presentaron no Pleno do Consello Galego de Pesca. Nós non ocultamos nada, somos totalmente transparentes. Os informes temos todo o sector pesqueiro e están á disposición na nosa páxina web. Imaxinen como son, que aquí, nalgún momento dalgún deses informes, se me dixo que eu non facía nada, que xa o defendía moi ben o propio sector, que tiña un informe magnífico colgado na súa páxina web, e resulta que o informe era o que se fixera dende a Consellería do Mar.

En fin, eu o único que lles pido é, de verdade, que lle teñan un pouco de cariño ao noso sector e que se preocupen por el, que falen con el e que o entendan. Aprenderán moito máis que vindo aquí chamarme a min mentireira, porque o día que me pillen nunha mentira ese mesmo día presentarei a miña dimisión. (*Murmurios.*) Nunca, nunca, nunca vou mentir nin consentir que ninguén me chame mentireira. Porque o que oín hoxe aquí de dicir que foi a Xunta de Galicia, a miña consellería, a que lle denegou a prórroga dunha concesión a un establecemento de acuicultura, é ter moi mala fe ou moito descoñecemento, que é co que me prefiro quedar.

A Comunidade Autónoma de Galicia ten a competencia para regular a actividade, pero non é a competente para dar as concesións, que iso é competencia do Estado, ¡competencia do Estado! Eu para darlle a prórroga da actividade a un establecemento de acuicultura teño que solicitar un informe preceptivo e vinculante do Estado, e se o Estado me di que a esa señora non se lle pode dar a prórroga da concesión, eu non lle podoo dar a prórroga da concesión. Non mintan, non enganen, porque ese é o camiño que vostedes están levando (*Aplausos.*)

Eu non fun a que deneguei a prórroga da concesión, fíxeno por un informe perceptivo e vinculante, cumprindo o que di a lei e cales son as miñas competencias. ¿Como podo eu prorrogar algo se o Estado, que é o dono dos terreos, di que non se pode seguir usando ese terreo para desfrutar desa actividade? ¿Quere dicirme a min como fago? ¿Ou está intentando enganar a xente e botarme a min unha culpa que eu non teño?

¿Como despois se deu conta o propio Estado de que nós non estabamos enganando a ninguén e de que estaban deixando sen seguridade xurídica...? Bueno, é que xa o que se lle chegou a dicir a esta empresa —eu non sei se vostedes o saben, pero permítanme que llelo diga—... Unha empresa que leva traballando dende o ano 1968, que tiña a posibilidade de ter unha prórroga máis alá dos anos concesionais, de 75 anos máis, e dísenos a nós que non podemos darlle o permiso de actividade porque se lles acabou a concesión. E cando as persoas representantes desta empresa foron reunirse co Estado, *tuvieron a bien decirle: «Non teñades ningún problema, isto volvémoso sacar a concurso e, ao mellor, volvevos tocar»*. Claro, ¡menuda tomadura de pelo! É dicir, unha vez que me caducan a concesión, a propia lei me obriga a devolver a situación ao estado orixinal; é dicir, teño que destruír todas as piscinas que teño construídas, teño que deixar todo como estaba no ano 1968 e logo presentarme a un concurso, que con moita sorte o ganarei, mo darán, volverei construír as piscinas e poderei volver seguir desenvolvendo a miña actividade.

¡Hombre, esto es una tomadura de pelo! Con todos os respectos, e eu por esas si que non estou e por esas si que non paso. (*Aplausos.*)



Se queren traballar realmente polo sector, veñan aquí con propostas e con argumentos. Falen co sector, que é bo que falen con el, que o entendan e que sigan a folia de ruta que o propio Consello Galego de Pesca aprobou por unanimidade o día 20 do mes pasado.

Máis nada e moitas grazas. *(Fortes e prolongados aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, conselleira.

(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

(O señor Arangüena Fernández pide a palabra.)

¿Para que quere a palabra, señor Arangüena?

¡Silencio, por favor! ¡Silencio!

Imos escoitar que é o que pide o señor Arangüena. Despois decidirei eu.

O señor ARANGÜENA FERNÁNDEZ: Ao abeiro do artigo 76.3 do Regulamento, fíxose aquí, por parte da señora Egerique, unha alusión que afecta a dignidade do meu grupo parlamentario, do noso grupo parlamentario. Concretamente, se me permite que lle explique cal, explícolla.

O señor PRESIDENTE: Tamén estaba vostede no debate, señora Otero.

O señor ARANGÜENA FERNÁNDEZ: Como verá, calquera membro do grupo pode facer...

O señor PRESIDENTE: Si, pode, pero pregunto se ela, como estaba no debate... ¿Cal é exactamente...? Non sei... Eu, por respecto, sempre digo que estaba no debate ela. Pode formulalo calquera dos portavoces, que están autorizados, pero, exactamente, ¿cal é a frase que considera vostede que dalgunha maneira lesiona o honor do seu grupo?

O señor ARANGÜENA FERNÁNDEZ: A señora Egerique dixo que o Partido Socialista votou en 1933 contra o voto feminino... *(Murmurios.)*

O señor PRESIDENTE: Ben, pero iso é...

O señor ARANGÜENA FERNÁNDEZ: ...e iso é unha falsidade... *(Murmurios.)*

O señor PRESIDENTE: Iso é...

O señor ARANGÜENA FERNÁNDEZ: É un bulo, señoría. *(Murmurios.)* Afecta a nosa dignidade. *(Murmurios.)*

O señor PRESIDENTE: Non, iso é unha afirmación que fai unha deputada... *(Murmurios.)* Non, pero esa é unha... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Perdón. Esa é unha afirmación que fai unha



deputada que está dentro do debate, e eu non considero que iso lesione o interese de ningún grupo. (Protestas.) Non, terminou. (Protestas.) ¡Terminou! (Pronúncianse palabras que non se perciben.)

Non, considero... (Murmurios.) Esa é unha alusión... En todo caso, ela poderá matizar tamén. (Murmurios.) Eu non entendín iso, pero, en todo caso, a señora Egerique que matice; por favor, que matice. Eu non entendín iso.

A señora EGERIQUE MOSQUERA: Exactamente dixen que os socialistas se opuxeron. Non dixen que votaran en contra, señor Arangüena. (Pronúncianse palabras que non se perciben.) (Murmurios.)

O señor PRESIDENTE: Silencio. ¡Xa está!

Xa están aclaradas as dúas posturas, e ese é un debate que xa excede deste debate. (Murmurios.) ¡Terminou! (Murmurios.) ¡Terminou! (Murmurios.) ¡Terminou o debate!

Retomamos ás catro e media da tarde.

Suspéndese a sesión ás tres da tarde e retómase ás catro e trinta e tres minutos.

O señor PRESIDENTE: Boa tarde.

Reiniciamos a sesión co punto 2º da orde do día, que son mocións.

Neste caso debatemos de xeito acumulado dúas mocións.

Acumulación de dúas mocións para o seu debate conxunto

Moción do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D^a Olalla Rodil Fernández, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co impacto que está a ter para as mulleres a crise económica xerada pola covid-19

Moción do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D^a Noa Susana Díaz Varela, sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia en relación cos efectos da pandemia da covid-19 nas mulleres galegas

O señor PRESIDENTE: Hai unha emenda á moción do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego que presenta o Grupo Parlamentario Socialista e tamén hai unha emenda á do Grupo Parlamentario Socialista que presenta o Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.

(O G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa da súa deputada Noa Susana Díaz Varela, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 151.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte emenda a esta moción.

Emenda de modificación.



Na parte resolutiva da moción, no punto 1, onde di: «Crear a Valedoría da Igualdade como organismo...», debe dicir: «Crear un organismo...»).

(O G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa da deputada e viceportavoz Olalla Rodil Fernández, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte emenda a esta moción.

Emenda de substitución.

Débase substituír o punto 4 da parte resolutiva da moción polo seguinte texto:

«4. Demandar do Goberno español a transferencia a Galiza das competencias plenas en materia de inspección laboral xunto co financiamento suficiente para levar a cabo, entre outros, un plan específico de inspección en materia de discriminación laboral por razón de xénero.»)

O señor PRESIDENTE: Comeza o debate destas mocións.

Polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego ten a palabra a señora Rodil.

A señora RODIL FERNÁNDEZ: Grazas, presidente.

Boa tarde a todas e a todos.

Hoxe desde o BNG con esta moción defendemos fundamentalmente dúas ideas:

En primeiro lugar, amosar o apoio desta cámara ás mobilizacións do feminismo galego este 8 de marzo, a xornada de onte mesmo. Facémolo cada ano —e sábeo o resto da Cámara— nas propostas que impulsamos desde o BNG arredor desta data, do Día Internacional das Mulleres Traballadoras, pero nesta ocasión, neste ano 2021, cobra aínda máis importancia se temos en conta a campaña de criminalización e desmobilización que tivemos que aturar nos días previos ao 8 de marzo; incluído un deputado —que, ademais, eu coñezo ben porque é da mesma circunscrición ca min—, un deputado do Partido Popular de Galiza no Congreso, o señor Jaime de Olano, mariñán, que pedía que se prohibisen por lei todas as manifestacións feministas no conxunto do Estado español. E desde o BNG cremos que é importante lembrar —aínda que sobraría dicilo nesta cámara— que o dereito de manifestación e protesta é un dereito fundamental, esencial en calquera sistema democrático, porque é a través del, é a través deste dereito de protesta como se invocan os demais dereitos: dereitos como a igualdade salarial, condicións laborais xustas e dignas para as mulleres, ou a non-discriminación por razón de xénero no ámbito do traballo. Apoio ás mobilizacións por parte desta cámara que é na que reside a soberanía, aínda que limitada, do pobo galego; tamén a do millón catrocentas mil mulleres que vivimos e traballamos neste país.

E a segunda das ideas que defendemos con esta moción desde o BNG é que pasemos dos discursos aos feitos, dotando Galiza, sobre todo, a Administración pública galega, de máis e mellores ferramentas políticas para combater de maneira real e efectiva as desigualdades e as discriminacións de xénero, especialmente no ámbito laboral.



Angela Davis, probablemente unha das voces máis recoñecidas e recoñecibles do *Black Feminist*, dixo: «Temos que deixar de aceptar as cousas que non podemos cambiar e comezar a mudar aquilo que non podemos...» —e engado eu—: «e non debemos» «...aceptar». Ese é o principio inspirador que motiva as iniciativas que incluímos desde o BNG nesta moción.

Para poder avanzar en igualdade precísase algo máis que sinalar o problema; precísanse ferramentas e, sobre todo, vontade política para acabar coa discriminación que sufrimos as mulleres. Por iso formulamos nesta moción un conxunto de propostas que buscan pasar á acción, abandonar a pasividade coa que actúa a Xunta de Galiza e, sobre todo, acabar co ritualismo das declaracións institucionais dos 8 de marzo.

Propostas para conseguir dous obxectivos. O primeiro sería aumentar a presión e inspección fronte á discriminación das mulleres no traballo, a través da creación, entre outras, da valedoría da igualdade. É unha iniciativa que temos defendido desde o BNG noutras ocasións nesta cámara. Trátase dun organismo público dirixido a velar polo cumprimento da lei, nomeadamente, do principio de igualdade e non-discriminación por razón de xénero. Porque moito do que aquí se falou fai quince días, do que se falou hoxe mesmo no debate pola mañá na sesión de control, do que se falou na xornada de onte nas rúas deste país e do mundo, moito do que se falou o 8 de marzo, como cobrar menos, por exemplo, é directamente ilegal, ademais dunha vulneración flagrante dos dereitos humanos. Unha valedoría da igualdade que existe xa noutros países desde hai anos, como é o caso de Suecia, pero tamén que existe xa en Euskadi ou no País Valencià máis recentemente. Un organismo público que teña capacidade para sancionar administrativamente e para impulsar investigacións de oficio ou de parte en materia de igualdade.

Ligado con isto, hai que reclamar a transferencia a Galiza das competencias plenas en materia de inspección laboral; máis poder político para construír unha sociedade máis xusta, máis equitativa e máis democrática. Porque soberanía é iso: dotar este país de máis ferramentas e máis poder político para mellorar as condicións de vida e de traballo da xente deste país.

Máis competencias en materia de inspección laboral, ¿para que? Para impulsar, entre outras cuestións, plans de inspección específicos en materia de discriminación laboral por razón de xénero nas empresas; é perfectamente legal no actual marco normativo, xurídico e político do Estado español. De momento, non fai falta romper España, e así o acredita o feito de que Cataluña ten estas competencias desde o ano 2010, Euskadi desde o 2011. Ademais, hai unha sentenza que o avala do Tribunal Constitucional, a Sentenza 51/2006, que recoñece a capacidade das comunidades autónomas para exercer as competencias en materia de inspección e sanción laboral, sempre que non vaian en contra da caixa única. É un bo momento —cremos desde o BNG— para rematar con doce anos de secaño sen unha soa competencia nova para este país, precisamente neste ano 2021, que se cumpren corenta da aprobación do Estatuto de autonomía.

O segundo obxectivo: converter a administración en panca para impulsar a igualdade. A Xunta de Galiza é unha enorme contratadora e compradora de bens e servizos. Eses



actos administrativos que impulsa cada día a Administración galega non son inocuos, nin son tampouco neutrais, como non é nada nesta vida. Non son simples procedementos de xestión, senón que constitúen unha importante ferramenta, un medio, se están ao servizo das políticas que debera desenvolver a administración tamén en materia de igualdade.

Promovemos, polo tanto, ou defendemos desde o BNG para levalo a cabo, dúas cuestións:

Unha, auditoría das contratacións públicas sufragadas total ou parcialmente pola Xunta de Galiza para asegurar o cumprimento dos convenios colectivos e a non-vulneración dos dereitos laborais, incluída a fenda salarial. Porque ¿que é o que acontece neste país sen remontarnos hai vinte nin trinta anos, como se facía esta mañá? ¿Que é o que aconteceu nos últimos dous anos neste país, e eu trouxen tres exemplos?

¿Cal era a situación, por exemplo, das traballadoras do servizo de limpeza do edificio administrativo de San Caetano da Xunta de Galiza —que está concesionado a unha empresa, e ímoslle poñer nomes e apelidos—? Porque se a discriminación existe é porque hai quen discrimina: o Grupo Norte. ¿Que facía o Grupo Norte? Cando se estaban negociando as melloras nas condicións de traballo das traballadoras do servizo de limpeza —insisto— do edificio da Xunta de Galiza en San Caetano, o que facía era impedir que as mulleres do servizo de limpeza puidesen promocionar á categoría de peón especialista, cuestión que si lles recoñecía aos homes traballadores desa mesma empresa. ¿Que aconteceu, ademais, por parte da administración pública? Que en vez de defender os dereitos das traballadoras, mesmo impediu ás súas representantes sindicais poderen acceder aos pregos de contratación dese servizo público para poderen defender diante da patronal os seus dereitos.

Outro caso tamén recente, ben coñecido nesta cámara porque o trouxemos en moitas ocasións: o caso de Nérida Pisco —¡coñécena!—, traballadora de Autobuses Calo, que foi acosada pola súa empresa. Hai unha sentenza xudicial e, ademais, actas de Inspección de Traballo que acreditan que sufriu —e cito literalmente— «psicoterrorismo laboral». Aí, como non se queimaban contedores, non se escandalizaba ninguén. ¿Cal foi o resultado desa sentenza —insisto— en firme, que condenaba esta empresa por «psicoterrorismo laboral»? Que a Xunta de Galiza lle deu como premio da administración dez anos de prórroga na concesión do servizo.

Outro tanto nos atopamos en servizos fundamentais no noso día a día para o sostemento da vida e os coidados neste país, como son as traballadoras do servizo de axuda no fogar. A semana pasada coñeciamos o despedimento de dúas delas, por exemplo, no Concello de Chantada, cando estaban exercendo o seu dereito de baixa laboral.

Máis do noventa por cento do cadro de persoal do servizo de axuda no fogar neste país son mulleres. Está sostido, ademais, este servizo na súa inmensísima maioría con fondos públicos procedentes da Xunta de Galiza nas horas vinculadas á Lei de dependencia. E esas traballadoras soportan condicións de traballo absolutamente leoninas, pero, ademais, un convenio colectivo caducado desde o ano 2011, e táboas salariais que non se actualizan desde o 2010, sen que a Xunta de Galiza diga nin faga absolutamente nada. *(Aplausos.)*



¿Como se frea isto? Diciao ao comezo: fai falta vontade política e máis ferramentas. ¿Cal é a proposta? Unha delas —das que pon hoxe enriba da mesa o BNG— é a introdución de cláusulas de igualdade na contratación pública deste país. Este é un acordo unánime desta cámara, do Parlamento de Galiza, desde marzo de 2019, impulsado tamén naquela altura polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, que segue —a pesar do que se escoitou esta mañá por aquí— sen cumprirse, dous anos despois e unha pandemia mediante.

¿Que permiten esas cláusulas de igualdade? Entre outras cuestións, introducir a perspectiva de xénero como elemento transversal, mesmo no propio obxecto da contratación, ou excluír da participación nas licitacións a empresas condenadas en firme por discriminación por razón de xénero. E non que unha empresa condenada en firme por terrorismo laboral contra unha traballadora que decide ser nai poida acceder dez anos máis a un servizo público, á xestión e á concesión dun servizo público. Cláusulas que son totalmente legais, que están amparadas no ordenamento xurídico da Unión Europea, a Directiva 2004 do Parlamento Europeo e o Consello, ou a Lei 9/2017, de contratos do sector público.

En definitiva —e con isto remato—, máis ferramentas políticas para acabar coa desigualdade, pero tamén un cambio de enfoque que acabe con tanta hipocrísia. Se existe discriminación contra as mulleres é porque hai quen discrimina. E aí é onde queremos poñer o foco como sociedade, como organización e como —cremos tamén— institucións, en quen utiliza subterfuxios legais para pagar menos ás mulleres que aos homes, ou quen se vale da impunidad para seguir discriminando.

Porque, señorías, na discriminación das mulleres traballadoras hai moita misoxinia de quen considera que somos cidadás de segunda ou simplemente non-cidadás. Pero tamén hai un enorme beneficio económico que fai da discriminación das mulleres algo moi lucrativo; se non, hai tempo que isto tería acabado.

Máis nada de momento. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Rodil.

(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

Para a defensa da súa moción, polo Grupo Parlamentario Socialista, ten a palabra a señora Díaz Varela.

A señora DÍAZ VARELA: Grazas, presidente.

Boa tarde a todas e a todos.

Quería comezar a miña intervención —non está agora aquí, pero ben— convidando as señoras deputadas e os señores deputados do Partido Popular a reler a historia, e quizais alí ao mellor entenden ou saben ou aprenden que o voto feminino en España se debe, entre outras cousas, grazas aos setenta e catro votos positivos a ese voto feminino no ano 1931 no Congreso dos Deputados. *(Aplausos.)*



Efectivamente, onte foi un día reivindicativo no que tanto as mulleres dende os nosos balcóns, as redes sociais ou mesmo coas nosas roupas como as que saíron á rúa manifestarse berramos con forza que estamos fartas de tanta discriminación, e estamos aínda máis fartas da negación da discriminación. Porque estamos fartas de que nos digan que non hai desigualdade, e estamos fartas de que nos digan que as mulleres somos tratadas polo sistema de igual maneira que os homes, que non soportamos maior precariedade laboral, que a fenda salarial é unha quimera, que os coidados non nos deben pagar porque son a nosa obriga, que nos digan «mortas» cando somos «asasinadas», que nos chamen «putas» cando somos «mulleres prostituídas», que nos digan que enfermamos menos, que nos queixamos de máis e sen razón, que vivimos nunha permanente queixa. Estamos fartas, estamos fartas de todo iso. E por iso fan falla días como o de onte, eses 8 de marzo.

E por iso tamén é precisa esa sororidade entre nós. Eu onte non saín por vez primeira ás rúas, e non o fixen por prudencia. E foi tamén a primeira vez na que as miñas fillas, na súa curta idade, tampouco saíron á rúa defender os seus dereitos, pero eramos libres para facelo, con responsabilidade. E así se fixo onte, e tamén hai que deixalo de manifesto.

E neste punto eu quero deixar clara unha cuestión: as socialistas onte non saímos á rúa, pero alegrámonos moitísimo da liberdade de todas as mulleres que si o fixeron. Nós tampouco animamos a non facelo, simplemente advertimos que nós, as socialistas, por prudencia, non o fariamos, e non o fariamos, dalgunha maneira, ao seguir as advertencias, as recomendacións sanitarias. Nin facerlle o discurso á extrema dereita, nin criminalizar por irresponsables as mulleres. Iso nós non o facemos, nin o imos facer nunca; moi ao contrario: aplaudimos, (*Aplausos.*) e respectamos calquera forma de reivindicación das mulleres nun día como foi o de onte. Un día —como digo— no que dende as redes, os balcóns, nas rúas... chamamos aos gobernos a poñeren o foco de novo en nós, que fomos —e así xa o sabemos— as máis prexudicadas por esta crise en todos os ámbitos.

Pero lamento dicirles que, dende logo, dende o Goberno galego parece que os esforzos que se están facendo —se é que se está facendo algún— están demostrándose insuficientes. Nós, dende logo, non vemos resultados. Espertamos cada día con novos datos, con novos informes, que apuntan á terrible afectación da pandemia sobre as mulleres e á necesidade de frear esta cada vez maior desigualdade. Non podemos permitir un retroceso tan brutal como se está producindo en cuestións que xa tiñamos superadas. Non podemos permitilo.

Eu quería comezar a miña intervención —xa falando da moción— polo final, e é a explicación da emenda que rexistramos este mesmo luns, na que solicitamos a creación dunha consellaría de igualdade. Facémolo logo de escoitar este domingo as declaracións da conselleira de Emprego e Igualdade nunha cadea de radio, na que manifestaba que dalgunha maneira era feminista porque toda a sociedade galega o era, confundindo, ademais, o feminismo coa Lei contra a violencia machista; non o entendemos moi ben. Ademais, dicía que nunca fora a unha manifestación do 8-M e que, agora que era conselleira, entende que xa debería empezar a ir.

Nós en absoluto criticamos —e que quede claro— a súa vontade no novo posto que desempeña, no que lle desexamos, ademais, moitísimos éxitos, porque os seus serán os nosos. Tam-



pouco discutimos o seu compromiso, se queremos velo así, pero preocúpanos que dea por sentido o que dixen hai un momento: que xa existe igualdade, que toda a sociedade é feminista. Non, non toda a sociedade é feminista, e por iso os 8 de marzo. Non toda a sociedade é feminista, de aí que nós o que reclamamos é que exista un departamento con xente comprometida á fronte que asegure a transversalidade da igualdade en todas as accións de goberno.

Hoxe, coa nosa moción pretendemos nós marcar os ámbitos prioritarios nos que, ao noso modo de ver, hai que actuar con urxencia. E precisamente por esa urxencia non marcamos prazos. Non marcamos prazos porque sería inútil poñer con urxencia ou a *coletilla* en todos os puntos, iso de facelo urxentemente ou por urxencia, coa maior brevidade posible. O que tratamos é de definir liñas de actuación, liñas de actuación nas que se debe comezar a actuar.

Por suposto, calquera acción política ten que levar aparelado os recursos suficientes. Por iso, primeiro o que se debería aplicar neste contexto de crise é un incremento máis notable nos fondos dedicados á igualdade. Nesas tres partidas da Secretaría Xeral de Igualdade nós propoñemos que se destine o 0,5 % dos orzamentos consolidados da Xunta, e, por suposto, sen que se teña en conta nese 0,5 o achegado polo pacto do Estado. E fíxense que estamos a ser demasiado contidas nas cifras, pero polo menos para o exercicio 2022 é o que lle pedimos.

Queremos insistir tamén moito no que centramos a nosa interpelación. Avalíen o impacto das medidas, por iso consideramos imprescindible elaborar de maneira urxente —xa quedou claro no anterior pleno, pero queríamos volver incidir nel— un informe pormenorizado sobre a situación das mulleres galegas provocada pola pandemia, que complemente o xa anunciado pola Consellería, pero que inclúa variables para nós importantísimas, como son os coidados, a violencia machista, a saúde, a representatividade ou a ruralidade. A ruralidade é un factor importantísimo nun país como o noso.

É ademais urxente —xa se dixo aquí— rachar, evidentemente, coa fenda de xénero; o resultado da suma de discriminacións que as mulleres xa sufríamos no mercado de traballo no ámbito privado e que se agravou coa pandemia. Por iso demandamos a posta en marcha dos instrumentos precisos. Ten que haber, temos que dispoñer desas ferramentas para rematar coa discriminación salarial ou o acoso laboral, traballar no marco do diálogo social nun novo modelo de racionalización e axuste dos horarios laborais e, dende logo, asegurar que a normativa que regula o teletraballo non nos penalice a nós, as mulleres. Porque se algo puxo en evidencia esta pandemia é que foi moito maior para as mulleres a carga de traballo cando o desenvolvían dende as súas casas.

E isto entronca directamente coa cuestión da corresponsabilidade. Parello ao teletraballo é obrigada unha axeitada corresponsabilidade, de aí que consideremos necesaria a revisión urxente do plan galego que remata este ano e a posta en marcha dun plan estratéxico específico que promova sistemas de conciliación que non penalicen a carreira profesional das mulleres. No actual modelo —sabémolo todos e todas— prima a presencialidade e a dispoñibilidade; algo que hoxe nós, as mulleres, non temos.

Por suposto, ten que facer especial fincapé na situación das familias monomarentais, que son as que peor o están a pasar.



Dixémolo xa en moitas ocasións aquí: ou incorporamos os coidados xa ao noso decorrer social, económico e organizacional, ou continuaremos estancados como sociedade e, por ende, como país. Esta crise se algo puxo de manifesto é que temos que converter os coidados nunha variable, nun eixo central das nosas políticas. É o desigual reparto dos coidados o que agrava a fenda global da desigualdade. Debemos valorizados e, por suposto, convertelos nunha actividade económica máis.

A existencia dunha efectiva rede de centros de información á muller que garanta a cobertura de todo o noso territorio, por suposto, cos recursos económicos suficientes; tamén completar a axenda inconclusa da paridade, impulsar medidas urxentes de asistencia e acompañamento a mulleres en contexto de prostitución, mentres se vai configurando o primeiro plan estratéxico de Galicia —que, por certo, aplaudimos dende aquí o Goberno por poñer este plan en marcha ou comezar a poñelo—, ou demandar que a perspectiva de xénero estea presente nos proxectos presentados pola Administración galega aos fondos Next Generation. En realidade, o que queríamos é que algún destes proxectos se centren precisamente nos coidados. Estas son algunhas das cuestións que demandamos na nosa moción.

E deixo para o final algo que nos parece fundamental: o tema da saúde. É esencial a posta en marcha urxente dun programa integral da saúde das mulleres que levan un ano deixando a súa saúde en segundo plano para preocuparse da saúde dos demais. Este foi un tema xa tratado aquí nesta lexislatura, lamentablemente sen éxito. Tamén se tratou na pasada, tamén sen éxito, por proposta do noso grupo parlamentario. É algo que si fixo o Goberno de Emilio Pérez Touriño, si existía ese plan. Pero vostedes, como tantas outras cousas, señores do Partido Popular, cando chegaron ao poder, metérono nun caixón. Pois ben, nós volvemos pedir ese plan. Nunca tanto como agora as mulleres necesitamos a vixilancia da nosa saúde. Non poden negarse a isto. Por suposto, este programa, evidentemente, ten que levar aparelado un reforzamento dos recursos humanos e técnicos do servizo público de saúde. E sei que nos van responder —se responden a isto— que esa saúde, esa vixilancia da saúde das mulleres, xa existe. Non existe, xa lles digo eu que non existe.

En definitiva —e xa remato—, para este grupo parlamentario, para o Grupo Parlamentario das Socialistas, ignorar o impacto de xénero nas consecuencias económicas e sociais e nas medidas de renegación desta crise agravará, sen dúbida, moitísimo máis as desigualdades.

E nada máis polo de agora. Grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Díaz Varela.

(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

Polo Grupo Parlamentario Popular ten a palabra señora Prado Del Río.

A señora PRADO DEL RÍO: «Esta se llama Marta Nieto, es mi prima y está buena. Te digo una cosa: es la más buena de todas, porque las demás eran todo esqueletillos. Solo una cantante, Nanci Peluso y, bueno, una que parecía un putón verbenero, llena de tatuajes. No sé de dónde habían sacado a esta. Dije: “esta cobra, pero puta, puta, seguro”. ¡Qué pintas, macho! La que no quieras, para mí.»



Grazas, presidente.

Esta é a retransmisión en directo da *alfombra roja* dos Premios Goya nas redes sociais, na retransmisión da televisión pública española. España, 6 de marzo de 2021.

En pleno século XXI, a dous días da conmemoración do 8 de marzo. E nós aquí pretendendo debater a nivel superior, cando hai homes que aínda están en nivel primaria ou parvulario, para os que me entendan. Aquí hai deputados novos que seguramente non entendan o que é o parvulario, pero hai homes que aínda están nese nivel, ou eu diría, máis ben, en nivel troglodita.

Señorías, ¿como podemos chegar a acordos en materia de contratación, cuestións que vostede puxo enriba da mesa hoxe aquí, señora Rodil, tan importantes, en materia de sanidade, en materia de igualdade laboral, en materia de educación, en materia de corresponsabilidade, cando aínda hai homes que o único que lles preocupa é se unha muller ensina moito, pouco, leva tatuaxes, leva escotes, leva as pernas ao aire ou leva o que lle dá a gana, señorías? (*Aplausos.*)

Isto evidencia que os estereotipos sexuais están máis arraigados do que pensabamos e do que criamos, e a verdade é que é moi triste, señorías; é moi triste que aínda esteamos neste punto. Eu agardo que Televisión Española faga o que ten que facer, faga a investigación. Din que van investigar a ver que pasou; non sei, xa van alá dous días e aquí ninguén, nin nada; ninguén pide responsabilidades. A esquerda totalmente muda e calada, jollo! (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Non, non, non é mentira, eu non lle escoitei a ningunha deputada desta cámara, nin a ningunha persoa no mundo da política, pedir e exixir responsabilidades. Non, señorías, non. E por moito menos a outras persoas exixíuselles a dimisión, e aquí non. Pero, como Televisión Española está chea de comisarios políticos, apartaron aos verdadeiros profesionais do xornalismo, e non sabemos quen son eses dous individuos que estaban facendo eses comentarios. Pero, dende logo, que eu dubido que foran xornalistas, que teñan a ética e a profesionalidade que ten calquera xornalista que se prece.

Señora Díaz, que veña vostede aquí introducir o debate do voto feminino para dicir que o Partido Socialista estaba a favor, iso resulta sorprendente. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Non, non, eu non vou falar do que se dixo antes, vou falar do que dixo vostede. (*Murmurios.*) Non, non, eu vou falar do que dixo vostede. O Partido Socialista non estaba a favor do voto feminino. (*Murmurios.*) Non, non, non. Mire: a señora Vitoria Kent, que non era do Partido Socialista, que era do Republicano Radical Socialista, defendeu o voto en contra para o voto feminino. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Si. Escoite, que segue a historia. E Margarita Nelken, que si era socialista, aínda non tiña acta de deputada cando se votou, porque ela tivo a acta de deputada o 18 de novembro, e a votación para o voto feminino foi o 1 de outubro. Pero ela si que ten un libriño —que lle vou recomendar que o lea, porque dixo aquí que aprenderamos—, e o libriño é *La mujer ante las Cortes Constituyentes*. Aí explica perfectamente como a muller non está preparada para votar e como a influencia da Igrexa católica sobre a muller lle impide tomar as súas propias decisións para votar. Así que, señora Díaz, non veñan vostedes reescribir a historia, (*Aplausos.*) pois o Partido Socialista non aprobaba, non apoiaba o voto feminino, e non hai moito máis que dicir.



Sobre a moción do BNG, señora Rodil, vostede falou da creación dunha valedoría de igualdade. A verdade é que é unha cuestión que traen recorrentemente á Cámara. Eu noutras ocasións non sei se me teño manifestado sobre isto, pero é unha proposta que sorprende bastante, señorías, porque esa función de supervisión por medio dunha valedoría está recollida no artigo 14 do Estatuto de autonomía. Non sei se é o que vostedes buscan. Non sei cal é o formato que vostedes lle queren dar a esta valedoría, pero, dende logo, que o artigo 14 ten carácter xeneralista e non excluín-te. É dicir, a Valedoría do Pobo inclúe tamén a protección e a defensa do dereito á igualdade. E non parece razoable, polo tanto, limitar as funcións propias da Valedoría ou duplicar funcións. Non sei que é o que buscan vostedes coa valedora do pobo. E, ademais, é que sorprende especialmente, porque a titular actual da Valedoría do Pobo, a señora Fernández Galiño, reforzou a acción feminista no eido da Valedoría do Pobo, e todos os deputados que tivemos oportunidade de intervir na súa comparecencia cando veu presentar a súa memoria destacamos que fixera esa defensa sobre o feminismo. Mesmo na súa páxina web ten incluído cuestións que ata o de agora non viamos na súa memoria, na súa acción diaria. E sorprende moito que vostedes agora veñen dicir isto, porque non sei se entón ese afago que vostedes lle facían á valedora do pobo era sincero.

Outra cousa é que vostedes non pretendan unha valedoría de igualdade, e que vostedes pretendan un organismo con funcións estritamente administrativas e non de *auctoritas*, e —como vostede di na súa iniciativa— que teña capacidade coercitiva. Entón, sería un verdadeiro órgano dependente da organización e da estrutura da Xunta de Galicia e, por tanto, tamén sometido ao informe da Valedoría do Pobo. Non sei se é o que busca. Pero, neste caso, a coincidencia da denominación podería levar a confusión á cidadanía, señora Rodil. Se é unha valedoría, non é un organismo sancionador. Expliquen vostedes o que queren.

Pero, en calquera caso, vostedes critican todas as lexislacións que o Partido Popular aproba en materia coercitiva ou sancionadora. Se é a lei que defende o dereito ao honor, a «lei mordaza». Se é a lei sanitaria que pon sancións a quen non cumpre en pandemia, somos uns «fascistas», «antidemócratas» e non sei que. A Lei de espectáculos, porque pon sancións aos locais que non cumpren en materia de ruído e en materia de aforo, tamén somos uns «antidemócratas». Agora ben, vostedes cada vez que fan unha proposta, ben sexa neste ámbito ou noutros, sancionan, je vexan vostedes a cantidade económica pecuniaria que poñen nesas sancións! Esta é xeralmente bastante elevada. Por tanto, iso só é democrático se o defenden vostedes, e se o defende o Partido Popular, somos fascistas, antidemócratas e lei mordaza. Nós non consideramos que o establecemento dun réxime de infraccións no eido laboral sexa competencia autonómica. Está reservado á lei estatal, e vostede sábeo, señora Rodil. Non sei, vostede dicía: «hai que pasar das palabras aos feitos». Claro, pero é que vostede xoga con estas cuestións, que sabe vostede que non poden ser, porque vostedes non poden; en Galicia non podemos regular en materia laboral, é unha competencia estatal. Agora, se vostede me di: «incumprimento no sector privado». Ben, pois sobre as empresas privadas e as súas relacións cos traballadores xa existe un órgano con competencia sancionadora, que é a Inspección de Traballo.

Vostedes plantexan as competencias plenas, e este debate xa o tivemos, e nós dixémoslle: ¡joia!, instemos o Goberno de España a que faga xa a tan prometida lei de igualdade salarial, e mentres tanto que nos dean máis recursos para poder seguir facendo o



traballo da Inspección de Traballo. Ademais, xa chegamos a ese acordo no pasado pleno, non hai ningunha novidade. Pero se vostede o que pretende é un órgano novo na Xunta, eu diríalle: hai varios xa. Está o Observatorio de Violencia de Xénero autonómico, o Consello Galego das Mulleres, o Observatorio de Publicidade non Sexista. Temos a Secretaría Xeral de Igualdade, que canaliza todas as queixas en materia de discriminación por razón de xénero. Tamén temos a Unidade Administrativa de Igualdade, dependente organicamente da Dirección Xeral de Relacións Laborais, e que se coordina coa Secretaría Xeral de Igualdade, que é o órgano que apoia e integra a dimensión de xénero no ámbito de competencias en materia de emprego, atribuída á Consellería de Emprego e Igualdade.

Se quere falar en serio, falamos; agora, se vostedes queren sacar un titular de que o BNG propón a valedoría da igualdade, non, señora Rodil. Nós estamos aquí para ser útiles e para propoñer cousas que sexan reais e efectivas, non para mañá ter un titular. Para iso xa temos ao Goberno do Estado, que está todo o día pelexándose con Podemos a ver quen ten un titular máis chulo, ¿non?

No punto 2 pretenden elaborar unha auditoría sobre a situación laboral das mulleres nas contratacións públicas. A verdade é que, señora Ródil, é outra das cuestións imposibles. Porque eu estiven mirando a súa iniciativa para intentar apoiar algo, pero é que é superdifícil, porque dígame vostede como vai facer a Xunta de Galicia unha auditoría ás empresas privadas. Polo mero feito de ter un contrato coa Xunta, ¿xa teñen que colaborar? E se a empresa di que non, ¿como a obrigamos? Non, claro, é unha risa. Non, non é unha risa, é unha realidade; é que hai que ser realistas. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Hai que ser realistas... ¡Ah, non, abrimos unha causa xeral contra todas as empresas que teñen un contrato coa Xunta de Galicia! ¡Desconfiamos de que todas tratan fatal as traballadoras, e entón abrimos unha causa xeral!

Non, só co Grupo Norte. Claro, porque o Grupo Norte é malo, malísimo e terrorista cando contrata coa Xunta de Galicia. ¡Ah!, pero o Grupo Norte cando contrata coa Deputación de Pontevedra, co Concello de Pontevedra, co Concello de Poio, coa Deputación da Coruña, non, é un anxo da garda.

Señora Rodil, sexamos serios. As empresas traballan coa Xunta de Galicia, pero tamén traballan con concellos gobernados por vostedes. ¡É que, por favor, hai que ser serios! (*Aplausos.*) Eu podo coincidir con vostede en que hai que seguir vixiando e que ante unha denuncia hai que ser implacables. Coincido con vostede, pero que vostede veña dicir aquí que pasemos dos ditos á acción porque a Xunta de Galicia non fai nada... ¿E que fai o Concello de Pontevedra? ¿E que fai a Deputación de Pontevedra? ¿E que fai a Deputación da Coruña? ¿E que fai o Concello de Poio?

Claro, non, non lle interesa porque, como gobernan vostedes, aí non interesa. (*A señora Rodil Fernández pronuncia palabras que non se perciben.*) ¡Non, non, é que vostede puxo o foco sobre unha empresa! ¡Vostede puxo o foco sobre unha empresa que contrata con varias administracións! ¡E vostede non pode dicir e culpar a Xunta de Galicia de que esa empresa traballe coa Xunta, cando vostedes onde gobernan traballan con ela, señora Rodil!



Igual que fan coas empresas de axuda no fogar, coas empresas das residencias, que veñen aquí todos os días dicirnos que matamos a xente maior, porque temos contratados dende a Xunta de Galicia... *(A señora Rodil Fernández pronuncia palabras que non se perciben.)* Non, non, ¡señora Rodil! Vostedes din... ¿Lémbrolle o discurso que teñen vostedes sobre as residencias e sobre o trato das empresas privadas nas residencias da terceira idade? *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Vale, non é exactamente iso. Pois que deixamos morrer a xente porque esas empresas tratan... Non, non, vale, non é exactamente esa frase. Non, desculpe, non é esa frase, pero é a verdade. Vostedes están todos os días dicindo que, por gañar cartos, privatizamos a atención aos maiores e a atención ás persoas con discapacidade con empresas coas que vostedes traballan cando gobernan, señora Rodil. Traballan en axuda a domicilio, en atención ao fogar... Pero ¿que me está contando? ¿Que pasa?, ¿que son distintas as ramas que traballan coa Xunta das que traballan co Concello de Pontevedra ou co Concello de Santiago? Non, señora Rodil. DomusVi é o mesmo DomusVi o que traballa coa Xunta e o que traballa co Concello de Santiago. ¡O mesmo! A mesma empresa.

Sobre a incorporación de cláusulas de igualdade na contratación pública galega, este acordo parlamentario xa se está cumprindo, e sabe que está na Mesa do diálogo social, para as cláusulas sociais na contratación pública. Non é o Partido Popular, está a Confederación de Empresarios, está a UXT, está Comisiones Obreiras.

No punto 4, sobre as transferencias, xa lle dixen o que acordamos no pleno pasado.

No punto 5, a elaboración do inicio á igualdade de xénero como indicador sintético no IGE, eu creo que é máis completa a forma que ten actualmente de traballar o IGE, porque elabora, dentro da actividade estatística oficial da Comunidade Autónoma, na operación estatística, dous indicadores: o de xénero e a realidade da muller galega.

A realidade da muller galega facilita a información xeral para coñecer a situación actual en diferentes ámbitos dos homes e das mulleres, e para iso sintetízase coa operación estatística de indicadores de xénero. Pero é que, ademais, o IGE incluíu no Programa estatístico anual para 2020 unha liña de actuación salientable: o estudo para a descomposición da fenda salarial. E isto creo que é moi importante, porque o obxectivo é estudar máis aló, polo miúdo, a orixe das diferenzas existentes entre os salarios dos homes e os das mulleres. E creo que aquí estamos todos preocupados pola fenda salarial, e aí téñense en conta as diferenzas nas características laborais, pero tamén en algo que vostede apuntaba: na parte da discriminación pura, pura e dura, que, por desgraza, aínda existe, aínda que creamos que non.

No punto 6, elaborar un plan de dignificación e visibilización; iso acordámolo no pleno pasado. O punto 4 da iniciativa do Grupo Parlamentario Popular era: «Realizar un plan de sensibilización e concienciación do conxunto da sociedade en favor dunha organización social corresponsable, así con horarios máis racionais». Quince días despois, consideramos, señora Rodil, que está vixente.

Sobre o Partido Socialista —despois na segunda rolda falarei máis polo miúdo, porque agora non me dá tempo—, pero nós, señora Díaz, ímoslle pedir a votación por puntos, porque consideramos que hai algúns puntos que podemos votar a favor.



No primeiro, no que vostedes piden destinar o 0,5 % do orzamento consolidado da Xunta de Galicia para políticas de igualdade. Señora Díaz, a igualdade é unha cuestión transversal. Vostedes teñen sempre a teima de coller as partidas orzamentarias da Secretaría Xeral de Igualdade e da Consellería de Traballo e Igualdade, e só considerar esas partidas para que se destinen á igualdade. É un erro, porque a corresponsabilidade, a conciliación, non é igualdade, señora Rodil. Si, ¿non?

Pois se partimos de que iso é igualdade, mire: o orzamento da Xunta para o 2021 é de 11.563 millóns. A Secretaría Xeral de Igualdade ten 27,61 millóns de euros, o que representa o 0,24 %. Vostede, entendo que queda aí. A iso ten que sumar: partidas para a igualdade e a conciliación, como son os 141,77 millóns de euros de política social, que é o 1,26 %, e ademais o importe total das medidas incluídas no VII Plan estratéxico de Galicia para a igualdade de oportunidades entre homes e mulleres 2017-2021, que son máis de trescentos noventa e un millóns de euros. Estamos falando do 3,38 % dese mesmo orzamento total.

Por tanto, non podemos apoiar que se destine o 0,5 % cando se destina moitísimo máis, señora Díaz. Vostede fala de políticas de igualdade e nós tamén, cremos. Pero —insisto— a igualdade é transversal. Hai que ter en conta que en todas as consellerías traballan con discriminación positiva, tanto en Medio Rural, como en Educación, como en Sanidade, como en Política Social, como en Vivenda, como en moitas outras.

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora PRADO DEL RÍO: No punto 3 estaríamos de acordo en asegurar que a perspectiva de xénero estea presente nos proxectos presentados pola Administración autonómica nos fondos *Next Generation*, pero aí tamén lle pedimos que sexa o Goberno de España o que tamén mire por iso, porque é o que está facendo as negociacións en Bruxelas. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) ¡Home, non me diga iso, señora Díaz! Evidentemente, é que teñen que vir cunha perspectiva de xénero as características e os obxectivos. Estou dicíndolle que vou votar a favor nese punto. Pero dito isto, tamén lle digo que hai que procurar que veñan tamén cunha perspectiva de xénero de orixe, porque vainos controlar Moncloa, e as comunidades autónomas de momento non teñen ningunha información sobre iso. Por tanto, creo que é importante.

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora PRADO DEL RÍO: Continuo na seguinte quenda.

O señor PRESIDENTE: Non, non ten máis.

A señora PRADO DEL RÍO: ¡Ah!, ¿non teño máis?

O señor PRESIDENTE: Non. Xa está o tempo aí. Xa está bastante ben a cousa. (*Risas.*)

A señora PRADO DEL RÍO: Pois entón voulle dicir cales son os puntos. Pensei que tiña unha segunda rolda.



O señor PRESIDENTE: Non, non, non ten. Xa sabe. Vostede coñece que non ten outra quenda. Grazas, señora Prado del Río.

A señora PRADO DEL RÍO: Quería dicirlle o punto 3, o 5 e o 11.

O señor PRESIDENTE: Grazas. *(Aplausos.)*

(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

Grupo autor da moción.

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, señora Rodil.

A señora RODIL FERNÁNDEZ: Grazas, presidente.

Antes de máis, e para que non se me olvide, a respecto da emenda que nos formula o Partido Socialista, non imos aceptala. É algo que, ademais, comentamos a señora Díaz e mais eu antes, porque normalmente nos parlamentos cando se quere, polo menos, manter un certo diálogo, pois fálase a respecto das cousas. E logo explicarei máis en detalle por que; tamén en relación con algunhas das cuestións que dicía agora a señora Prado.

A señora Prado tívonos aquí dez minutos. Eu, sintetizando a conclusión que saco da súa intervención, son catro ideas: non queren cambiar nada, non queren mover un dedo, non queren que cambie absolutamente nada e queren, polo tanto, que todo siga absolutamente igual. *(Aplausos.)* E estivo aquí dez minutos dando voltas, falando de todo un pouco e de nada en concreto, para intentar xustificar por que se queren manter na situación que temos hoxe.

E preguntábanos a señora Prado en varias ocasións ao Grupo Parlamentario do BNG que era o que queríamos. Pois o BNG o que quere, señora Prado, é deixar de falar un ano tras outro, e un ano e despois o seguinte, de cantos euros cobran menos as mulleres que os homes por facer o mesmo traballo. *(Aplausos.)* ¿E que réxime sancionador? ¡É que é ilegal! ¡É que é ilegal!

E está pasando dentro do edificio de San Caetano da Xunta de Galiza, por iso eu traía o caso do Grupo Norte. ¡A min, que se investiguen todos os servizos públicos que estea xestionando esa ou outra empresa! Nós o que quixemos foi poñer negro sobre branco casos concretos e nomes e apelidos de empresas que están vulnerando a lexislación actual, ao impedir que as mulleres, e só as mulleres, poidan progresar dentro das súas categorías profesionais limpando o edificio da Xunta de Galiza en San Caetano, ou negándolles a propia Xunta ás traballadoras poderen acceder a documentación fundamental para defender os seus dereitos, ¡os seus dereitos!

¿Que réxime sancionador? O que hai. ¡Que hoxe unha muller por desenvolver o mesmo traballo non pode cobrar menos que un home! Ese é o réxime sancionador que defende o Bloque Nacionalista Galego. Pero para deixar de falar da fenda salarial hai que saber e ver as nómi-



nas, onde está esa vulneración de dereitos, onde están eses pluses, esa imposibilidade para seguir progresando na carreira profesional. ¿Por que están peor pagados traballos que sendo o mesmo que fai un home, no caso de que estean ocupados por mulleres, teñen salarios e remuneracións máis baixas? E iso pasa dentro da administración pública. Díxeno na miña primeira intervención.

A Xunta de Galiza non é unha observadora. E vén aquí falarnos do Observatorio de Violencia machista, mesturando allos con bugallos, non sei moi ben con que obxectivo.

Nós o que queremos é que a Xunta de Galiza desenvolva a responsabilidade que ten recollida na propia lexislación vixente para velar, primeiro, porque se respecten os dereitos fundamentais e laborais non só das traballadoras, senón do conxunto das traballadoras e traballadores deste país. Pero, nomeadamente, poñer negro sobre branco onde está, onde radica e a que se debe esa discriminación das mulleres traballadoras nos postos de traballo, tanto na administración pública como tamén na empresa privada.

Diciáme: «queren duplicar a valedora». É que xa ten esa función. A valedora vela e intermedia entre a cidadanía e a administración pública, non entre a cidadanía e a empresa que a contrata. (*Aplausos.*)

¿Queren cambiarlle o nome? Eu, se queren, discutimos aquí que nome lle poñemos. O que nós fixemos foi coller as experiencias —insisto— exitosas doutros países máis ou menos da nosa contorna, como é o caso de Suecia, onde esa Valedoría da Igualdade leva funcionando con moito éxito moitos anos, ou outros casos, como é o caso de Euskadi e o País Valencià, aos que eu me refería con anterioridade.

Claro, non imos pedir as competencias de Inspección de Traballo porque entón, se temos transferidas esas competencias, igual non pode parapetarse a Xunta de Galiza en que o Goberno de España non o fai, porque esa é a escusa. E eu preguntome: ¿canto tempo poden esperar as mulleres traballadoras ou este país para ser usadas como arma reboladiza para tirarlle no lombo ao Goberno do Estado, (*Aplausos.*) mentres lles seguen vulnerando os dereitos fundamentais a elas, e a eles en moitos casos tamén? Porque hai situacións amplamente denunciadas —aínda que moi escasas— de homes que, tamén acolléndose aos dereitos de conciliación, sofren discriminación no traballo.

Eu diría que o lamento pero, mire: eu tamén prefiro que as cousas se digan con claridade, aínda que sexa dando voltas sobre si mesma durante dez minutos, falando de todo e de nada para buscar escusas.

Nós insistimos na idea que inspira e motiva esta moción, e cremos que, ademais, esa é a liña de traballo que temos que seguir como parte da axenda feminista neste país: empezar a deixar de aceptar aquelas cousas que se supón son naturais e inmutables, como que ano tras ano debatamos aquí canto menos cobra unha muller que un home, que tardaremos trescentos anos en conseguir a equiparación salarial, como se iso fose unha cuestión non sei se climática, meteorolóxica ou *cuasi* divina. E comezar a dotar este país, e sobre todo o seu goberno, das ferramentas que necesita para empezar a deixar os discursos, a hipocrisía política e as de-



claracións institucionais o 8 de marzo, e se arremangue para empezar a cambiar as cousas de verdade. Pero para iso hai que ter —dicíao— vontade política e, sobre todo, ferramentas que nos permitan intervir como goberno, como administración, na realidade e cambiala.

Volveremos traelas unha e mil veces. Hai tantos cambios normativos que se teñen impulsado neste país porque o BNG o trouxo non dúas, non tres, non catro, *(Aplausos.)* senón cinco veces a esta cámara, *(Aplausos.)* que volveremos facelo as veces que faga falta. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Rodil.

(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

Polo Grupo Parlamentario Socialista ten a palabra a señora Díaz Varela.

A señora DÍAZ VARELA: Grazas, presidente.

Primeiro, señora Prado, ten vostede razón. Eu non lle vou recomendar en absoluto que lea —xa vexo que é unha persoa lida—. Si voulle recomendar que sume: 162 sufraxios a favor do voto feminino no ano 1931; deles, 84 de deputados e deputadas socialistas. Non hai máis. *(Aplausos.)* *(A señora Prado del Río pronuncia palabras que non se perciben.)* Si, si, non, é a historia. Se non, dígame a quen estaban afiliados cada un deses deputados e deputadas. ¡En fin!

Con respecto á Radio e Televisión Española, a min faime moitísima graza que aquí neste hemisiciclo esteamos continuamente falando que se do Goberno de España, que se de Radio e Televisión Española... Pasa exactamente igual na Comisión de Control da Radio-Televisión de Galicia, continuamente estamos falando de Radio e Televisión Española; a compañeira do Partido Popular. Mire: agora tamén lle volvo recomendar que lea e que mire as noticias, as informacións, e verá como, efectivamente, xa está aberta unha investigación; abriuse esa mesma noite, e esa mesma noite Radio e Televisión Española condenou eses actos. Por certo, eu fun a primeira no meu ámbito, onde tiña que facelo... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Pois iso. Claro, pero o que non se pode é vir aquí dicir falsidades e deixalas así un pouco a ver se calan dalgunha maneira.

Eu quería comezar tamén da mesma maneira, pois coa señora Rodil falamos hai un ratiño. Nós tampouco imos admitir a emenda que propoñían elas porque xa está, precisamente, na súa moción, e entón entendemos que tampouco tería moito sentido substituír a nosa.

Con respecto á moción que presentamos nós, e sen que sirva de precedente —por favor, sen que sirva de precedente—, compartimos en certo modo o que antes comentaba o Partido Popular. Dende logo, nós no contido non temos nada que obxectar no primeiro punto, que foi o que emendamos. Pero si discrepamos na forma e, claro, o título de «valedoría» para nós, dende logo, chama á confusión co organismo estatutario xa existente, que é a Valedora do Pobo, que, ademais, como saben —e é certo que aquí os tres voceiros ao principio da lexislatura coincidiron en sinalar, ademais, ese cambio ou esa nova orientación en defensa e en denuncia das desigualdades que se producían no noso país—, mantén un forte compromiso coa igualdade de xénero e coa loita contra as desigualdades. Non en van, a adxunta á valedora é, ademais, unha feminista de longa traxectoria —que, por certo, tamén foi deputada nesta cámara—. De aí que nós o que propoñemos é que se aceptase; sabemos que non se acepta,



pero propoñemos que se aceptase esa emenda para buscar unha denominación diferente. Nada máis, só iso.

Tamén lle teño que dicir que vostede fala de dúas experiencias que hai noutras comunidades autónomas. Nós dirémoslle que, ata onde nós sabemos, non teñen capacidade sancionadora, e aí radica a diferenza da que estamos a falar.

Sobre a proposta que fai o Partido Popular, a aceptación deses tres puntos que vostede nos propón non supón absolutamente ningún compromiso por parte do Partido Popular. Somos conscientes de que moitas delas xa foron aprobadas no pleno anterior —nós levámolas igual porque eran tamén parte das nosas propostas—, entón non ten ningún compromiso. Pero, para que vexa a diferenza que pode haber entre vostedes e nós, é que nós si que imos aceptar esa votación por puntos. E o que nós preguntamos é se vostedes a aceptarían da mesma maneira. Témoste que non pasaría o mesmo. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Perdón, é que agora me toca a min, non sei se é vostede consciente de que a palabra agora a teño eu. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Si, perfecto. Moitas grazas.

O señor PRESIDENTE: Silencio.

(O señor Pazos Varela pronuncia palabras que non se perciben.)

Silencio. Señor Pazos, por favor.

(Pronúncianse palabras que non se perciben.)

Non, silencio, por favor. Non está vostede no debate. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

Silencio, por favor.

A señora DÍAZ VARELA: Xa estamos acostumbradas. Eu estou acostumbrada, de verdade, ás saídas de ton do señor Pazos. É certo... *(Murmurios.)*

O señor PRESIDENTE: Silencio.

A señora DÍAZ VARELA: ...que normalmente dende a miña bancada, dende o meu escano, sempre escoito a mesma voz. Sempre estou escoitando a mesma voz. Pídlle, por favor, respecto. Estou agora falando eu. *(O señor Pazos Varela pronuncia palabras que non se perciben.)*

O señor PRESIDENTE: Silencio, por favor. Señor Pazos, por favor. ¡Xa está ben!

A señora DÍAZ VARELA: ¿Podo continuar?

O señor PRESIDENTE: Si.

A señora DÍAZ VARELA: Ben. Grazas.



En definitiva... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* É imposible. Síntoo, pero é imposible.

O señor PRESIDENTE: Pero, por favor, vostede vaia ao seu e olvídese.

A señora DÍAZ VARELA: Si, pero é bastante complicado... *(Murmurios.) (Protestas.)*

O señor PRESIDENTE: Porque é que se non...

A señora DÍAZ VARELA: É bastante complicado ir ao meu cando teño unha persoa...

O señor PRESIDENTE: ¡Tire para adiante! Xa sabe que hai cousas que é mellor así. Eu xa lle dixen...

A señora DÍAZ VARELA: Claro, pero é bastante complicado seguir o fío, señor presidente. *(Murmurios.)*

O señor PRESIDENTE: ¡Silencio!

Claro, claro, por favor. *(Murmurios.)*

Silencio, por favor. *(Murmurios.)*

A señora DÍAZ VARELA: Como ía dicindo —e desculpen, queda pouco tempo, xa o sei; claro, evidentemente, tres minutos alá foron—, nós o que pretendiamos con esta moción é poñer o foco na necesidade de establecer xa medidas urxentes. Non hai tempo para poñer medidas que sirvan de mecanismos de contención que permitan que unha vez solventada a crise o punto de partida en materia de igualdade no que nos afecta a nós, as mulleres, sexa como mínimo o de antes da pandemia. Esta dura pandemia deunos unha lección e ensinounos as nosas debilidades e as nosas feblezas como sociedade e, dende logo, as feblezas do noso sistema. Nós pensamos que habería que reaccionar a tempo e temémonos que ao mellor xa non estamos a tempo dalgunhas destas cuestións, e por iso apelamos a esa urxencia e a ese compromiso coa igualdade.

Nada máis. Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Díaz Varela.

(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

Moción do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D. Ramón Fernández Alfonso, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa obtención de novas oportunidades de explotación enerxética en Galicia

O señor PRESIDENTE: Presentouse unha emenda do Grupo Parlamentario Popular.

(O G. P. Popular de Galicia, por iniciativa do deputado Diego Calvo Pouso e a través do seu portavoz, ao abeiro do disposto no artigo 151.2 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte emenda a esta moción.)



Emenda de substitución.

Débase substituír o texto da parte resolutiva polo que segue a continuación:

<<O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a dirixirse ao Goberno de España coa finalidade de:

1. Condicionar o proceso de peche a que se chegue a un acordo coa representación dos e das traballadoras que garanta a continuidade do emprego e proxectos concretos de futuro.

2. Condicionar a participación de Endesa na subasta de evacuacións e novas autorizacións, concesións e adjudicacións de MW á consecución dun acordo que garanta o emprego dos traballadores da empresa principal e das auxiliares. A asignación de novas instalacións de produción e enerxías renovables en As Pontes e en toda a comarca conterá, necesariamente, un proxecto de desenrolo económico e un plan industrial para a súa execución.

3. Posibilitar que a concesión de acceso aos nodos de rede afectados polos peches das térmicas de Galicia sirvan para incentivar a implantación de proxectos nos territorios que perden tecido empresarial e blindar o emprego nestas zonas onde se subasta a capacidade de acceso á rede de transporte.

4. Garantir a implementación de novos proxectos industriais na comarca que emanen dos convenios de transición xusta e dos plans Futur-e de Endesa.

5. Cumprir tanto os obxectivos como as diferentes medidas acordadas no Plan de Acción Urxente 2019-2021 para comarcas de carbón e centrais en peche.

6. Ofrecer unha solución de continuidade industrial á central de As Pontes, de xeito que se garanta o mantemento dos postos de traballo, non só da central senón tamén os da industria auxiliar e dos transportistas.

7. Instar ao Goberno de España a convocar urxentemente a Mesa de Traballo para a transición enerxética xusta para As Pontes, así como a constitución dunha mesa específica para tratar a problemática do persoal da industria auxiliar de Endesa, co obxecto de concretar o número de traballadores e traballadoras afectados e a súa garantía de emprego.

8. Demandar a implicación e colaboración do Goberno español e da Xunta de Galicia para apoiar conxuntamente os proxectos industriais de reindustrialización necesarios a implantar en As Pontes para optar aos fondos da UE Next Generation.

9. Avanzar no Convenio de Transición Xusta para As Pontes para poder completalo canto antes cun cronograma definido de financiación e accións a realizar.>>)

O señor PRESIDENTE: Para formular a moción ten a palabra o señor Fernández Alfonso.

O señor FERNÁNDEZ ALFONZO: Boas tardes, presidente.

Moi boa tarde a todos e a todas.



Desde que hai máis de doce meses Endesa anunciou o peche da térmica das Pontes veñen sucedéndose, un detrás doutro, os fitos deste proceso de peche; veñen cumpríndose etapas que van caendo unha detrás doutra, como se de pezas de dominó se tratase, e ninguén fixese nada para evitalo ou, polo menos, condicionalo minimamente para darlle unha nova dirección.

Durante este tempo, estes máis de doce meses, a Endesa non lle importou alimentar falsas expectativas sobre o proxecto de biocombustíbeis, que entre a realización das probas, emisión e discusión de informes, reunións, etc., en ningún caso se vai demorar máis aló do que Endesa considera aceptábel; rematará xusto a tempo de iniciar a seguinte etapa do seu plan para As Pontes. Porque a tolerancia que mantivo Endesa respecto deste proxecto explícase en que aínda está pendente de recibir certas autorizacións para proceder ao peche da central, tiña tempo, e ademais non supuxeron ningún impedimento para continuar, ao mesmo tempo, dando pasos no camiño que de inicio se marcou. Asistimos durante este tempo á presentación formal da solicitude de peche. Comunicou os traslados ao seu persoal propio na térmica e na terminal do porto de Ferrol, e anunciou o seu proxecto para o futuro das Pontes, o Plan Futur-e: parques eólicos e unha planta de hidróxeno renovábel. Todo condicionado, ¡faltaría máis!, a recibir fondos *Next Generation*.

Durante estes máis de doce meses, a sociedade das Pontes vén asistindo con estupor e indignación a un espectáculo no que Endesa fai e desfai como se non houberse autoridade ningunha que puidese limitar ou condicionar a súa folla de ruta. Endesa compórtase como se contara xa *de facto* con todas as autorizacións e concesións gobernativas que precisa para executar os seus plans, e non son poucas. Mentres, o persoal que traballa na térmica e o propio Concello das Pontes quedan relegados a meros espectadores e sufridores das decisións de Endesa.

Endesa, por exemplo, dá por feita a autorización do peche e das obras de desmantelamento da central, malia o Concello das Pontes ter presentado alegacións ao informe de impacto ambiental presentado pola empresa. Endesa tamén dá por feito que pode contar co nó de evacuación de enerxía da central, cando iso debería ser obxecto dunha poxa específica por tratarse dun territorio en transición. Igual que dá por feito que vai obter autorizacións para todos os parques que quere promover nas Pontes e na súa contorna, cando estes parques tamén teñen que ser obxecto de autorización gobernativa. Infórmannos a través da prensa de que as obras da planta de hidróxeno comezarán en xaneiro de 2023 e que rematarán en decembro de 2024; que a empresa que se encargue do desmantelamento contratará o 80 % do seu persoal entre persoal das empresas auxiliares e persoas desempregadas da zona.

En fin, Endesa —como vimos advertindo en todas e cada unha das nosas intervencións parlamentarias— ten un plan detallado, moi detallado sobre o que quere facer nas Pontes. Non podemos dicir o mesmo da Xunta de Galiza nin do Goberno do Estado español, que, sinceramente, parecen estar a velas vir. Para mostra, un botón: os orzamentos da Consellería de Economía, Empresa e Innovación.

Durante a miña interpelación ao vicepresidente Conde no anterior pleno reprocheille que non había consignacións orzamentarias no seu departamento para a transición enerxética e a reactivación económica das Pontes. E o vicepresidente acusoume de dar os debates sen a



debida información, porque si que hai previstos, no orzamento do seu departamento, investimentos para As Pontes. Trátase, concretamente, de montar unha oficina; a oficina, que non falte. ¡Non imaxinei eu que a persoa que restaba valor á proposta do BNG para constituír nas Pontes un centro tecnolóxico para o I+D+I do almacenamento de enerxía fose reivindicar, como proba do seu compromiso coa reactivación das Pontes, como solución para As Pontes e para a súa comarca, a constitución dunha oficina!

Pero tanta importancia, como a falta dun plan e de previsións orzamentarias por parte da Xunta de Galiza, aínda máis ten o feito de estar paralizada a elaboración do convenio de transición xusta para As Pontes; a ferramenta, o instrumento que o Goberno do Estado español deseñou para a reactivación daqueles concellos ou comarcas onde se produza o peche dunha central térmica. Este convenio está chamado a ser o eixo central da planificación para a reactivación. Nel deben concretarse acordos entre todas as administracións implicadas, diagnoses do impacto do peche, proxectos, financiamento, etc. Este proxecto está no caso das Pontes aínda sen comezar, cando noutras zonas do Estado español xa está en marcha, con proxectos definidos e financiamento comprometido.

Este é o escenario —para nós, para o BNG— dramático na localidade das Pontes. Por unha banda, unha empresa que vai avanzando inexorablemente polo camiño que ela unilateralmente decidiu, como se o camiño e o mundo estivesen para ela absolutamente francos e puidese facer o que lle veña en gana. E, por outra banda, a Xunta de Galiza e o Goberno do Estado español, que, á parte de tirarse pedras entre eles e acusarse mutuamente de inacción, carecen de plans e carecen de orzamentos; o que complica moito que poidan poñerse de acordo sobre algo cando nada teñen e marcar unha estratexia común fronte a Endesa ou mesmo en colaboración con Endesa.

É por isto que a moción presentada polo BNG contén unha serie de propostas que poden parecer obvias: condicionar a autorización do peche e as obras de Endesa, condicionar a concesión do nó de evacuación de enerxía, condicionar as autorizacións para instalar novos parques eólicos. En definitiva, comprometer toda a capacidade de intervención da Xunta de Galiza e do Goberno do Estado español a que se concreten plans industriais para a reactivación económica da localidade e da comarca, e para blindar o emprego do persoal propio de Endesa e das empresas auxiliares, e que se faga de común acordo cos seus representantes. Unha obviedade, efectivamente. Cuestións todas elas xa previstas ou apoiadas por uns e por outros, mais que seguen sen concretarse.

Unha iniciativa do BNG case calcada a esta foi aprobada no Congreso o pasado día 16 de febreiro. Traemos case o mesmo texto hoxe ao Parlamento de Galiza para que quede claro que, efectivamente, todas as partes coñecen e concordan co que hai que facer, e para urxir os respectivos gobernos a que actúen.

Co mesmo obxectivo, ao mesmo tempo que promovemos aquí este debate, presentamos outra iniciativa no Congreso na que nos interesamos pola execución inmediata destes acordos do 16 de febreiro, que se poñan en marcha. Certo que no texto que traemos a este parlamento introducimos algún pequeno matiz que entendemos que, sen embargo, pode ser de importancia en dous aspectos:



O primeiro, na idea de adiantar camiño, de acelerar os tempos, aproveitar o traballo realizado polo Concello das Pontes en canto á elaboración dunha parte fundamental da documentación que debe incluírse no convenio de transición xusta. Entendemos que sería irresponsábel partir de cero, facer como se non contáramos xa con parte dese traballo realizado, asumindo gratuitamente unha demora innecesaria que vai en prexuízo da xente das Pontes e da comarca.

O segundo é algo que, por outra banda, calquera daría por sentado: que quede recollido dun xeito explícito que a Xunta de Galiza comprometa recursos propios para o Plan de reactivación das Pontes e da comarca. Sabemos perfectamente que o grosso dos recursos teñen que vir da man do Estado español, da Unión Europea e da propia Endesa. Sabémolo, e ademais defendemos e defenderemos que así sexa. Pero ninguén entendería que o Goberno galego non comprometera recursos, ademais de ser o único xeito de poder condicionar nalgunha medida os proxectos que se vaian impulsar; o único xeito de ter voz e voto é poñer diñeiro enriba da mesa. Consideramos que estes dous matices axudarían a despear dúbidas nas Pontes sobre o compromiso dos gobernos.

En todo caso, o máis importante é que os gobernos comecen dunha vez a traballar na solución desta crise, a construír acordos para unha fronte común, aínda que sexa de mínimos. Porque máis de doce meses despois de anunciado o peche da térmica continuar mirando para outro lado non é de recibo, é unha irresponsabilidade tremenda para coa localidade das Pontes e toda unha comarca, que —como dicía antes— observa con estupor e indignación como se suceden as etapas para o peche da central sen que ningún dos gobernos presente plans ou proxectos nin comprometan recursos para a reactivación.

Máis nada polo de agora e obrigado. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Fernández Alfonso.

(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

Polo Grupo Parlamentario Popular ten a palabra o señor Calvo Pouso.

O señor CALVO POUSO: Señor presidente, señorías, boa tarde a todos.

Señores do BNG, a verdade é que a súa capacidade de sorpresa non ten límites. Porque é certo que hoxe na súa primeira intervención —menos mal que o dixó— nos presenta unha iniciativa case calcada á do 16 de febreiro. E digo que a súa capacidade de sorprender non ten límites porque hai menos dun mes, o día 16, presentaron unha iniciativa que non tiña nada que ver con isto, cunha autoemenda transformárona, e coas achegas doutros grupos parlamentarios chegouse a un acordo no Congreso dos Deputados, no que todos estivemos votando a favor, polo menos os grupos con representación en Galicia. A algúns custoulles, pero, ao final, votaron, que creo que é o importante, o que deberíamos de buscar.

Pero pasados moi poucos días vostedes veñen aquí e intentan romper ese acordo ao que se chega alí e ese diálogo necesario do que vostedes veñen falar. O que demostra é que vostedes non son de fiar; o que demostra é que a vostedes o que lles gusta é o ruído; o que demostra é que vostedes se encontran máis a gusto canto máis malestar hai, e cantas máis pancartas



hai, máis a gusto están os señores do BNG. Vostedes prefiren a ruptura ao diálogo, porque non son de fiar. Vostedes vían este problema, que ía aparecer —advertímolo, dixémolo—, e vostedes prefiren esperar a que o problema sexa máis grande e faga máis ruído. ¿A cambio de que? Non o sei, iso saberano vostedes. Dende logo, nós non o compartimos.

Porque a realidade que temos en Ferrolterra vostede coñécea, eu tamén, non é nova. Non é nova porque é unha comarca que está moi afeita a este tipo de situacións. E hai que deixar dun lado a teoría, hai que deixar dun lado a ideoloxía e presentarse diante dos problemas, pero presentarse dende o primeiro momento. Os problemas das Pontes comezaron hai moito tempo, non agora; e agora é cando parece que vostedes se enteran, e entra o raciocinio para poñer enriba da mesa cales son as decisións, e o Bloque faino co máximo interese.

Non, señorías, isto non vai así. A comarca está a sufrir as consecuencias das políticas dos seus socios, aos que lles entregaron un cheque en branco por parte do Bloque Nacionalista Galego. Non serei eu quen diga que parece que veñen a este plenario con estas iniciativas lavar a conciencia; non o creo. Vostedes o que prefiren é manter o asento pola mañá en todas as institucións que gobernan co Partido Socialista e pola tarde, facer de oposición. Iso xa o vimos. En Galicia vímolos durante o Bipartito: pola mañá viñan aquí e pola tarde o Bloque dedicábase a criticar o Partido Socialista. Iso tivo o resultado que tivo. E creo que deberían de telo aprendido.

Esta situación está provocada por unha transición enerxética acelerada e inxusta, co aval do Bloque Nacionalista Galego, porque hai que dicilo e poñer as cousas claras, se quere buscar un entendemento, claro. E os brindes ao sol de partidos políticos como o seu, que vendían a fin do carbón como unha solución a todos os males. E as consecuencias do fin do carbón, ¿cales eran? ¿É que acaso hai doce meses ou hai un pouco máis vostedes non sabían cales ían ser as consecuencias da fin do carbón e de estar de acordo con que Endesa pechara sen ter unha alternativa? ¿Pero a quen queren enganar? Á xente das Pontes, non. Aos traballadores non os enganan. Cando se apostou por pechar a central, sabíamos cales eran as consecuencias.

Neste parlamento debatemos moito e dicíamos: está moi ben deixar o carbón, aquí todos estamos de acordo, pero hai que facelo ordenadamente. E mentres en Europa trasladaban esa decisión máis adiante para poder ter alternativas, en España o Partido Socialista decidía levala canto antes adiante, co beneplácito de moitos grupos políticos, incluído o seu. E nós preguntabamos: ¿que vai ser das persoas que traballan na central e nas auxiliares que traballan aí? Aí calaban, deses temas preferimos non falar. O mesmo ocorre con Ence; eses temas e eses traballadores non contan, eses non entran nas estatísticas.

Vostedes do que están a falar agora é de facer outra reconversión, de constituír un centro de investigación con investigadores, e aí parece ser que queren que vaian traballar todos os empregados que traballan no día de hoxe na central. Pero esta situación é insostible no día de hoxe nas Pontes.

Nós preguntámoslles que pensan vostedes que hai que facer mentres tanto, porque o impacto económico do peche da central térmica está entre 30 e 50 millóns de euros anuais. Supoño que non o terían pensado cando apoiaban o peche da central, supoño que daquela



non pensaban nesas consecuencias. Pero polos actos coñecerannos —di o refraneiro—. E non vale vir agora, unha vez vista a desfeita, propoñer solucións teóricas; propoñer que se utilicen fondos para os que —todo hai que dicilo— o Bloque Nacionalista Galego non presentou ningunha proposta formal na Comisión de reactivación constituída para iso neste parlamento, e fialo a un financiamento de fondos europeos que vemos día tras día o que está a pasar e como o Goberno de España decide onde se utilizan, para que se utilizan, en que territorio se utilizan, sen sequera esperar a examinar todos os proxectos que poden estar enriba da mesa.

Nós defendémolo dende un principio. Di que a Xunta non fixo nada, pois o primeiro día que Endesa anunciou cal era a súa intención, a Xunta de Galicia postulouse en contra. Dixemos que iso non era unha transición xusta, que era o que demandaba Europa, pensando nas persoas que vivían no territorio. Esa non era unha transición xusta porque non había solucións para as miles de persoas que traballaban en Endesa, na central ou nas auxiliares. Por iso, dende o primeiro día dixemos: en vez de pechar xa de maneira inmediata, é mellor plantexar un horizonte no que peche dentro dun par de anos, e mentres tanto fagamos ou busquemos alternativas.

Vostedes estiveron de lado do Partido Socialista. Creo que para vostedes iso naquel momento non lles importaba porque a ideoloxía estaba por riba dos postos de traballo de toda a xente da nosa comarca. Non nos fixeron caso, pero non nos rendemos. E o Ministerio, xunto co Ministerio de Transición Ecolóxica e tamén con Endesa, empezou a traballar —aínda que despois parece ser que nos quixeron enganar— nunha opción viable, que son os biocombustibles. ¿Onde está o Bloque? ¿Vostedes están a favor da planta de biocombustibles, si ou non? Porque deste tema vostedes non din absolutamente nada.

Os datos das probas realizadas amosan que se cumpren os límites de emisión actuais e furores, que os efluentes líquidos cumpren cos valores da autorización ambiental integrada e que as cinzas son admisibles con medidas adicionais de protección ambiental. ¿Vostedes están a favor de seguir con este proxecto, de poñerse ao lado do Concello das Pontes e da Xunta de Galicia para demandarlle a Endesa esa viabilidade económica e tamén ao Ministerio? ¿Están a favor ou non? ¿Onde están vostedes?

Se queren sumarse ao proxecto, ao obxectivo de que Endesa siga nas Pontes, ¡benvidos! Estamos encantados; cantos máis sexamos, máis presión imos poder facer. Se queren apoiar a elaboración do convenio de transición xusta das Pontes, apalabrado pola Xunta e o Goberno central hai unhas semanas, ¡tamén benvidos! Nós estamos encantados de que se sumen. E se queren participar na identificación de proxectos para os fondos europeos que xa teñen presentado na Comisión de reactivación e que vostedes non quixeron entrar a valorar, ¡benvidos! Nós estamos encantados.

A Xunta está a traballar a curto, medio ou longo prazo, pero todo pasa necesariamente por seguir impulsando unha política de transición xusta, que sexa quen de respectar o medio ambiente, pero tamén de respectar as persoas e de xerar emprego industrial. Contamos con vostedes para traballar xuntos, demostrámolo o pasado día 16 no Congreso dos Deputados. Aínda están de lado de deixar os intereses partidistas.



Nós hoxe presentamos unha emenda que é non parecida, como a súa —como recoñecía—, a nosa é idéntica, idéntica á que se presenta, á que se chegou a acordo no Congreso dos Deputados. Dicía vostede que tiña un par de diferenzas:

Ter en conta os traballos feitos polo Concello das Pontes. O Concello das Pontes oficialmente non ten ningún traballo feito. No Concello das Pontes, o traballo que fixo o concelleiro do BNG, que é o encargado de Industria, non está no Concello das Pontes, non foi presentado ningún documento, e vostede vén a esta cámara pedirnos que asumamos o traballo feito polo seu compañeiro das Pontes, do cal o Concello aínda non ten dado conta, oficialmente. Comprenderá vostede que isto se trata oficialmente, non de comentarios no pasillo.

E a outra diferenza é que a Xunta comprometa fondos. A Xunta ten comprometidos fondos, non só na oficina esa que vostede despreza. Ese era un paso previo que se incluía nos convenios de transición xusta; un paso previo, necesario, que xa está feito e hai un compromiso. Claro que hai un compromiso da Xunta en participar en todos os procesos e en todos os investimentos necesarios, claro que si. Eu o que lle pido é que hoxe saque a careta, que demostren se verdadeiramente o Bloque son de fiar e buscan ese acordo que foi capaz de alcanzarse no Congreso dos Deputados o pasado día 16, ou se, pola contra, o que lles gusta é o de «canto peor, mellor».

Témolo claro, dentro duns minutos vostede sairá aquí e diranos se acepta a emenda ou non a acepta. Se non a acepta, está claro que o que quere é que se vote en contra, e non quere buscar consensos, nin quere sumarse, nin quere buscar solucións para As Pontes. Porque isto, señor deputado, señores do BNG, xa estaba claro hai moito tempo; xa se sabía por onde iamos, e vostedes daquela preferiron mirar para outro lado. Se verdadeiramente queren facer forza, se verdadeiramente queren facer algo, se non están de acordo co trato que lles dá ás autopistas o Goberno socialista, se non están de acordo co trato que lles dá ás industrias...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor CALVO POUSO: ...—remato, presidente— o Goberno socialista, se non están de acordo co tratamento que se lle deu ás Pontes e a súa comarca, téñeno moi fácil: rompan os gobernos, empezando polas Pontes, onde gobernan co Partido Socialista; rompan nas deputacións e no resto de concellos. ¡Xa verá como o Partido Socialista toma nota! *(Aplausos.)* O que non se pode é dicir unha cousa e facer a contraria, porque iso a xente acábaos sabendo.

Nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Calvo.

(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

Polo Grupo Parlamentario Socialista ten a palabra o señor Martín Seco.

O señor SECO GARCÍA: Moitas grazas, presidente.



Quería comezar a iniciativa agradecéndolle ao señor Calvo que dixo que a algúns lles custara votar a favor desta iniciativa no Congreso. Agradézolle, de verdade, de corazón, que ao final votaran a favor desta iniciativa, se lles custaba tanto. (*Aplausos.*)

Inmersos como estamos nunha crise de forte calado, froito desta pandemia que estamos a vivir, que non só afecta a saúde, senón que afecta tamén a actividade económica, con estimacións —sempre o dicimos— que poden estar arredor dunha caída do dez por cento do PIB; algo insólito desde os tempos da Guerra Civil. Unha crise que, ademais, é especialmente virulenta en comarcas como a de Ferrolterra, Ortegal e O Eume, onde xa partiamos, ademais, dunha situación de dificultade, o que necesitamos todos é que se traballe arreo dende as administracións e con moita determinación para poder axudar a que os nosos cidadáns non queden atrás e que a economía se recupere o antes posible, unha vez a situación se vaia normalizando.

O que menos se merecen os cidadáns das Pontes, señorías, é un xogo de *trileros*, para poñer sexa o que sexa con tal de intentar facer ver que se fai algo ou —o que é tremendamente peor— evadir as competencias propias que a Administración galega ten atribuídas por lei para deixar tirados milleiros de galegos sen un futuro industrial.

Hoxe trae a moción o BNG cun texto que aprobou o Congreso dos Deputados hai case un mes, co apoio dos tres grupos que hai presentes nesta cámara: o Partido Popular, o BNG e o Partido Socialista —si é certo que hai uns pequenos cambios, logo falaremos disto—. Curiosamente, estiven onte vendo a Comisión de Industria do Congreso onde se debateu esta iniciativa, e resultou un tempo moi interesante para observar o baixo coñecemento do problema nas propias verbas do deputado do BNG, autor da iniciativa, que denominou ata en tres ocasións —non se rían— a Endesa como Ence. Esta é unha realidade. E non sabiamos se defendían os acordos que presentaran facía meses ou as emendas que introducía previamente á celebración da Comisión, e non tiñan moito que ver, a verdade. Vimos unha deputada do Partido Popular de Galicia, Tristana Moraleja, voceira nesta comisión, defender a viva voz a necesidade de que tanto «o Goberno do Estado como a Xunta de Galicia se involucrasen nas solucións á comarca das Pontes». Foron verbas ditas exactamente pola voceira do Partido Popular.

Pero fíxense: o mesmo Partido Popular que aprobou este texto en Madrid e dicía estas cousas, agora emenda no Parlamento de Galicia a iniciativa, e poderíamos pensar que o fai para retocar os puntos primeiro e segundo, que teñen unha difícil consistencia legal, pero non. Só o fan para eliminar dos textos as palabras «Xunta de Galicia» do inicio da moción, onde se insta a Xunta de Galicia a elaborar un plan de reindustrialización para As Pontes en colaboración co Goberno de Estado; é dicir, eliminan a Xunta de Galicia de toda responsabilidade de dar solucións industriais para As Pontes, pese a ter competencia exclusiva en materia industrial, segundo o Estatuto de autonomía.

Volve eliminar as verbas «Xunta de Galicia» no punto cuarto, onde fala de que aporte fondos propios da Autonomía.

E, finalmente, eliminan no punto nove, cando se fala de avanzar no convenio de transición xusta para As Pontes, onde di que se aproveite o traballo adiantado polo Concello das Pontes,



nunha falla de respecto absoluto a ese traballo do Goberno do Concello das Pontes, que, por certo, goberna o Partido Socialista cunha inmensa maioría absoluta, que fai o que non fan vostedes dende a Xunta de Galicia, e que vostedes queren minusvalorar. Dende aquí, quero aproveitar para mandarlles todo o meu recoñecemento a eles, comezando pola concelleira Ana Pena, que está día a día facendo un traballo que, na súa meirande parte, debería partir dunha Xunta de Galicia que nin está nin se lle espera. *(Aplausos.)*

Esa é a aportación do Partido Popular á moción do BNG. O que aporta, unha vez máis, é dobregarse ás indicacións que lle dan dende a Vicepresidencia, dende o vicepresidente Conde, que lles volve exixir que agochen as súas competencias sen ningún tipo de ridículo, e tratar de escapar aos doce anos de goberno, que non quere nin sabe desenrolar as competencias industriais que ten conferidas polo Estatuto de autonomía, deixando só o Concello das Pontes, ao que hai pouco tempo nin tan sequera lle axudaban a xerar un novo solo industrial, esencial para poder reindustrializar o concello, e sentíanse moi sós, señor Calvo.

Porque, señores do Partido Popular, vostedes sabían que a transición enerxética tería lugar, que as centrais de carbón ían deixar de operar con fósiles tarde ou cedo. ¿E que fixeron doce anos de goberno de Feijóo na Xunta e sete anos de goberno de Rajoy no Estado? Nada máis que deixar o tempo pasar, a ver se os problemas se solucionaban sós, e deixar o traballo a quen viñese despois. E aínda non se poñen colorados cando intentan culpabilizar agora o Goberno actual do que foron incapaces de facer durante sete anos de goberno no Estado e doce na Xunta de Galicia.

Os problemas estruturais de Ferrolterra non foron nin son preocupación para un Goberno galego que demostra día a día a súa incapacidade para afrontar algunha actividade nova para traer investimentos foráneos, ancorar a produción das que xa operan aquí ou de apostar pola investigación, o emprendemento e a innovación. Nada, señores do Partido Popular. Vostedes son meros espectadores do que sucede ao seu redor. E mentres Galicia agoniza industrialmente con vostedes no goberno, chegándose a perder ata vinte e tres mil postos de traballo na industria. Na pasada lexislatura, o índice de produción industrial caeu un 2,5 %, fronte ao 0,4 % que caeu en todo o Estado español, e o peso do emprego industrial en Galicia e en España baixou 0,5 puntos nos últimos dez anos. Ese é o balance que deixan os señores do Partido Popular.

Pero esta situación non pode continuar, porque as comarcas de Ferrol, O Eume e Ortegal non poden máis. Necesitamos solucións e alternativas ao anuncio de peche de Endesa, que vén motivado pola falla de competitividade da planta ante as modificacións das condicións do mercado, cun incremento substancial no prezo dos dereitos de CO₂, que aínda que vostedes intenten facer crer a cidadanía que foi un capricho deste Goberno do Estado —fano para ocultar a súa incapacidade—, saben que foi por motivacións empresariais. E aínda que o comisario europeo —que lle repito sempre que tripulaba ese ámbito na subida das emisións de CO₂— fose Arias Cañete, un dirixente do Partido Popular, exministro do seu partido, nós non imos dicir que Endesa pecha por culpa de decisións de Arias Cañete do Partido Popular, porque se trata de buscar solucións e non esconderse.

O Goberno de España, ao igual que na busca de solucións para Alcoa, está tamén implicado na busca de solucións para As Pontes. E, por certo, xa dixo que ía apoiar o proxecto de bio-



combustibles, que está avaliando a propia Mesa das Pontes, poñendo enriba da mesa, ademais, liñas de axuda para proxectos empresariais e xeradores de emprego en pequenos proxectos de investimento de zonas de transición xusta por valor de trinta millóns de euros, que inclúen As Pontes e Cerceda. E outra liña destinada ao apoio de iniciativas que teñen como obxectivo a creación de emprego sostible e o fomento da actividade económica nos municipios afectados polo peche das centrais termoeléctricas de carbón, por valor de sete millóns de euros.

Levaron a cabo a priorización destas zonas na convocatoria de axudas a proxectos de enerxías renovables con axudas de 8,4 millóns de euros para instalacións térmicas renovables, e outros doce millóns para instalacións eléctricas. Presentaron un paquete de medidas específicas para as zonas de transición xusta dentro do Plan de recuperación e transformación e resiliencia da Unión Europea, por valor de trescentos millóns de euros. E na folla de ruta do hidróxeno renovable concederon especial interese ás zonas de transición xusta, e recibíronse proxectos —como todos sabemos— para As Pontes e Meirama.

E, mentres, señores do Partido Popular, ¿que fixo o Goberno da Xunta de Galicia? ¿Cal foi o investimento destinado polo Goberno de Núñez Feijóo a estas comarcas? ¿Cales son os proxectos de Feijóo para estas comarcas? ¿Queren que llelo diga eu, señores do Partido Popular? Nada de nada, *cero patatero*, nin un peso, nin un proxecto, nin nada de nada.

De todos os xeitos, nunca é tarde. Dende o Partido Socialista cremos necesario que as administracións estatal e autonómica traballen xuntas nun compromiso claro de continuidade da actividade do emprego nas Pontes, que aposten polo proxecto de ecocombustión, que está avalado técnica e medioambientalmente polo Comité técnico da Mesa das Pontes e pola propia Xunta de Galicia. E, polo tanto, deberá ser un proxecto que teña garantido un operador para levalo a cabo.

¿Están vostedes plenamente implicados co proxecto, convencendo a Endesa de que o leve a cabo, señores do Partido Popular?, ¿ou buscando alternativas dende as súas competencias industriais? ¿Vai a Xunta de Galicia poñelo enriba da mesa para optar aos fondos de recuperación europeos, señores do Partido Popular? ¿Van apostar pola economía circular e a produción de enerxías limpas dende as instalacións da central das Pontes? ¿Comprométense administrativa e financeiramente a apoialo? Porque na emenda que presentan hoxe, bórranse de aportar un só euro a esta comarca.

O curioso é que cando escoitamos o vicepresidente Conde ata case nos cremos que existe a Vicepresidencia económica e que aposta firmemente polo futuro da central. E logo non poñen máis que fotos e titulares para os xornais e as televisións. O traballo, o compromiso e o financiamento déixanos para outros.

Señores do Partido Popular, Ferrolterra necesita certezas e contar cun Goberno galego plenamente comprometido coa industria e o seu futuro. Non perdamos outra década sen ningún tipo de política industrial. O outro día dicía o seu voceiro que ían traer unha iniciativa sobre Navantia todos os meses, ata que o estaleiro galego tivese carga de traballo. E dende o Partido Socialista, señor Calvo, estamos pensando firmemente en traer unha iniciativa todos os



meses ata que o Partido Popular asuma as súas competencias en materia industrial e leve a cabo políticas públicas para o desenvolvemento industrial da nosa terra.

Creo que debería de ser unha iniciativa importante porque vostedes están tratando continuamente de botar de menos as competencias que lles establece o noso estatuto e que tan importantes son para o futuro da nosa terra.

Nada máis. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Martín Seco.

(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

Polo grupo autor da moción ten a palabra o señor Fernández Alfonzo.

O señor FERNÁNDEZ ALFONZO: Obrigado, señor presidente.

Como dixos antes a miña compañeira Olaia: dez minutos dando voltas para non moverse nada; repite vostede a actuación. O peor de todo é que calquera día os van recibir a vostedes na comarca de Ferrol ou nas Pontes con aquilo da película de Jerry Maguire: *Show Me The Money*; señores do PP: ¿onde están os cartos? Porque son vostedes goberno, e falan moito pero consignan pouco. *(Aplausos.)*

Estamos no Parlamento, no Parlamento de Galiza, tratando unha cuestión de gran transcendencia para o noso país: o peche dunha central térmica que transformou profundamente o territorio e a sociedade das Pontes coa súa actividade, que determinou en gran medida o noso modelo enerxético e industrial, e que agora co seu peche pode producir unha grave crise laboral e social na localidade e na comarca. Deámoslle ao asunto a importancia que ten, e tratémolo sen autolimitarnos.

Eu mesmo mencionei o feito de ser esta unha moción case calcada a outra iniciativa aprobada previamente no Congreso, por iniciativa tamén do BNG. E entendo perfectamente que ese acordo se produciu despois das habituais conversas e cesións. Mais consideramos que os matices que introducimos nesta moción non son contraditorios con aquel acordo, senón que o enriquecen, ao engadir dous asuntos que con certeza toda a sociedade das Pontes saberá valorar coma un plus de seguridade, na medida en que os partidos políticos presentes nesta cámara nos comprometamos a poñer en valor o traballo realizado polo propio Concello das Pontes —o único que non perdeu o tempo durante estes máis de doce meses—, e aproveitar ese traballo para acelerar a posta en marcha do convenio para a transición xusta.

Evitar demoras inxustificadas cando estamos a falar do emprego das persoas debera ser unha obriga por parte de calquera goberno que pretenda ser minimamente dilixente na súa xestión.

En canto ao compromiso para que a Xunta de Galiza achegue recursos propios, parece o lóxico tamén por parte de calquera goberno. De feito, para o caso de ter que presionar politicamente as outras partes involucradas no proceso, a maneira máis cargada de lexitimidade e de credi-



bilidade, a máis efectiva, por tanto, sería a de presentarse publicamente demandando a colaboración e a actuación dos demais tendo xa un proxecto propio elaborado ou esbozado, así como uns recursos económicos comprometidos. Isto é o que ao noso entender correspondería facer a un Goberno galego que realmente teña a vocación de exercer como tal e gobernar o país.

En todo caso, imos aceptar a súa emenda. Como xa dixen antes: para nós agora prevalece que se poñan a traballar, urxir os gobernos a que se poñan a traballar, a que colaboren e constrúan esas complicidades necesarias para afrontar unha crise de enormes proporcións en diferentes aspectos; que se poñan a traballar en proxectos reais, que non sexan contraditorios uns con outros, que non sexan meras repeticións do que se fai noutros sitios ou que non sexan mera propaganda. Porque con iso non imos a ningunha parte e, ao final, cando cae o veo e resulta que non hai nada, sempre hai persoas que pagan as consecuencias.

Imos priorizar un acordo sobre o feito de ser urxente esa colaboración entre gobernos; un acordo sobre a necesidade de condicionar todas as actuacións gobernativas a favor da posta en marcha de proxectos de reactivación e reindustrialización, e un acordo sobre o feito de ser tamén necesaria e urxente unha solución que implique garantías para o cen por cento do persoal.

Retiramos a emenda. Exerzan as súas competencias, non reneguen do país que gobernan e respalden con cartos as palabras.

Máis nada e obrigado. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Fernández Alfonso.

Rematado o debate das mocións, procedemos á súa votación.

Votación das mocións

O señor PRESIDENTE: Comezamos votando a do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de dona Olalla Rodil.

Non se acepta a emenda do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia.
Votamos.

Votación da Moción do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D^a Olalla Rodil Fernández, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co impacto que está a ter para as mulleres a crise económica xerada pola covid-19.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 32; votos en contra, 39.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada esta moción.

O señor PRESIDENTE: Votamos agora a do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de dona Noa Díaz Varela.



Non se acepta a emenda do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego e si se acepta a votación por puntos.

¿Que puntos son os que se separan?

Si, déanlle voz ao escano da señora Prado.

A señora PRADO DEL RÍO: Os puntos 3, 5 e 11, señor presidente.

O señor PRESIDENTE: Votamos polo tanto estes puntos: 3, 5 e 11.

Votamos.

Votación dos puntos 3, 5 e 11 da Moción do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D^a Noa Susana Díaz Varela, sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia en relación cos efectos da pandemia da covid-19 nas mulleres galegas.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 71.

O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, quedan aprobados estes puntos da moción.

O señor PRESIDENTE: Votamos agora o resto dos puntos desta moción.

Votamos.

Votación da Moción do G. P. dos Socialistas de Galicia, agás os puntos 3, 5 e 11, por iniciativa de D^a Noa Susana Díaz Varela, sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia en relación cos efectos da pandemia da covid-19 nas mulleres galegas.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 32; votos en contra, 39.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada a moción, agás os puntos xa votados anteriormente.

O señor PRESIDENTE: Votamos agora a moción do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de don Ramón Fernández Alfonzo.

Acéptase a emenda do Grupo Parlamentario Popular.

Votamos.

Votación do texto transaccionado da Moción do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D. Ramón Fernández Alfonzo, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa obtención de novas oportunidades de explotación enerxética en Galicia.



Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 71.

O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, queda aprobada esta moción.

O señor PRESIDENTE: Remataron aquí as votacións das votacións.

Continuamos co punto 3 da orde do día, que é o de proposicións non de lei.

Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D^a María Monserrat Prado Cores e dous deputados/as máis, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para prestar unha axeitada atención á saúde mental

O señor PRESIDENTE: Non se presentaron emendas.

Para formular a proposición non de lei ten a palabra a señora Prado.

A señora PRADO CORES: Moi boa tarde.

A proposición non de lei que trae hoxe o BNG a debate aquí a este parlamento ten como obxectivo demandar recursos para a atención á saúde mental. Facémolo porque en Galiza a situación na que se atopa é de extrema precariedade, tanto no que se refire aos profesionais como á atención que están a recibir as persoas que o precisen. Hai falta de efectivos humanos, existe unha alta eventualidade nas contratacións, e as malas condicións laborais, evidentemente, repercuten na calidade da atención aos doentes. Os dispositivos básicos en saúde mental están infradotados, faltan dispositivos de saúde mental comunitaria e persoal e, sobre todo, tamén falta atención infanto-xuvenil.

E traemos hoxe aquí unha iniciativa que eu cualificaría de mínimos. De mínimos, porque as medidas que aquí traemos son as mínimas para empezar a abordar o problema da enorme dimensión como é a situación da saúde mental en Galiza. Unha iniciativa presentada despois de manter unha reunión cos representantes do Movemento Galego de Saúde Mental, aos que hoxe desde aquí quero agradecer o inmenso labor que realizan. (*Aplausos.*)

É unha iniciativa que demanda, primeiro, incrementar os orzamentos. Vinte e un millóns de euros serían os precisos para contemplar no orzamento deste ano 2021 co fin de atender o Plan de saúde mental anunciado pola Xunta de Galiza. O propio presidente da Xunta dixo que era un plan a catro anos con oitenta e tres millóns de euros; oitenta e tres dividido entre catro dá, euro arriba euro abaixo, vinte e un millóns de euros anuais.

Pero atopámonos con que isto é o que anuncian. Mais a realidade é que no orzamento deste ano 2021 o Partido Popular acordouse de anunciar, pero non se acordou de concretar e de poñer nos orzamentos eses vinte e un millóns de euros que lle corresponderían a esta anualidade. A contía deste ano non chega a un millón de euros, e logo hai partidas para externalizar o problema, non para asumir o problema.



Polo tanto, demandamos un aumento do orzamento para incorporar os profesionais que son necesarios. Na Unión Europea hai dezaioito psicólogos clínicos por cada cen mil de habitantes; no conxunto de países que forman a OCDE elévase a vinte e seis. No Estado español, a media é de seis, e en Galiza estamos á cola, en Galiza a media é de 3,5 psicólogos clínicos por cada cen mil habitantes. Este rateo é manifestamente insuficiente. No mellor dos casos, cos recursos que din que van poñer en marcha co Plan de saúde mental, estaríase aínda na metade dos que un estudo da propia Xunta de Galiza, na era Fraga —hai vinte e cinco anos—, determinaba que tería que haber o dobre do que agora anuncian que dentro de catro anos vai haber. É dicir, un auténtico cachondeo, que, evidentemente, hai que subsanar.

Por iso son necesarios os recursos, porque para contratar persoal fai falta orzamento, porque vinte e cinco anos despois, con recortes, con taxa de reposición, coa crise do 2008 e agora coa pandemia da covid, e coa crise económica e social que leva asociada, o Partido Popular pretende que coa metade dos que facían falta hai vinte e cinco anos pois poida servir. No BNG dicimos que non.

Esta previsión é raquíutica, e ademais logo non a cumpren. Para este ano 2020 —dito claramente polo director xeral de Asistencia Sanitaria— comprometeran contratar vinte e un psiquiatras e contrataron once, comprometeran contratar dezasete psicólogos clínicos e contrataron sete, e estes contratos foron cara ao final do ano e por unha duración que vou cualificar de incerta.

É preciso máis persoal para rematar coa vergoña da contención mecánica, para garantir a protección dos dereitos das persoas doentes, para garantir a súa dignidade como persoas. E para iso son necesarios profesionais suficientes para atendelos, e son necesarios máis profesionais para que teñan tempo para dedicar ás persoas con problemas de saúde mental e rematar coa sobreutilización dos tratamentos psicofarmacolóxicos.

Galiza lidera o consumo de psicofármacos no Estado español. Os antidepressivos eran antes da covid o segundo medicamento de maior crecemento en Galiza. Son miles os galegos e as galegas que toman tranquilizantes ou pílulas, por exemplo, para durmir. Hai sobremedicación dos doentes de saúde mental, tanto por non poder derivalos a especialistas desde atención primaria como por ter un exceso de doentes estes especialistas da atención hospitalaria, por estar saturada.

É necesario máis orzamento para rematar coas listas de espera. As persoas en lista de espera para o Servizo de Psiquiatría duplicouse nos últimos cinco anos. Existen listas de espera segundo os propios profesionais nalgúns áreas de máis dun ano, para as primeiras, de tres ou catro meses para as sucesivas. Neste contexto realizar un tratamento axeitado e eficaz resulta practicamente imposible. Xa sei que despois virá o representante do Partido Popular dar outros datos, sen saber moito de onde os quita.

É preciso máis orzamento para unha abordaxe inmediata da atención ao suicidio. Once anos de goberno do Partido Popular na Xunta, e había unha unidade en Ourense, e hai uns días inauguraron outra unidade en Vigo. É manifestamente insuficiente. O suicidio en Galiza ten unha altísima prevalencia. Xunto con Asturias son as comunidades de máis prevalencia de



suicidios no Estado español. É a primeira causa de morte violenta, por enriba das producidas por accidentes de tráfico, e en Galiza desde o ano 2010 ao 2019 morreron 3.345 persoas, 318 no ano 2019. A Organización Mundial da Saúde contempla que por cada suicidio consumado se producen vinte tentativas, co cal podemos facer unha foto de cal é a dimensión do problema. E desde o ámbito sanitario están a alertar que desde a pandemia están a chegar a Urxencias moitísimos máis casos de suicidio; por exemplo, en Urxencias de Vigo din que triplicaron os casos. E o que máis está alarmando é que aumentou o número de persoas novas que chegan consumado ou con intentos de suicidio.

Pedimos na nosa iniciativa a creación nos centros de saúde de atención primaria de prazas de psicólogos clínicos, terapeutas ocupacionais, logopedistas, traballadores sociais, que permitan a creación de equipos multidisciplinares e prestar unha atención integral. É preciso e é posible facelo. Aquí non hai escusas de que non temos médicos; nestas categorías non hai a escusa tan manida do Partido Popular de que non hai profesionais para contratar; nestas especialidades sobran profesionais, nas listas de contratación do Sergas e nas listas do paro, co cal non hai absolutamente ningunha escusa. (*Aplausos.*)

Todos os estudos din que unha de cada tres consultas en atención primaria teñen que ver con cuestións de saúde mental, fundamentalmente, ansiedade e depresión. Polo tanto, é preciso en atención primaria, que é o contexto sanitario principal para conseguir o equilibrio entre a saúde física e mental, ter recursos suficientes para atender esta poboación. Se non se fai é porque o Partido Popular non ten vontade política de facelo, non porque non sexa posible facelo.

Polo tanto, traeremos aquí todas as veces que faga falta a necesidade de crear equipos multidisciplinares en atención primaria.

Tamén demandamos na nosa iniciativa a creación de unidades hospitalarias infanto-xuvenís en todas as áreas sanitarias. É preciso unidades con equipos tamén multidisciplinares que dean respostas integrais ás necesidades na infancia e na adolescencia, para tamén garantir ese pleno desenvolvemento físico e emocional. E urxe crealas, e non só anunciarlas.

Porque o Partido Popular leva anunciando a creación de unidades infanto-xuvenís desde hai anos, en concreto a de Vigo. En Galicia soamente existe unha unidade, creada no ano 2012 no CHUS, con persoal insuficiente e con dotación insuficiente. Desde o ano 2014 levan anunciando a creación dunha unidade de atención infanto-xuvenil en Vigo. E contemplárona na Estratexia Sergas 2014. Anunciaron neste parlamento os diferentes voceiros do Partido Popular e diferentes conselleiros do Partido Popular a creación en Vigo desta unidade; dixeron que se ía crear coa construción do Álvaro Cunqueiro. Sete anos despois e tres conselleiros despois, e varios voceiros despois do Partido Popular, segue sen existir a unidade infanto-xuvenil no Álvaro Cunqueiro. E nas outras áreas xa nin sequera o prometen nin o anuncian. ¡Un auténtico escándalo tendo en conta as necesidades que hai nestes tramos de idade!

Tamén demandamos a realización dun estudo para determinar os efectos que a pandemia está a ter na saúde mental na poboación de cara a establecer o alcance das medidas que hai que tomar para actuar con eficiencia. É preciso coñecer a dimensión do problema.



O Partido Popular actúa continuamente con opacidade, non quere que se saiba cal é a realidade. E a realidade é que a pandemia está a agravar unha situación que xa viña con moita complicación de atrás, pois era un problema precovid, pero coa pandemia non fai máis que agravarse. Antes da covid, os servizos de saúde mental eran raquíticos, agora son realmente insuficientes. E a pandemia trouxo illamento social, confinamento, afectación emocional pola perda de seres queridos, pola incerteza, pola ansiedade, pola depresión... É dicir, toda unha serie de patoloxías asociadas, que é necesario ter recursos para afrontala se non queremos que se converta nunha auténtica epidemia esta situación, e o que é máis grave: o sufrimento para miles de galegos e galegas.

A asistencia eficaz é a que é accesible no momento, cando se precisa, e precisábase antes da covid e agora é unha auténtica emerxencia prestala, e se non se fai nese momento, logo non é útil nin eficaz.

Con esta situación que acabo de describir, con estes datos, no BNG consideramos, desde logo, que é imprescindible tomar medidas, actuar sen máis demora. Por iso agardo o voto favorable desta iniciativa, que sigo a cualificar de mínimos, porque son as cuestións básicas para empezar a poñer a saúde mental na axenda.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira): Grazas, señora Prado.

(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

Grupo Parlamentario Socialista, señor Torrado.

O señor TORRADO QUINTELA: Grazas, presidente.

Boa tarde a todas e a todos.

Señora Prado, incluso un de Vilagarcía ¡canto botaba de menos a unha de Cambados! ¡Benvida e este pleno novamente! (*Aplausos.*) ¡Para que logo non digan!

Antes de iniciar, permítanme porque creo que hai algunha cousa que celebrar algunhas veces. Non falando exclusivamente da iniciativa, eu quero celebrar amablemente a gran chegada de vacinas a Galicia, como, por certo, anunciou este humilde voceiro neste pleno. En contra dos criterios que tiveron aquí algúns grupos, que dicían que non chegaban vacinas suficientes, e tivemos que explicar que a matemática era moi fácil: chegaban menos da media para sanitarios, porque tiñamos poucos sanitarios; chegaban menos da media para residencias, porque temos moi poucas prazas de residencias —ese é o problema—, e chegarían moitas, cando tivéssemos que vacinar os maiores de 80, porque temos moito maiores de 80. E a pesar das negativas e dos diferentes voceiros e das diferentes palabras grosas, chegaron as vacinas, chegan máis das que temos, (*Aplausos.*) e todo o mundo se vai vacinar porque soster o contrario sería dicir que quedaría xente sen vacinar. E é lamentable que algúns voceiros defenderan iso. (*Aplausos.*)

En todo caso, cremos tremendamente oportuno a iniciativa que presenta o Bloque Nacionalista Galego. Nós trasladamos a este pleno tamén coincidentemente unha interpelación,



sobre a que mañá plantexaremos ao conselleiro algunhas posturas para coñecer a súa posición, e a partir dela, evidentemente, a moción do seguinte pleno.

¿Por que? Ben, porque cremos, como levamos defendo durante moito tempo sobre saúde mental neste parlamento, que hai varios problemas que hai que superar. En primeiro lugar, un que é o tabú, pois hai un tabú social ao falar de saúde mental. Probablemente se estea a romper co tempo; grazas, moitas veces, aos referentes sociais, que trasladan algúns casos coa saúde mental coa naturalidade —enténdase— coa que ocorren. Porque ata o de agora non se trasladaron os problemas; parecía que os problemas de saúde mental non deben ser explicados no mesmo plano que outros, e a realidade non é esa, tamén a visibilización contribúe. E dende ese punto de vista tamén consideramos que é importante defender esta cuestión nos parlamentos.

¿Cal é a realidade en Galicia? É dura. Galicia, da que algúns dos datos xa os plantexou a señora Prado, é a comunidade autónoma con maior consumo de ansiolíticos de España; a segunda, case a primeira, en consumo de antidepressivos, e Galicia segue con Asturias, dentro dos datos, sendo a comunidade que máis suicidios ten por persoa ao ano en España. En Galicia morre ao ano o dobre de persoas por suicidios que en accidentes de tráfico. E escoitamos moito máis falar de accidentes de tráfico, que é un tema preocupante, que de suicidios, porque temos un problema de tabú social sobre a cuestión. E non se trata que por falar máis se vaian resolver directamente os problemas, pero si conseguiremos trasladar a importancia do problema.

¿Por que ocorre isto? Non de maneira lineal, pero si contextualmente explícase bastante. A crise de 2008 evidenciou, entre outras cousas, que os problemas de saúde mental teñen que ver en moitísima parte polo contexto. Informes sucesivos de distintas e prestixiosas universidades, investigadores, e por facelo máis directo, máis lineal, o informe anual da SESP, a Sociedade Española de Saúde Pública, evidenciou que a crise de 2008–2009 provocou un aumento moi grande de problemas de saúde mental; particularmente —e tamén algo apuntaba a señora Prado—, en idades máis novas, xa que se rebaixou a idade na que se afrontaban e se coñecían os problemas de saúde mental. Probablemente por un dobre efecto: un, porque existían máis, e outro porque a necesidade ou a capacidade de visibilización destes problemas facía que máis xente acudira. E parece, ademais, que existe, e existiu sempre, un certo tabú sobre que canto menor é a idade, máis difícil é asumir a existencia dun problema de saúde mental.

O outro día se viron ou puideron coñecer unha entrevista nos medios de comunicación a un coñecido referente social, sobre todo en idades máis novas, Ibai Llanos, que falaba desta cuestión con toda naturalidade. Algúns deportistas tamén contribúen moito a estas cuestións, cousa que hai que agradecer en termos xerais.

Esta crise de 2008 trouxo iso. Estamos nunha situación idéntica para a saúde mental. O que estamos incubando, basicamente, é a seguinte gran pandemia. Pasará a covid, máis menos, máis cedo ou máis tarde, superarámola, pero estamos ante a gran resaca que traerá a covid, que é a pandemia da saúde mental, que xa se está larvando ou, probablemente, xa está larvada. Temos un grave problema.



¿Que pasa en Galicia para afrontala? Temos a peor ratio de profesionais en saúde mental por habitante de toda España. Non é unha cousa de 2021, xa pasaba no 2020, pasaba no 2019, pasaba no 2018 e no 2017, e no 2016, no 2015, no 2014, no 2013, no 2012, no 2011 e no 2010. Pasaba e segue pasando. Temos moi poucos profesionais.

Miren, por dar algún dato: aquí nesta cámara somos setenta e cinco deputados, non todos presentes polas circunstancias da covid —e permítame que exclúa aos servizos da Cámara—, e datos estatísticos na man: quince das persoas que estamos aquí sufriremos nalgún momento un problema de saúde mental na nosa vida, peros só cinco teríamos acceso ao sistema sanitario público con certa garantía sanitaria, porque non hai recursos suficientes para atendela. Os outros dez quedarían fóra. Os cinco que acudirían —lembren: cinco de setenta e cinco—, estarían afrontando un sistema no que teñen unha cita de media de trinta minutos cada catro meses.

¿Cal é o problema? Que o servizo de saúde mental, en realidade, non garante a accesibilidade das persoas. ¿Por que? Porque non hai maneira de tratar en trinta minutos cada catro meses ningún problema de saúde mental en ningunha persoa, non hai maneira.

¿Que sucede, entón? Que ao final vivimos nunha realidade na que o servizo está puramente privatizado. Fagan a proba con toda naturalidade, non fai falta que a evidenciamos, pero vostedes saben que é así. Se alguén lles plantexa a idea de que vai ir a un psicólogo, nunca na súa cabeza, nunca na de vostedes que reciben esa información, estará pensar que vai ao sistema público; sempre pensarán nun psicólogo, nunha clínica privada, sempre. E iso fai que este sistema estea puramente privatizado, porque non temos os recursos necesarios.

¿Que pasa cando un dereito está privatizado ou *de facto* precisamos cartos para acudir —cartos que estamos falando que hai xente que non ten capacidade—? Pasa que deixa de ser un dereito e pasa a ser un privilexio. E hoxe a atención en saúde mental en Galicia é un privilexio e non un dereito. Isto é gravísimo. Esta é a realidade que vivimos. (*Aplausos.*)

Nós imos apoiar esta iniciativa porque cremos que vai exactamente a esta cuestión. Poderíamos, seguro, entrar a debater algunha cousa de matiz, pero vai exactamente a esta cuestión. Decía a señora Prado que é unha iniciativa de mínimo, fíxese: nós temos feitas propostas en relación con isto, incluso menores que de mínimos, e foron rexeitadas sempre.

É certo que rexeitadas e despois anunciadas, como o Plan estratéxico de saúde mental, que se anunciou no 2016, e non existiu; que se anunciou no 2017, e non existiu; que se volveu anunciar no 2018, e non existiu; que se anunciou no 2019, e non existiu; que se anunciou no 2020 en campaña, e non existiu. E ¿saben que pasou en 2021 —fágolles de *spoiler*—? Anunciouse. ¿Saben o que vai pasar? Que se temos mil anuncios, pero nunca realizamos nada, seguimos na mesma situación, como todos estes anos pasados.

Polo tanto, o que plantexamos é: oxalá sexa tan de mínimos para que sexa aprobada. Desexariámolo. E vai contar, evidentemente, co noso voto a favor. E é que, ademais, esta iniciativa trata sobre algunhas cuestións que nós tamén entendemos e compartimos. Como lle digo: temos, probablemente, algúns matices, pero que non son suficientes, en ningún caso, para poñerlle un pero sobre a esencia da iniciativa; incluso como para facer un estudo desas cousas tan atrevidas de pedir información, que se fan nesta cámara.



¿Que pasou ata o de agora, en realidade? Ata o de agora, ademais de anunciar ese plan e de que en 2009 se suprimiu o que había, non é que non se fixera un plan, é que ademais se suprimiu o que xa existía. ¿Que pasou ademais? Que tiñamos unha subdirección xeral, e o Partido Popular eliminouna e perseguiu ese profesional, perseguiu, (*Aplausos.*) e intentou minoralo. (*Aplausos.*) E pasaron anos ata que reivindicou a súa condición xudicialmente e déronlle a razón. Purgárono por ser un membro dun goberno anterior, por nada máis. Esta é a cuestión.

Pasa que, ademais, fálase moito dos profesionais aquí, pero respectáselles pouco. Eu non vou entrar en valoracións clínicas, pero anunciarlles a profesionais do Sergas que vai haber un servizo de atención clínica, de psicoloxía clínica e de saúde mental, para os profesionais que o levan anos demandando, que hai un problema de queima laboral, de situación de estrés, e agora anuncio a través de profesionais de Mr. Wonderful non é a solución. Hai profesionais en Galicia suficientes, capaces para facer plans e programas fantásticos para traballar sobre os problemas de saúde mental, para traballar sobre todo o persoal do Sergas e sobre toda a poboación. ¡Utilícenos! Non vaian contratar a xente porque teña apelidos de rancio abolengo, ¡por favor! (*Aplausos.*)

Pero é que, ademais, hai familias, como Feafes, que denuncian problemas na vacinación dos colectivos de saúde mental, que parece que se fala en grande da vacinación e non se vacina a todos os colectivos, e isto é o que está pasando. Hai unha gran pandemia en marcha, que é a saúde mental. Calquera avance será benvido.

Nós imos estar a favor de todos, pero xa estamos chegando tarde, e o que nos tememos é que coma sempre boas palabras, boas intencións, moita cousa pintada nos orzamentos e, ao final do ano —oxalá nos equivoquemos—, volveremos a estar na mesma situación.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Torrado.

(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

Grupo Parlamentario Popular, señora Amigo.

A señora AMIGO DÍAZ: Moitas grazas, presidente.

Boas tardes, señorías.

¡Benvida, señora Prado!

O presidente Feijóo anunciou no seu discurso de investidura que a sanidade pública segue a ser o seu máximo compromiso, e tamén anunciou que nesta lexislatura se ía desenvolver o maior plan de saúde mental da nosa comunidade, e así está a acontecer. No Consello da Xunta do 26 de xuño do ano 2020 aprobouse o novo Plan de saúde mental de Galicia, e no día de hoxe ese plan está en marcha e é unha realidade.

O día 8 de novembro, na Comisión de Sanidade, todos votamos a favor dunha PNC que presentaba o Bloque, na que instaba o Goberno a presentar o Plan de saúde mental no actual período



de sesións. E así aconteceu, ás poucas semanas, o día 17 de decembro, o director xeral de Asistencia Sanitaria, o señor Aboal, deu conta polo miúdo do Plan de saúde mental de Galicia.

Señorías, a saúde mental é un tema que preocupa e ocupa ao Goberno de Alberto Núñez Feijóo. Todos somos conscientes de que nos últimos anos, xa con carácter previo á crise da covid, estamos vivindo cambios sociais rápidos, demasiado rápidos, con condicións de traballo estresantes, ás que se suma a discriminación de xénero, a exclusión social, os estilos de vida pouco saudables e tamén o baixo nivel educativo, a violencia e a mala saúde física; todas elas situacións que sabemos que xeran factores de risco para o desenvolvemento de trastornos mentais. E, por suposto, non podemos esquecer que tamén hai factores de personalidade psicolóxicos, así como condicionantes biolóxicos e xenéticos que fan que unhas persoas sexan máis vulnerables que outras a padecer un trastorno mental.

Pero o máis importante é que existen estratexias e intervencións intersectoriais eficaces e rendibles de promoción, protección e restablecemento da saúde mental; estratexias promovidas desde o Servizo Galego de Saúde e sobre as que tamén se está avanzando.

A saúde mental é algo máis que a ausencia de trastornos mentais. A saúde mental é un estado completo de benestar físico, mental e social, no que as persoas poden acadar os seus obxectivos e son capaces de facer fronte ao estrés da vida, a situacións que non lles son favorables e traballar de xeito proactivo para así contribuír ao seu benestar e ao da súa comunidade.

A saúde mental é unha materia de interese para todos, e non só para aqueles afectados por un trastorno mental; ten a suficiente importancia para que sexa un problema no que todos nos sintamos implicados, porque nos concirne a todos. Ademais, nestes momentos que nos toca vivir nunha pandemia cunha duración tan longa, con consecuencias imprevisibles en moitos ámbitos das nosas vidas e da que non se albisca un horizonte próximo de resolución, é importante valorar a pegada psicolóxica e social que a pandemia deixará na maioría da poboación. E a Consellería de Sanidade e o Goberno galego non son alleos a estes cambios, e estase traballando, estase traballando desde hai tempo de maneira coordinada e ordenada na elaboración deste Plan de saúde mental. Un plan, señora Prado, que está perfectamente adaptado á nova realidade que nos marca a pandemia que estamos a vivir.

Señorías, estamos a falar dun plan ambicioso, que ten noventa e oito proxectos dirixidos á prevención da aparición de problemas de saúde mental na poboación galega, ademais da implementación de melloras na asistencia sociosanitaria ás persoas que padecen un trastorno mental e aos seus familiares. Falamos dun plan comprometido coa sostibilidade do sistema sanitario, dotado cun orzamento de oitenta e tres millóns de euros e que ten como obxectivo incrementar o número de profesionais e de dispositivos asistenciais, así como o desenvolvemento de programas para a recuperación das persoas con trastornos mentais severos, e fomentar a investigación sobre estas patoloxías.

E xa entrando polo miúdo no que vostedes piden na súa PNL, hai que dicirlles en relación co incremento orzamentario, señora Prado, que, ademais de ler, hai que comprender. Os orzamentos da Xunta contemplan un orzamento moi superior ao que vostede fai referencia. Parece que non son capaces de comprender que a dotación de persoal, por exemplo, que recolle



o plan, loxicamente, aparece recollida no capítulo I, e non en epígrafes que fan directamente referencia ao plan. De feito, para este primeiro ano 2021, a previsión nos orzamentos da Xunta deste plan ascende a máis de doce millóns de euros, distribuídos loxicamente nos diferentes capítulos segundo o tipo de gasto. Ademais, o plan recolle a previsión orzamentaria para os vindeiros anos.

A respecto do punto dous, referido ás prazas de psicólogos clínicos, hai que dicirlle que recolle entre os seus principais obxectivos o de favorecer o acceso aos tratamentos en saúde mental coa finalidade de realizar unha intervención precoz e evitar a cronificación. Nese senso, prevé favorecer o desenvolvemento de programas de enlace para atender a depresión, unha das patoloxías da saúde mental máis prevalentes en atención primaria, e tamén a atención do dó e do trauma secundario, así como experiencias relacionadas coa pandemia da covid-19.

Para isto, este Plan de saúde mental prevé, en primeiro lugar, reforzar o persoal e o número de unidades de saúde mental na nosa comunidade: dúas na área de Vigo, outras dúas na área sanitaria da Coruña e unha na área de Santiago. O que se traduce coa incorporación de cinco psicólogos, dez psiquiatras, tres traballadores sociais e cinco enfermeiras.

E outra cousa, señora Prado: parece mentira que vostede non saiba que as unidades de saúde mental son xa un dispositivo básico sobre o que se asentan todas as accións de saúde mental, e os pacientes acceden a estas por derivación desde a atención primaria. Estas unidades contan —como todos deberíamos de saber— dun equipo multidisciplinar, que está integrado por psiquiatras, psicólogos clínicos, enfermeiras e traballadores sociais, ademais do persoal de xestión de servizos.

Ademais, a Xunta comprométese a desenvolver programas de promoción da saúde mental, prevención da enfermidade e educación sanitaria. E para isto é fundamental dotar cada área sanitaria dun programa de enlace entre a psicoloxía clínica e a atención primaria, coordinado por un psicólogo clínico, que vai actuar como consultor con atención primaria e terá entre as súas funcións o desenvolvemento dun programa baseado no modelo colaborativo de atención. Os psicólogos clínicos pasarán parte da súa xornada laboral en atención primaria, o que vai favorecer a comunicación entre os profesionais. É un programa que ten dúas vertentes: por unha banda, formativa e apoio técnico, con participación en sesións clínicas e interconsultas, e, por outra, tamén un labor asistencial, intervencións psicolóxicas de apoio e terapias grupais.

Outro aspecto adicional é a función de cribado de patoloxías, nas que unha intervención breve e precoz pode evitar a necesidade dunha intervención dende os dispositivos específicos de saúde mental. Con esta iniciativa, a nosa comunidade autónoma sumarase a outras do Estado nas que xa existen diferentes experiencias piloto co gallo de explorar modelos organizativos innovadores. Ao longo do presente ano vanse incorporar a este proxecto en concreto sete psicólogos clínicos, o que supón un orzamento ao longo da vixencia do plan de máis de tres millóns de euros.

Respecto do punto tres, que fala da creación de unidades hospitalarias de atención infanto-xuvenil, crearanse as suficientes que permitan atender a poboación. Por iso xa hai o com-



promiso de construír e poñer en marcha unha unidade de hospitalización infanto-xuvenil no Hospital Álvaro Cunqueiro, que se vai sumar á de Santiago. E a maiores, neste tema tan sensible e de tanta transcendencia, está prevista a creación en todas as áreas sanitarias dun hospital de día de saúde mental infanto-xuvenil que permita unha atención especial de alta intensidade, para así dar unha resposta máis intensiva e frecuente, que no posible minimize a necesidade de ingreso dos pacientes máis mozos.

E no último punto, señorías, este plan é un plan que foi revisado e no que se incorporou un apartado específico en relación coa covid-19. Ademais, elaborouse e foi enviado un documento sobre as secuelas na poboación provocadas pola covid á Comisión de reactivación. Púxose xa en marcha o Plan de apoio psicosocial a todo o persoal do Sergas, precisamente para poder atender as secuelas que a pandemia puido ocasionar nos profesionais do Servizo Galego de Saúde, aos que nunca lles agradeceremos suficientemente todo o esforzo profesional e persoal que puxeron e están poñendo no transcurso desta pandemia.

En resumo, señorías: traballo, esforzo e coordinación é o que está detrás da elaboración e do desenvolvemento deste Plan de saúde mental de Galicia.

O máis curioso de todo, señora Prado, é que esta iniciativa que agora estamos debatendo vostedes rexistrárona antes de coñecer o contido do plan. Pediron a comparecencia do director xeral para explicar o plan, e todos escoitamos o director xeral, quen explicou o plan polo miúdo na Comisión 5ª. Eu imaxino que entenderon o que explicou. Pero a vostedes dálles igual que a Xunta teña unha previsión, que a Xunta teña un plan cunha perfecta planificación, xa que vostedes piden o mesmo antes de presentalo que despois. Descúlpeme, pero isto, desde logo, parece pouco rigoroso.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señora Amigo.

(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

Polo grupo autor da proposición non de lei ten a palabra a señora Prado Cores.

A señora PRADO CORES: Grazas, presidente.

Eu, en primeiro lugar, quero agradecer a benvinda. Señor Torrado, efectivamente, vindo dun de Vilagarsía, ten bastante máis valor; ao igual que o expresado pola señora Amigo. E quero aproveitar para agradecer a todas as persoas que se interesaron polo meu estado de saúde, porque en momentos difíciles, a verdade, é que ese alento se agradece moito. Moitas grazas. *(Aplausos xeneralizados.)*

Agradezo ao Partido Socialista a intención de votar a favor desta iniciativa que presenta o BNG, e que no vindeiro pleno teremos oportunidade de volver sobre a cuestión.

Dende logo, eu lamento, e láméntoo profundamente, señora Amigo, señora deputada do Partido Popular, que de novo non asuman a realidade, que persistan en intentar crear ese



relato paralelo, esa realidade que só existe nos papeis e na publicidade que vostedes fan, pero non existe na realidade. ¡Non existe na realidade! E lamento que non asuman a dramática situación da saúde mental, que afecta miles de galegos e de galegas, as súas familias, os seus contornos e que non están a ter resposta. Non están a ter resposta, pero non están agora coa covid e non a tiñan xa antes.

E diante diso hai dúas opcións: rectificar, saber a magnitude de cal é o problema, e a partir de aí actuar e poñer recursos encima da mesa, que é do que trata a iniciativa que presenta o BNG. Unha iniciativa que demanda medidas e recursos para quitar a saúde mental do confinamento no que está, no que leva anos situada, porque é unha das grandes damnificadas dos recortes do Partido Popular, destes once anos de goberno do Partido Popular. A intención era poñela na axenda, por iso a cualifiquei dunha «iniciativa de mínimos».

E o BNG presentou esta iniciativa antes de que viñera o director xeral presentar o plan, que xa era coñecido, porque vostedes o anunciaron xusto uns días antes das eleccións ao Parlamento galego, en tempo de desconto, por un Goberno en funcións. Iso foi o que fixeron vostedes. E o director xeral veu facer o que fixo vostede hoxe aquí: simplemente dicilo, ler a introdución e catro cousas que están no plan. Non nos aportou absolutamente nada, non nos contestou ás preguntas, veu dicir algunhas cousas que era mellor que estivera calado, como dicir que non se poden facer plans a máis dunha lexislatura. Esa é a realidade, esa é a realidade para a que veñen vostedes, o Goberno, ao Parlamento, e o que fan vostedes despois.

Mire: non se solucionan os problemas dos traballadores e das traballadoras —por iso pedimos recursos— cun Plan de intervención psicosocial para o apoio ao persoal do Sergas. Os problemas que ten o persoal do Sergas son de precariedade, de falta de estabilidade, de rateos inaceptables, que fan que teñan que un facer o de tres no traballo. Eses son os grandes problemas que vostedes non queren solucionar, e queren lavarse a cara facendo que fagamos. Porque, ademais, un plan de intervención, non sabemos quen o vai facer, con que profesionais, se os mesmos profesionais que están atendendo a poboación en xeral, se a maiores teñen que facer isto. Hai que ser un pouco máis serios con algo tan grave como isto.

Vostede dixo aquí que están traballando na elaboración do plan. Supoño que se equivocou e que quere dicir na execución —digo eu—, porque eu sei que están traballando na elaboración, pero paréceme moi escandaloso que vostede o recoñeza aquí.

Vostedes poden dicir que nos orzamentos da Xunta do ano 2021 están no sei cantos millóns para saúde mental; claro, computando todo o persoal que xa había, computando as partidas que son para as entidades sen ánimo de lucro ou outras con ánimo de lucro, ás que vostedes lles externalizan a atención, pero non están partidas para que a Xunta asuma a envergadura do problema e se poña as pilas. E aínda que estiveran, estes doce millóns é a metade do que lles correspondería, señora deputada, é a metade do que correspondería deses oitenta e tres millóns de euros a catro anos.

Que vostede veña aquí dicirme que cun enlace entre a asistencia especializada e a atención primaria van resolver non sei cantos problemas é de risa. O que pide o BNG non é os equipos multidisciplinares nos hospitais, que son moi mellorables, senón que os haxa en atención



primaria, nos centros de saúde, e non os hai. Vostedes non teñen intención de poñelos e non teñen absolutamente ningunha escusa.

Igual que as unidades infanto-xuvenís. Está ben que veña volver prometelo. Xa lle dixen antes: a de Vigo levan sete anos prometéndoa, ¡sete anos! Non está o presidente do Parlamento, que el mesmo o anunciou e o prometeu varias veces, e ía ser unha realidade, estaba xa de camiño e estaba a punto de inaugurarse. O conselleiro Almuíña atreveuse a dicir que no 2008 está, púxolle data. Estamos en 2021, e vostede volve anunciálo. Eu creo que deberían ter un pouquiño máis de responsabilidade, e en vez de anunciar, facer un pouco o que estamos falando, de que cada vez hai máis problemas na poboación infanto-xuvenil.

Díxenllo antes: en Urxencias de Vigo, os profesionais —está en noticias de prensa—, teñen detectado un aumento triplicado dos suicidios que lle chegan por Urxencias, e o que é máis grave: un aumento da xente nova nesta situación. Iso tiña que ser unha alerta, xa que vostedes non teñen...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

A señora PRADO CORES: ...para poñerse as pilas e poñer recursos para solucionalo, que estamos falando é da vida das persoas, e vostedes nin sequera con iso.

Eu, de verdade que o lamento, de verdade que lamento que esteamos falando dun problema dunha envergadura enorme, e cando pase a pandemia, os que teñen dificultades estarán peor, e sumaránselles os novos e as novas damnificadas.

E no BNG, desde logo, non imos ser cómplices co noso silencio...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas.

A señora PRADO CORES: ...de que este tema non se aborde neste parlamento todas as veces que sexan necesarias, ata que vostedes caian do cabalo camiño de Damasco e se poñan as pilas para ter...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señora Prado.

A señora PRADO CORES: ...unha atención á saúde mental, cos recursos precisos e á altura da magnitude do problema.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Moitas grazas.

Pasamos á seguinte proposición non de lei.

Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D. Luis Manuel Álvarez Martínez e dous deputados/as máis, sobre o mantemento polo Goberno galego do



funcionamento do CEIP de Baamonde, no concello de Begonte, co desbotamento de calquera posibilidade de desafectar o centro

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): A esta proposición non de lei non se presentaron emendas.

Para formular a proposición non de lei ten a palabra o señor Álvarez Martínez.

O señor ÁLVAREZ MARTÍNEZ: Moitas grazas, señor presidente.

Señorías, isto non tiña que estar pasando; non tiñan que estar as nais e os pais dos alumnos do concello de Baamonde concentrados diante do Parlamento de Galicia, e este grupo parlamentario non tiña que traer esta iniciativa a este pleno. (*Aplausos.*) Esta é a realidade.

Como saben, porque xa foi obxecto dunha pregunta parlamentaria ao conselleiro de Cultura, Educación e Universidade, no concello de Begonte hai dous colexios en funcionamento, dous colexios públicos: o CEIP Virxe do Corpiño, en Begonte, que ten sesenta e cinco alumnos, e o CEIP de Baamonde, que ten trinta. E por parte do señor alcalde deste concello preténdese pechar o CEIP de Baamonde, trasladando o alumnado ao CEIP Virxe do Corpiño, coa finalidade de converter o CEIP de Baamonde nun conservatorio profesional de música, que dependería da Administración autonómica. Actuación que o señor alcalde aseguraba que tiña co apoio da Consellería de Cultura, Educación e Universidade.

Ademais, aseguraba —está aí a hemeroteca— que tiña o compromiso desa consellería para acometer actuacións en ambos os centros por valor de novecentos mil euros, para melloras no caso do CEIP Virxe do Corpiño e reformas necesarias no CEIP de Baamonde para a súa transformación en conservatorio. Hoxe sabemos que, efectivamente, hai fondos para a adecuación enerxética do CEIP Virxe do Corpiño, o cal nos parece perfecto.

O Pleno do Concello de Begonte aprobou unha iniciativa na que se inclúen os seguintes puntos: que se acorde solicitar da Consellería que se autorice a integración dos alumnos do actual CEIP do colexio de Baamonde no colexio Virxe do Corpiño, na capital do concello; que a mencionada consellería efectúe neste colexio as obras precisas, non só para esta integración, senón para dotar o centro das instalacións e dos servizos que permitan que este centro sexa unha referencia educativa —¡coidado!— para toda a comarca, tanto pola formación regrada como pola moi ampla oferta complementaria; que a Consellería transforme a actual Escola de Música «Músico Crisanto» en conservatorio profesional de música, con sede en Baamonde; que se desafecte o actual colexio de Baamonde da súa función educativa, mantendo as instalacións deportivas para a mesma función de promoción do deporte na localidade; que se efectúen obras no citado edificio para posibilitar que nel se instale o conservatorio profesional de música de Begonte; que polo departamento da Xunta de Galicia que corresponda se constrúa en Baamonde o auditorio Camiño de Santiago —xa de paso— como complemento imprescindible do conservatorio profesional de música e do mesmo Camiño Norte de Compostela, e, por último, que se faculte a Alcaldía para poder levar a cabo as xestións precisas para a conservación do indicado. ¡Como se o señor alcalde de Begonte necesitara que o Pleno o facultara para este tipo de cousas!



E o certo, señorías, é que nunha pregunta oral deste grupo parlamentario, no pleno celebrado o día 27 de xaneiro, o señor conselleiro recoñeceu que non había ningún dos compromisos, ningún. E apareceron os compromisos para as obras de eficiencia enerxética no CEIP Virxe do Corpiño. Polo tanto, prefiro pensar que apareceron os orzamentos para non deixar en evidencia o señor alcalde e que o conselleiro mentiu en sede parlamentaria hai pouco máis dun mes.

E á vista do anterior, evidentemente, atopámonos ante un caso único —en Galicia seguro, e creo que en España tamén, e posiblemente na parte que coñecemos do mundo civilizado— dun alcalde ou alcaldesa que quere pechar un colexio con máis de trinta alumnos; cando sabemos todos os que aquí estamos que, precisamente, é ao contrario, que o que se defende é o mantemento de centros funcionando con moito menos de trinta alumnos; péchanse cando teñen cinco. (*Aplausos.*) Pero aquí, en Begonte non, imos pechar ese colexio.

E en Galicia hai sete conservatorios que dependen da Consellería directamente, e hai vinte e sete que dependen de concellos; é dicir, polo tanto, son conservatorios municipais, e que supoñen unha carga extraordinariamente importante para os seus orzamentos.

Como dato: o Concello de Begonte ten para este ano 2021 un orzamento de 2.770.690 euros, dos cales 620.000 son para persoal, 430.000 para servizos de axuda no fogar e 1.566.000 para servizos públicos. Repito: 2.770.000 euros de orzamento. O Concello de Viveiro —e vou-lles pedir un favor a todos: non me crean, compróbeno, pois está o seu orzamento na súa páxina web— destina 1.084.000 euros para o funcionamento do conservatorio profesional de música municipal dese concello.

¿Como vai pagar o Concello de Begonte unha cantidade similar? Porque un conservatorio, señorías, non se monta como se fora unha escola municipal de música ou unha reunión de amigos, ten un profesorado necesario e ten unhas especialidades que ten que impartir obrigatoriamente, que figuran —como seguro que vostedes leron— na nosa iniciativa. Teñen que ter as especialidades de piano, de canto e, polo menos, as especialidades instrumentais de corda e vento, que constitúen o persoal dunha orquestra de cámara.

En resumo, señorías: parécenos que acceder á petición do Concello de Begonte de pechar o CEIP de Baamonde é un despropósito e que ningunha desas actuacións que se pretenden ten o máis mínimo soporte racional, nin organizativo, nin económico por parte da Consellería de Cultura, Educación e Universidade.

Pero a cousa non acaba aí, a cousa dá máis de si. Nun xornal independente da Terra Chá aparece o día 4 de marzo de 2021 publicada esta nova (*O señor Álvarez Martínez amósalle á Cámara unha fotocopia dunha páxina dun periódico.*) —non é que ampliase a letra, imprimiuna así a impresora, senón ampliaríaa para facilitarlles a lectura a todos vostedes—: «Músico Crisanto anuncia as súas novas dotacións en Baamonde». E di —porque está entrecomiñado e confiando na profesionalidade, que algunhas veces se pon en cuestión dalgún medio público que isto corresponde ao que dixeron— que «este colectivo asume con inquebrantable tesón o reto de contribuír con cultura e revitalización á harmonización do noso rural, esencialmente arredor da formación e actividades musicais». «¡Inquebrantable tesón!», soa épico, ¿eh? (*Aplausos.*)



Pero non acaba aí a cousa, porque din: «Coñecedores da dificultade de xestionar todas as necesidades da sociedade nunha coherente planificación, valórase a concienciada análise e posta en valor exhibidas polas diferentes administracións actuantes en cada trámite relacionado co transcendental proxecto da escola-conservatorio planificado para Baamonde». ¡Isto xa parece un cantar de xesta!, de verdade. Parece estar exaltando as virtudes que deben ser un modelo para o pobo. Tamén —e é unha valoración persoal— bordea o histrionismo.

Pero, ben, chámame a atención a figura neolegal que se inventa esta asociación para falar de «escola-conservatorio». Miren: ou é unha cousa ou é outra. Isto non é como en física cuántica, na dualidade onda-corpúsculo, que hai partículas que ás veces se comportan como onda e outras veces como partículas. Ou é unha escola, ou é un conservatorio.

E por parte das nais e dos pais, estes téñense dirixido á Xefatura Territorial de Lugo, porque, por se todo o anterior non fose suficiente, resulta que si se está vetando o dereito a presentar a solicitude de admisión para nenos de educación infantil, nenos e nenas, no colexio de Baamonde. Señores do Partido Popular: ¡por Deus bendito!, ¡a sacrosanta liberdade de elección de centro! ¿Que liberdade de elección de centro teñen estas nais e pais se lles din que non poden recibir a solicitude? Isto é unha barbaridade desde o punto de vista ata legal, porque o colexio de Baamonde non está pechado, non está suprimido, existe. Polo tanto, ninguén lles pode vetar a ningunha nai e ningún pai o dereito a solicitaren praza nese centro, salvo que fagamos bo aquilo de: *trágala*, porque eu ordeno, mando e fago saber.

Isto non funciona así nun estado de dereito medianamente serio. E ata o caso de Begonte eu pensaba que, polo menos, desde o punto de vista educativo, Galicia o era, e non se pode permitir este tipo de actuacións; isto é absolutamente inasumible.

E o que queren as nais e os pais que están concentrados diante deste parlamento é que se lles garanta ese dereito, porque o teñen, e ter que pedir na Galicia do ano 2021 que se lle garante a un cidadán o exercicio dun dereito non é que bordee o lamentable, é que é lamentable dúas veces por fóra. (*Aplausos.*)

E isto, señoras e señores deputados, temos que paralo, e temos que aprobar esta proposición non de lei para que isto non siga adiante, que non se desafecte este colexio, que non sexa por unha decisión dun alcalde que se organice a rede centros. Polo tanto, espero ter convencido as súas señorías de que é necesario que mañá cando se vote esta proposición non de lei saia adiante por unanimidade.

Nada máis polo momento e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señor Álvarez.

(*Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.*)

En nome do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego ten a palabra o señor Lourenzo Sobral.



O señor LORENZO SOBRAL: Moitas grazas, presidente.

Había de ser hoxe un veciño de Baamonde, precisamente o deputado do BNG Mini Rivas, quen fixase a posición desta proposición non de lei, mais —como saben— unha corentena sobrevida non lle permitiu estar hoxe aquí. Sexa como for, onte mesmo, el transmitiume que lle trasladase o seu afecto a toda a veciñanza de Baamonde, especialmente a toda a veciñanza de Baamonde que nos está a ver, que asistiu hoxe nesa caravana de coches a este parlamento, e que lles transmitise que son un orgullo de veciñanza, que son un exemplo de dignidade na defensa do ensino público, na defensa do ensino rural e na defensa dun rural vivo e con futuro. (*Aplausos.*)

Polo tanto, como non pode ser doutro xeito, vaia por diante o noso apoio a esta iniciativa do PSdeG e o noso ánimo, o noso alento e os nosos folgos a esta veciñanza que se está a afrontar a unha situación tremendamente difícil de entender en termos de racionalidade política, imposible de entender en termos de racionalidade —digamos— administrativa e xa absolutamente estrambótica se temos que analizala en termos de política municipal. Así se trasladaba na propia iniciativa, pois é un absoluto sensentido, algo que non acontece en ningún concello do mundo, nin —vou un pouquiño máis alá, señor Álvarez— da galaxia, que haxa un alcalde dun concello do rural que estea propoñendo que se peche unha escola no rural. Mais unha escola que nin sequera cumpre con esas casuísticas que en tantas ocasións alega o Partido Popular para clausurar esas escolas.

Se imos a unha análise da situación —non vou determe moito porque xa o señor Álvarez o sinalou antes—, o colexio de Baamonde, ata a última década, estaba recibindo unha poboación escolar moi similar á que se estaba a escolarizar no propio colexio Virxe do Corpiño de Begonte. E facíao porque, dada a situación xeográfica que tiña este centro, escolarizaba tamén alumnos de Bóveda e Pacios, de Begonte; de Soexo, en Vilalba; de Pígara, en Guitiriz. De tal maneira que os datos de matrícula —que xa se adiantaron antes— son na actualidade de aproximadamente trinta cativos hoxe por hoxe en Baamonde, e de entre sesenta e setenta en Begonte; mais esta diferenza é algo que se vén producindo nos últimos anos. Pero por ir un pouquiño xa ao máis recente, é que o ano pasado no colexio CEIP Virxe do Corpiño había corenta e sete alumnos matriculados. Foi neste curso cando se incorporaron vinte alumnos máis, tal como traslada a comunidade educativa, quizais obedecendo a intereses que tristemente a posteriori se están a demostrar.

Mais o que xa é froito do delirio, e tal e como se expresa na propia iniciativa do Partido Popular, é a proposta que o alcalde levou ao Pleno: o peche do colexio de Baamonde, sen ningún tipo de consenso coa comunidade educativa, e na que pide nin máis nin menos, nun acto de megalomanía absolutamente irresponsábel, a construción dun conservatorio profesional de música con sede en Baamonde.

E a min, antes de pasar a facer unha análise dos propios datos e do propio papel da Consellería de Educación, o que si me gustaría é que explicase, que clarificase o Partido Popular en cal destas dúas opcións nos atopamos:

Se a opción na que nos atopamos é que a Consellería de Educación vai asumir a construción dun conservatorio profesional de música neste centro. Polo tanto, eu agardo que o señor



Rodeiro, se el vai ser o que defenda a súa posición, pois nos clarifique tamén como era que non había capacidade orzamentaria, por exemplo, para a construción do conservatorio de danza, ou para ampliar estudos en tantos outros conservatorios, e que agora si o haxa. En todo caso, parece unha incoherencia.

E a segunda opción é que este sexa un conservatorio de xestión municipal. Eu non vou entrar a valorar se en Baamonde é unha necesidade urxente e imperiosa a construción dun conservatorio profesional de música. Pero, dende logo, se esta é a opción que se está a valorar, o que vai ser unha necesidade imperiosa vai ser unha unidade de reanimación para os interventores municipais cando vexan a RPT que se lle vén no orzamento do vindeiro ano.

Dende logo, é un delirio absolutamente inasumíbel, e que se levou adiante cunha cerimonia de confusión, que eu quero traer aquí tal cal nolo trasladan os representantes da comunidade educativa, porque eu creo que merece unha explicación por parte do grupo que sostén o Goberno.

Primeiro comunicado ao respecto que establece a Xefatura Territorial de Educación de Lugo, no que se sinala literalmente: «Non hai ningunha intención de promover unha iniciativa no concello de Begonte para eliminar o colexio de Baamonde.»

Segunda comunicación da Delegación Territorial, na que se expresa —esta foi vía telefónica— que «se descoñece esta medida» —que estaba a propoñer o alcalde— «e que a súa intención, en todo caso, non é pechar o colexio».

Ante tal afirmación, tempo despois, o día 18, ponse en comunicación da Xefatura Territorial de Lugo novamente esta aclaración, e non se lle dá resposta. E ante o silencio administrativo, vólvese chamar por teléfono e o que se di é que se dá o visto bo ao peche do colexio, pero —e iso si que é para quedar *patidifuso*— que todo depende do alcalde, e que polo tanto a comunidade educativa debería reunirse co alcalde para que lles aclare a cuestión do peche do colexio. ¡Isto xa non é cuestión de galaxias, isto é cuestión de universos! Isto si que non se mirou en ningún outro contexto que sexa un alcalde o que determine que se pechan centros que son competencia da Xunta de Galiza.

Pero fíxense que ante esta situación se incide novamente coas respostas e coas preguntas, neste caso a Inspección Educativa da Delegación Territorial de Lugo, que nun primeiro momento desmente o que acababa de dicir a Xefatura Territorial, e di que non está previsto facer unificación ou eliminación de centros en canto a ámbito autonómico, ao ser unha cuestión doutras xefaturas territoriais. Preguntando se ten algunha notificación ou proposta por parte do Concello de Begonte, o que se di é que non hai comunicación nin proposta e que o propio concello tampouco ditou esa desafección.

E, xa finalmente, outra das cuestións que responde é que a Xefatura Territorial de Cultura, Educación e Universidade de Lugo non ten intención ningunha de promover unha iniciativa do Concello de Begonte.

Eu non sei se son capaces de seguir a secuencia dos feitos, pero, en todo caso, o que soa é a que se están rindo na cara da veciñanza de Baamonde e que están insultando dunha maneira



absolutamente impúdica ás persoas que están preocupadas pola educación e polo futuro dos seus fillos.

E vistas estas respostas contraditorias: primeiro non, despois si, agora de novo non, despois novamente si, despois talvez, poñen este escrito en coñecemento do conselleiro de Educación e de Cultura, quen, sorprendentemente, aínda no día de hoxe non deu resposta.

Eu creo que a resposta que si debe dar hoxe o grupo que sostén o Goberno, que adiantaba o señor Álvarez, é como é posíbel que un centro que estea activo, un centro que non foi suprimido estea negando a matrícula ás familias de Baamonde que queren matricular alí os seus fillos. Os veciños de Baamonde que están alí fóra exixen unha explicación de por que se están inculcando os seus dereitos e se está cometendo unha fraude de lei. Creo que lle corresponde ao Partido Popular aclarar todas estas cuestións, porque o problema xa non é só que se estea atacando o ensino rural, xa non é só que se estean atacando os dereitos destas familias, senón que, ademais, se está facendo a través dunha cerimonia da confusión, con aleivosía, con nocturnidade, e por parte do alcalde temos que sinalar que, ao noso xuízo, dun xeito politicamente *raposeiro*.

Vaia por diante —e remato, presidente— todo o noso apoio a esta iniciativa, todo o noso apoio e todo o noso ánimo tamén á comunidade educativa de Baamonde. Estamos con vós: ¡Baamonde non se pecha!

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señor Lourenzo.

(*Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.*)

Polo Grupo Parlamentario Popular de Galicia ten a palabra o señor Rodeiro Tato.

O señor RODEIRO TATO: Moitas grazas, señor presidente.

Señorías, moi boa tarde de novo nesta última proposición non de lei que imos debater nesta tarde.

A verdade é que foi grandilocuente a intervención do señor portavoz do BNG, sobre todo cando facía referencia a que en ningún sitio do mundo, nin tan sequera en ningunha galaxia, se pechaba un colexio, e vostede no debate dos orzamentos incluso plantexaba pechar o colexio do seu *pobo*, que era concertado, e dicía que había que pechar os colexios concertados. Polo tanto, en fin, cada un di na feira como lle vai. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*)

A min o que si me gustaría era expoñer o noso posicionamento, o posicionamento deste grupo, e explicar dalgunha maneira a proposta que fai o Concello de Begonte, que propón unha reorganización do alumnado dun centro a outro dentro do mesmo termo municipal e tamén un cambio de usos dun edificio como espazo de formación musical.

Esta proposta supón unha aposta para mellorar a prestación do servizo, evitando os agrupamentos de alumnos de diferentes idades nunha mesma aula. A integración resultaría pois



beneficiosa para o alumnado, evitando deste xeito constituír grupos mixtos, o que redundará no mellor funcionamento do centro, compatibilizando a racionalización da oferta educativa e o uso eficiente dos recursos coa calidade do ensino.

A Xunta de Galicia fará un investimento público en materia educativa, o máis importante dos últimos anos no concello de Begonte, cunha aportación de seiscentos mil euros para a rehabilitación integral do CEIP Virxe do Corpiño.

A verdade é que a oposición nesta cámara tamén tería que revisar os seus actos en canto a centros educativos e á supresión de ciclos da ESO e centros de primaria durante o Bipartito. Cando suprimía... (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) si, si, cando suprimía ciclos da ESO e obrigaba os escolares a percorrer ata trinta e oito quilómetros de distancia, trasladando os alumnos e alumnas a máis distancia e incluso a outros concellos. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) (*Murmurios.*)

O concello de Begonte —como todos saben— conta cunha poboación aproximada de tres mil habitantes. Como se expuxo aquí —e expúxoo o señor Álvarez—, o CEIP de Baamonde ten creadas tres unidades que funcionan como grupos mixtos. É dicir, unha unidade con nenos de 3, 4 e 5 anos, e dúas unidades de educación primaria; unha delas con nenos de primeiro, segundo e terceiro de primaria na mesma aula, e a outra unidade con nenos de cuarto, quinto e sexto de primaria nunha mesma aula. Polo tanto, nove alumnos de educación infantil, vinte e un de educación primaria; un total de trinta alumnos —como aquí se dixo—. E o outro centro da Virxe do Corpiño ten creadas e funcionando dúas unidades de educación infantil e tres de educación primaria, con vinte e un alumnos de infantil e corenta e catro de primaria; un total de sesenta e cinco alumnos, que dispón tamén de seis mestres e dun servizo de transporte integrado e de comedor.

A proposta que traslada o Concello de Begonte de reorganización das dúas escolas de infantil e primaria é unha proposta feita no marco das competencias municipais, xa que o Concello é o titular destes dous colexios. Unha proposta democrática —quero recordalo—, acordada no Pleno municipal por maioría absoluta e que os representantes desta cámara, polo menos, debemos tela en consideración. Nós respectámola como corresponde en democracia.

Tamén a respectaban e a compartían os dous concelleiros do Partido Socialista, que no primeiro momento dixeron que apoiaban esta medida. (*Murmurios.*) E non sei que pasou despois de pasar o señor Caballero por alí. Parece que, como había que levarlle a contraria á Xunta, desautorizou nese primeiro momento os concelleiros do Partido Socialista. Polo tanto, como toda proposta debe ser estudada, analizada e, evidentemente, con criterios educativos e pedagóxicos por parte da Consellería.

E a proposta da unión de ambos os centros, coa integración do alumnado procedente do centro de Baamonde no da Virxe do Corpiño, unha vez analizada, enténdese positiva para o interese do alumnado deste municipio lucense. A viabilidade e a oportunidade respecto da integración do alumnado de Baamonde no Virxe do Corpiño vén avalada tamén polo informe da Inspección Educativa.



Polo tanto, se temos en conta os datos de todos os alumnos dos dous centros, poderíase conformar un centro cun curso por cada aula. É dicir, unha aula para cuarto de educación infantil, con dez alumnos; unha aula para quinto de educación infantil, con doce alumnos; unha aula de sexto de educación infantil, con oito alumnos; unha aula de primeiro de primaria, con sete alumnos; segundo de primaria, con nove alumnos; terceiro de primaria, con sete alumnos; cuarto de primaria, con catorce alumnos; quinto de primaria, con doce alumnos, e sexto de primaria, con dezaseis alumnos. Un total de noventa e cinco alumnos.

A verdade é que as ratios resultantes de cada aula —como podemos comprobar— son e están moi por debaixo do incluso hoxe demandado aquí por algún partido. Deste xeito, cada alumno estaría no seu curso correspondente, o que favorece o desenvolvemento curricular de cada curso, evitando agrupamentos de alumnos de diferentes idades nunha mesma aula e mantendo todo o alumnado no propio concello.

A reorganización dos dous centros implicaría un reforzo do actual número de docentes e con máis oportunidades de acceso a máis programas educativos.

En definitiva, esta integración parécenos beneficiosa para o alumnado, evitando deste xeito constituír —como dicíamos— os grupos mixtos, o que redundará nun mellor funcionamento. E, ademais, o centro recibirá un investimento moi importante de seiscentos mil euros para executar un completo plan de rehabilitación enerxética integral, o que o fai un centro moito máis comfortable para ser utilizado para toda a totalidade da comunidade educativa de Begonte. Polo tanto, a reorganización permitirá deixar para outros usos —como pide o alcalde— unhas instalacións situadas na parroquia de Baamonde coa correspondente desafección —como di o alcalde— e poder utilizalo como escola de música, mantendo tamén un fin educativo e, dende logo, inspirado nesa Escola de Música «Músico Crisanto», que creo que ten percorrido unha longa traxectoria.

Polo tanto, non hai un ataque ao rural; hai unha aposta por mellorar as prestacións, evitando agrupamentos de alumnos de diferentes idades en aulas mixtas e organizándoos todos nun único centro de educación infantil e primaria, por niveis educativos e acordes coas súas correspondentes idades.

É importante oír as críticas preventivas de peche dun centro educativo, pero tamén escoitar a oportunidade de mellora da calidade educativa que suporía esta reorganización. E tamén creo que convén facer memoria e convén facer historia sobre todo por esta provincia, para facer valoracións equilibradas entre cando se goberna e cando se está na oposición. O que vostedes critican como peche é unha reorganización dun edificio que vai ter unha actividade educativa e musical.

E a verdade é que pregunto: vostedes, o Partido Socialista e o Bloque Nacionalista Galego, que falan da aposta polo rural —diciallelo ao principio—, ¿é apostar polo rural cerrar ciclos en centros de educación infantil e primaria, obrigando os escolares a percorreren ata trinta e oito quilómetros de distancia? E ademais non o digo eu, (*O señor Rodeiro Tato amósalle á Cámara unha fotocopia impresa en cor.*) é dicir, 23 de abril de 2008: «Supresión de ciclos. Escolares obrigados a recorrer hasta 30 quilómetros. 129 alumnos de la provincia Lugo que tendrían que desplazarse en al-



gunos casos hasta 38 kilómetros, como en las parroquias de Portomarín». Polo tanto, efectivamente, é moi fácil dicir unha cousa cando se goberna e dicir a contraria cando se está na oposición.

Nós apostamos polo rural. Vai ter un centro rehabilitado con seiscentos mil euros para noventa e cinco alumnos; un centro máis moderno, mellor dotado, eficiente a nivel enerxético e comfortable para todo o alumnado, e vai ter desdoblados todos os cursos, ter unhas ratios das máis baixas da nosa contorna.

Polo tanto —dise tamén na propia proposición non de lei, e recordouno o señor Álvarez—, creo que nos atopamos ante un caso único, inédito en Galicia e probablemente en España dun alcalde que quere pechar un colexio con máis de trinta alumnos. Pois si, si que hai un alcalde que quere tirar unha escola infantil por sorpresa, sen alternativa, sen ningunha planificación e pondo os nenos na rúa e botando a culpa aos demais. E ese é un alcalde do Partido Socialista, que se chama Abel Caballero. (*Murmurios.*)

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señor Rodeiro.

(*Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.*)

Polo grupo autor da proposición non de lei ten a palabra o señor Álvarez Martínez.

O señor ÁLVAREZ MARTÍNEZ: Grazas de novo, señor presidente.

Antes de nada quero agradecer o anunciado voto favorable do Bloque Nacionalista Galego a esta iniciativa. Tamén desexo que o señor Rivas Cruz, Mini, se recupere ou se reincorpore —mellor dito, con máis precisión— canto antes a este parlamento.

Señor Rodeiro, mire que é difícil deixarme sen palabras. (*Risos.*) Recoñezoo. Non é que teña unha tendencia á locuacidade desmesurada, pero a súa intervención déixame con pouca marxe para dicir: dixo algo sensato. Podemos chegar a algún acordo co que dixo, pero parafraseando a Federico Trillo, na súa calidade de presidente do Congreso dos Deputados, despois de oílo, [*¡manda huevos!*] (*Expresión retirada do Diario de Sesións polo autor da proposición non de lei ao abeiro do artigo 106.3 do Regulamento.*) (*Risos.*) (*Aplausos.*) Señor Rodeiro, ¡home!, ¡por favor!, non pode vostede vir aquí defender como unha mellora da calidade educativa o feito de que os alumnos non estean agrupados, porque iso nega a maior, sempre.

¿Cantos centros hai por Galicia adiante que teñen aulas agrupadas? ¿Quere vostede que lle ceda o turno de palabra e vir aquí e dicir que teñen unha mala calidade de ensino? ¡Por favor!, a realidade é a que é. Foi o seu argumento.

E a súa intervención non foi en espiral, diso que vai un pasando sucesivamente polo mesmo argumento pero ampliando pouco a pouco o que vai dicindo. Non, foi cíclica. ¡Dixo o mesmo seis veces! Falou catro veces dos agrupamentos de alumnos, falou catro veces dos seiscentos mil euros e da eficiencia enerxética do CEIP Virxe do Corpiño —co que eu dixen que estaba—



mos de acordo—, ¡oxalá o fixeran en todos os centros! E non por instancia dun alcalde ou en plan *Salvar o soldado Ryan*, do que dixo e onde se meteu. Pero, de verdade, ¿quere dicir vostede que as propostas municipais sempre se aproban neste parlamento? Centos de iniciativas, tanto do Partido Socialista de Galicia como do Bloque Nacionalista Galego, aprobadas en plenos municipais, son votadas por vostedes en contra. (*Aplausos.*) Señor Rodeiro, isto debera ser un debate un pouco máis serio.

O que expuxo o señor Lourenzo —que eu por cortesía á miña procedencia non quixen falar, pero xa que o dixo el vou enganchar eu co argumento— de que non é admisible nun estado moderno, nunha comunidade autónoma moderna, nunha administración moderna que desde un servizo, ben da Inspección Educativa, ben dunha xefatura territorial que ten competencias na provincia en materia de educación, se diga respondendo aos pais que hai que falar co alcalde. Pero ¿isto que é? ¡*El Estado soy yo!* ¡*El Rey Sol de Begonte!* (*Aplausos.*) ¡Home!, de verdade, isto raia o absurdo —como dixen antes— pero dúas veces por fóra. Isto é inadmisibile, de verdade, ¡home! Digan que si, que se tomou a decisión, que se vai pechar porque ten a capacidade de pechar porque a lei lle outorga a capacidade organizativa. Iso non o vou cuestionar. Se deciden pechar, pecharán. Pero non lle digan á xente que fale co alcalde. ¡Isto non pode ser!, ¡isto non é serio!

A xente de Begonte, a xente de Baamonde, as nais e os pais que queren escolarizar os seus fillos no CEIP de Baamonde non merecen este trato, non merecen que se lles ningunee, non merecen que non se cumpra a propia normativa da Consellería de Educación, non merecen que se peche un centro pola vía dos feitos sen ter feito regulamentariamente o proceso para clausurar o centro. ¡Non o merecen!

Señor Rodeiro, con respecto ao tema do señor Caballero, o alcalde de Vigo, co que vostedes teñen unha obsesión, que eu entendo, (*Risos.*) (*Aplausos.*) xa falará mañá a miña compañeira Isaura Abelairas. (*Aplausos.*) Non se preocupe, haberá tempo para falar da Escola de Educación Infantil de Santa Marta.

Pero vou facer unha adaptación dunha película para min recomendable, que é *Tempo de matar* —se vostedes teñen interese de vela, se non a viron xa—. Vou facerlles unha proposta: cando mañá vaian darlle ao botón, pechen os ollos; imaxinen un concello cun colexio de trinta alumnos, imaxinen que un alcalde quere pechar ese colexio, imaxinen que o alcalde ten un proxecto sen ningún sentido, imaxinen que o alcalde conta coa complicidade do Goberno autonómico, e antes de darlle ao botón, abran os ollos e pensen que farían se o alcalde fora do PSdG.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señor Álvarez.

Señor Álvarez, retiramos, ¿verdade?, o de [*«manda huevos»*]. Xa o retiramos, non fai falta ser tan explícito. (*Murmurios.*) (*O señor Álvarez Martínez pronuncia palabras que non se perciben camiño do seu escano.*) Non, non. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) A ver... (*O señor Álvarez Martínez pronuncia palabras que non se perciben.*)



O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Eu pídolle... (*Murmurios.*) ¡Home!...

O señor ÁLVAREZ MARTÍNEZ: ...Eu, antes de que me chamen á orde, prefiro retiralo...


O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Eu xa sei que foi froito de tal e que non ten maior historia. Pero, claro, se deixamos pasar algunhas, despois temos comparación complicada con outros casos. (*O señor Álvarez Martínez palabras que non se perciben.*) Por favor. Grazas. Eu xa sabía ao que se refería.

Suspendemos a sesión ata mañá ás dez da mañá.

Moitas grazas.

Suspéndese a sesión ás sete e trinta e tres minutos do serán.





PARLAMENTO
DE GALICIA

DIARIO DE SESIÓN DO **PARLAMENTO DE GALICIA**

Edición e subscricións:
Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia.
Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela.
Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25

CSV: BOPGDSPGDCeYw4qsb5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>

